3 DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

3.1. Estrutura produtiva

3.2. Dinámica empresarial

3.3. Sector exterior


3.1. Estrutura produtiva


O presente apartado ten como obxectivo presentar unha fotografía da estrutura produtiva galega e da evolución e comportamento dos actores que a integran ao longo do ano 2024. Tal e como se sinala no capítulo 1, o contexto económico ven marcado por un elevado grao de incerteza a nivel global derivado da "complexidade e vulnerabilidade do momento actual". A economía mundial mantén unha moderación no seu ritmo de crecemento ao medrar un 3,3% respecto ao ano anterior, o que supón dúas décimas menos que en 2023. Das tres economías máis importantes -China, Estados Unidos e a zona euro- tan só a zona euro presenta taxas de crecemento interanuais superiores ás do ano anterior, cun 0,9%, medio punto máis que no ano precedente; situándose a medra estimada en China no 5% e a de Estados Unidos do 2,8% (5,4% e 2,9% en 2023).

Neste contexto, a revisión estatística 2024 das operacións do sistema de contas económicas de Galicia reflicte que a economía galega presenta un importante dinamismo no seu ritmo de crecemento, rexistrando unha medra interanual do 2,8%, seis décimas por riba do estimado no ano precedente. Con todo, este crecemento do PIB segue a ser inferior ao estimado no conxunto do Estado. Tal e como amosan as contas económicas trimestrais (IGE), o comportamento foi desigual entre os distintos sectores. Entre os aspectos positivos cómpre resaltar o importante dinamismo da construción, cunha medra interanual do 4,1%, dous puntos e medio por riba do estimado no ano precedente, e do sector servizos, cun incremento do 3,3%, seis décimas máis que en 2023. Fronte a este crecemento, o sector primario presenta por terceiro ano consecutivo unha contracción da súa actividade, cunha caída do 1% (-1,8% en 2023). Por último, o sector industrial medra un 2,5%, dúas décimas menos que no ano anterior, a pesar do significativo crecemento da actividade manufactureira, cun incremento do 3,8%, tres puntos máis que no ano anterior.

PIB e emprego 2023-24: distribución segundo sectores económicos

	PIB (1)		Emprego (2)	
	2024	2023	2024	2023
	(taxas de variación interanuais)			
Total	**2,8**	**2,2**	**1,2**	**2,0**
Ramas Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	-1,0	-1,8	-0,3	0,6
Ramas industriais	2,5	2,7	0,9	2,0
Construción	4,1	1,6	0,5	2,6
Servizos	3,3	2,7	1,5	2,0
Impostos netos sobre os produtos	-0,3	0,0		






(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 5-3-2025)
(2) postos de traballo equivalentes a tempo completo
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.1.

Segundo os datos das Contas económicas trimestrais do IGE, no ano 2024 o sector servizos xeraba o 65,5% do PIB galego, en tanto que o sector industrial supuña o 16% do PIB (11,4% a industria manufactureira) e a construción e o sector primario, o 6,1% e o 3,8% do PIB, respectivamente. O 8,6% restante corresponde aos impostos netos sobre os produtos. Comparado cos datos do ano 2019 cómpre mencionar o incremento do peso relativo do sector servizos (63,1% do PIB nese ano), reducíndose o peso do sector primario e da cons-

Especialicación produtiva por comarca. Ano 2020



Fonte: IGE, Producto interior bruto municipal.


MAPA 1.

trución nun punto porcentual (4,8% e 7,1%, respectivamente). O peso relativo da industria aumenta lixeiramente no seu conxunto (tres décimas entre os dous anos considerados) a pesar da caída experimentada pola industria manufactureira (11,6% do PIB en 2019).

A pesar do devandito maior dinamismo do PIB, os catro indicadores de ocupación presentan no último ano unha ralentización no seu ritmo de crecemento. En concreto, a poboación ocupada estimada pola EPA medra un 1,4% respecto ao ano anterior, o que supón nove décimas menos que o estimado en 2023; en tanto que as contas económicas reflicten unha medra dos postos de traballo equivalente a tempo completo do 1,2% e do 0,7% no de horas traballadas (2% e 1,3% no ano anterior, respectivamente). Asemade, o número de afiliacións medra un 1,7%, tan só unha décima por baixo do rexistrado en 2023.

Neste capítulo analízase a estrutura produtiva galega, presentando os datos máis representativos da evolución de cada sector económico e das actividades que os integran, dende un punto de vista da actividade económica así como do emprego. Previo a analizar cada sector económico, preséntase un mapa onde se reflicte a importancia relativa das comarcas galegas en cada un dos sectores. ❑

Distribución porcentual do VEB do sector primario por comarcas. 2020



Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir do IGE.

MAPA 2.


Sector primario

Por terceiro ano consecutivo o valor engadido bruto en termos reais das ramas agraria e pesqueira presenta unha contracción interanual da súa actividade. En concreto, tras unha caída do 1,8% en 2023, no último ano o VEB do sector primario descende un 1%. En termos nominais, o valor engadido bruto xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) medra un 0,1% respecto ao ano anterior acadando os 3.098,3 millóns de euros, reducíndose o seu peso relativo no PIB galego ata o 3,8% (2,5% no conxunto do Estado).

Tras o devandito descenso da actividade económica, as contas económicas reflicten unha caída tanto dos postos de traballo equivalente a tempo completo (0,3%) como en maior medida do número de postos de traballo (0,9%), e sobre todo das horas traballadas, que se reducen un 1,8% respecto ao ano anterior. Tras esta evolución o sector primario concentra o 6,4% dos postos de traballo equivalente en Galicia (68.526 postos de traballo) e o 7,7% do número de horas, cando no ano 2019 estas porcentaxes ascendían a 6,8% e 8,5%, respectivamente. Doutra banda, a Enquisa de Poboación Activa reflicte un descenso da poboación ocupada no conxunto do sector primario (agricultura, gandería, caza e silvicultura, pesca e acuicultura), que acolle un total de 72.600 persoas no ano 2024, o que supón un 2% menos que no ano anterior (1.500 persoas). A devandita caída estimada de emprego prodúcese tanto no sector agrogandeiro e forestal como no pesqueiro, sendo máis intensa na actividade pesqueira, cunha caída do 3,6% (700 persoas ocupadas menos), descendendo un 1,5% a ocupación na rama agraria (400 persoas menos). Fronte ao descenso estimado no ano anterior, o número de horas traballadas aumenta tanto no ámbito agrario como pesqueiro, cunha medra do 1,6% e 5,4%, respectivamente.

A produtividade do factor traballo por hora efectiva no sector primario en Galicia aumenta en 2024 ata os 20,94 euros (20,55

VEB e emprego no sector primario (1) (2)




(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 5-3-2025)
(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.2.

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2023. Sector primario.



Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia*

3.1.3.

Indicadores derivados para o sector primario.

	2000	2008	2013	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Capacidade de crear valor (VEB/Produción) *(%)*											
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	55,8	53,9	49,1	51,1	52,8	51,3	49,7	50,9	46,3	46,0	43,3
Total economía	47,5	44,9	47,1	47,5	48,3	46,9	47,3	47,4	46,8	45,9	44,2
Remuneración de asalariados/VEB (PIB para o total da economía) *(%)*											
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	22,9	21,6	22,1	21,6	22,4	23,1	23,1	21,1	21,2	22,3	23,7
Total economía	45,9	46,5	45,9	44,7	44,1	44,0	44,0	45,5	47,7	45,2	44,2
Ratio de asalarización (Postos de traballo asalariados/Postos de traballo) *(%)*											
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	16,4	27,9	32,4	38,9	37,8	36,9	41,2	40,1	38,3	42,7	44,4
Total economía	75,6	82,8	82,5	83,6	83,7	84,0	84,4	84,3	84,8	84,3	84,6
Produtividade aparente do traballo por hora efectiva *(euros)*											
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	5,2	12,3	14,2	17,8	16,8	15,5	16,3	18,0	16,6	17,6	19,6
Total economía	16,8	25,4	27,5	29,2	29,9	30,4	31,9	32,1	33,6	35,2	38,2
Remuneración por hora efectiva asalariada *(euros)*											
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	7,1	11,5	10,6	10,8	11,1	10,9	10,0	10,5	10,4	10,1	11,3
Total economía	10,8	14,9	16,0	16,3	16,5	16,6	17,3	18,0	19,6	19,5	20,6

Nota: Revisión Estadística 2024. Os datos do 2022 son provisionais

Fonte: IGE. *Contas Económicas de Galicia* .

3.1.4.

euros no ano anterior e 18,01 en 2019) derivado dunha medra do VEB en termos correntes e un descenso do número de horas traballadas (1,8%). A produtividade no sector primario é notablemente inferior á do conxunto da economía galega (42,71 euros) aumentando o diferencial con respecto á media galega, que no último ano é de 21,77 euros, o valor máis elevado dende o ano 2019 (14,12 euros).

As contas económicas anuais de Galicia proporcionan indicadores derivados con información sectorial detallada. Dunha banda, a capacidade para crear valor (VEB/produción), definida como as unidades de valor engadido xeradas por cada unidade monetaria de produción, mostra que no sector primario en Galicia, de cada 100 euros de produción en 2022 (último ano dispoñible) 43,3 euros corresponden ao valor engadido, un valor inferior ao nivel medio da economía (44,2 euros). A capacidade de crear valor do sector primario no devandito ano, **cadro 3.1.4.**, é significativamente inferior á de 2008 e 2019 (53,9 e 50,9 euros de cada cen, respectivamente).

Malia que o sector primario é intensivo en traballo, a porcentaxe do valor xerado na actividade destinada á remuneración de persoas asalariadas é do 23,7%, máis de vinte puntos por baixo do rexistrado no conxunto da economía galega (44,2% de media), sendo esta porcentaxe superior á estimada para 2008 (21,6%) e 2019 (21,2%). Este diferencial débese á baixa taxa de asalarización (porcentaxe de emprego asalariado sobre o emprego total), especialmente na rama agraria (R01), que se sitúa no 12,2%, sendo no caso da pesca e acuicultura (R03) do 48,5% (30,9% no de silvicultura e explotación forestal).

A remuneración media por hora efectiva do traballo asalariado no sector primario ascende a 11,3 euros por hora en 2022 (último dato dispoñible), o que representa 9,3 euros menos que a remuneración media en Galicia, mentres que a taxa de asalarización do sector primario, medida como a relación porcentual entre os postos de traballo asalariado e os postos de traballo totais, sitúase no 44,4%, o que supón 1,7 puntos por riba do estimado no ano anterior, pero aínda lonxe do 84,6% da media da economía en Galicia (40,1% ao co-

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2024 (1)

	Galicia			España			Galicia / España
	(en ha.)	*(% / total)*	*(% / sup. agraria útil)*	*(en ha.)*	*(% / total)*	*(% / sup. agraria útil)*	*(%)*
Superficie Agraria Útil	**838.593**	**28,4**	**100**	**25.254.203**	**49,9**	**100**	**3,3**
Superficie cultivada	**358.558**	**12,1**	**42,8**	**16.770.592**	**33,2**	**66,4**	**2,1**
Cereais gran	28.974	1,0	3,5	5.708.288	11,3	22,6	0,5
Tubérculos consumo humano	11.364	0,4	1,4	47.501	0,1	0,2	23,9
Forraxeiras	227.614	7,7	27,1	931.962	1,8	3,7	24,4
Barbeitos	17.736	0,6	2,1	2.849.461	5,6	11,3	0,6
Frutais non cítricos	20.527	0,7	2,4	1.294.926	2,6	5,1	1,6
Viñedos	25.466	0,9	3,0	945.114	1,9	3,7	2,7
Hortos familiares	21.802	0,7	2,6	107.707	0,2	0,4	20,2
Prados e pasteiros	**480.035**	**16,2**	**57,2**	**8.483.611**	**16,8**	**33,6**	**5,7**
			(% / sup. forestal)			*(% / sup. forestal)*	
Superficie forestal	**1.797.483**	**60,8**	**100**	**19.457.071**	**38,5**	**100**	**9,2**
Coníferas	296.320	10,0	16,5	5.611.329	11,1	28,8	5,3
Frondosas crecemento lento	323.693	10,9	18,0	4.658.909	9,2	23,9	6,9
Frondosas crecemento rápido	310.360	10,5	17,3	732.828	1,4	3,8	42,4
Coníferas e frondosas	267.470	9,0	14,9	1.833.514	3,6	9,4	14,6
Matorral	598.575	20,2	33,3	6.486.475	12,8	33,3	9,2
			(% / outras sup.)			*(% / outras sup.)*	
Outras superficies	**321.886**	**10,9**	**100**	**5.873.891**	**11,6**	**100,0**	**5,5**
Baldío	49.178	1,7	15,3	912.636	1,8	15,5	5,4
Improdutivo	32.927	1,1	10,2	747.924	1,5	12,7	4,4
Non agrícola	220.957	7,5	68,6	2.548.632	5,0	43,4	8,7
Augas interiores	18.823	0,6	5,8	627.861	1,2	10,7	3,0
Superficie total	**2.957.962**	**100**		**50.585.165**	**100**		**5,8**

(1) datos provisionais

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. *Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos*


3.1.5.

mezo da crise económica orixinada pola covid fronte ao 84,3% na economía galega).

O **cadro 3.1.5.** mostra os datos referentes á distribución xeral da terra en Galicia no ano 2024. Dunha banda, os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación amosan que a superficie agraria útil (SAU) descende lixeiramente no último ano ata as 838.593 hectáreas, 29 hectáreas menos que no ano anterior, das que o 57,2% corresponde a prados e pasteiros (480.035 ha) e as restantes 42,8% á superficie cultivada (358.558 ha). O devandito descenso interanual da superficie agraria útil vén motivado polo descenso da superficie cultivada, permanecendo practicamente estable a terra dedicada a prados e pasteiros. Se a comparación se realiza coa distribución da superficie agraria no ano 2019, cómpre resaltar o incremento da SAU nun 2,9% (23.717 hectáreas máis) como consecuencia dunha medra do 5,5% no caso da superficie dedicada a prados e pasteiros (24.866 hectáreas máis), mentres que se reduce un 0,3% (1.149 ha menos) a dedicada a terras de cultivo.

Tras esta evolución, a SAU representa en Galicia o 28,4% da súa superficie xeográfica, porcentaxe moi inferior á rexistrada no conxunto de España, cun 49,9%. A superficie cultivada mantense en Galicia no 12,1% da súa superficie xeográfica fronte ao 33,2% da media esta-

Distribución xeral da terra 2004-2024 (1)



(1) os datosdo 2024 son provisionais

Fonte: Ministerio de Agricultura, pesca y alimentación: Encuestra sobre superficies y rendimientos cultivos

3.1.6.

tal, en tanto que os prados e pasteiros representan o 16,2% (16,8% en España). En 2008, o peso relativo da superficie agraria útil é do 29,1%, sete décimas máis que en 2023, das que 15,6% corresponden a prados e pasteiros e a restante 13,5% a terras de cultivo (16,2% e 12,1%, respectivamente en 2024).

Pola contra, a superficie forestal representa o 60,8% da superficie total galega fronte ao 38,5% no conxunto do Estado (60,6% e 36,7%, respectivamente no ano 2008). Mentres que a superficie total de Galicia representa o 5,8% da superficie española, a importancia relativa da superficie forestal é do 9,2%, moi por riba do 3,3% que representa a SAU (a superficie cultivada supón o 2,1% e os prados e pasteiros o 5,7%).

Subsector agrogandeiro

A elevada parcelación da superficie agraria en Galicia impulsa a aumentar a produción de forraxes para mellorar a competitividade do sector agrogandeiro, o que determina que a superficie agraria útil en Galicia oriente a súa produción cara a cultivos relacionados coa alimentación animal. Dunha banda, o 27,1% da SAU destínase á produción de cultivo forraxeiro fronte ao 3,7% en España; por outra banda, a superficie dedicada a prados e pasteiros supón o 57,2% da SAU (33,6% no conxunto do Estado). No ano 2008, o cultivo forraxeiro concentra en Galicia o 29,4% da SAU e os prados e pasteiros o 53,7% (3,4% e 31,1% no conxunto do Estado).

Segundo os datos proporcionados pola base ao Sistema Integral de Trazabilidad Animal (Sitran), Galicia presenta en 2024 un forte incremento do número de explotacións. A un de xaneiro de 2025 o número de explotacións en alta ascende a 188.805, o que supón 87.924 explotacións máis que na mesma data do ano anterior (87,2%), das que 182.182 corresponden a explotacións dedicadas a produción e

Número de explotacións segundo diferentes categorías que definen a súa tipoloxía 2023-24 (1)

	2024			
	Galicia		Galicia/España	
	Explotacións	Censo	Explotacións	Censo
			(%)	
Bovino	28.554	917.812	22,5	14,5
Carne	17.676		21,5	
Cebo	4.809		31,0	
Leite	5.496		54,3	
Porcino	29.264	1.463.729	35,0	4,9
Cabrún	17.144	36.501	24,5	1,6
Ovino	17.144	142.650	15,6	1,0
Apicultura (Colmeas)	4.863	221.248	13,2	7,4
Equino	17.644	69.847	9,2	5,9
Galiñas	1.075	25.762.878	14,4	9,3
Pavos	315	4.957.076	16,6	25,5
Patos	44	289	3,8	0,0
Coellos	194	747.938	5,2	16,9

	2023			
	Galicia		Galicia/España	
	Explotacións	Censo	Explotacións	Censo
			(%)	
Bovino	29.897	941.608	22,8	14,6
Carne	18.431		21,8	
Cebo	5.116		30,6	
Leite	5.765		53,6	
Porcino	28.431	1.503.013	33,4	5,0
Cabrún	17.116	38.342	24,0	1,6
Ovino	17.116	148.479	15,3	1,1
Apicultura (Colmeas)	4.973	232.502	13,4	7,6
Equino	17.456	49.707	9,5	7,7
Galiñas	1.108	26.669.778	15,0	9,1
Pavos	319	5.429.128	16,5	31,3
Patos	43	298	4,1	0,0
Coellos	199	817.782	5,2	17,3

(1) Datos a 1 xaneiro de 2024 e 2025

Fonte: Sistema Integral de Trazabilidad Animal (SITRAN)

3.1.7.

reprodución, o que supón un incremento do 93,8% respecto á mesma data do ano precedente (88.183 explotacións máis). Este incremento vén motivado pola obligatoriedade de rexistrar as explotacións avícolas de autoconsumo en virtude do RD 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas. Atendendo ao seu peso relativo no total estatal, Galicia acolle o 31,3% das explotacións en alta fronte ao 19,3% na mesma data de 2024.

Segundo a tipoloxía de explotación, **cadro 3.1.7**., cómpre resaltar a importancia do sector bovino, con 28.554 explotacións, o que representa o 22,5% das explotacións do sector en España, superando o número de reses as 920.000, o 14,6% do total estatal. Entre o gando bovino o destinado ao leite ascende a 5.496 explotacións, máis da metade das explotacións españolas de leite (54,3%), e as destinadas á carne, as máis numerosas de Galicia, con 17.676 explotacións, o 22,5% do total. Comparado co ano anterior o descenso do número de explotacións de bobino (4,5%) prodúcese tanto no caso das explotacións de carnes, con 755 explotacións menos (-4,1%), como nas de cebo (307 menos; -6%) e nas de leite (269 explotacións menos; -4,7%). Xunto ás explotacións do gando bovino, as destinadas a gando porcino sitúase nas 29.264 explotacións (35% do total español), superando as

Produción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2022-23 (1)

		2024			2023			24/23	
		Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España
Ganadeiros con entregas	(2)	5.437,2	9.638	56,4	5.826,2	10.321	60,4	- 389	- 683
Produción	*(miles de Tm)*	3.071,9	7.443,9	41,3	3.001,7	7.330,3	40,3	70	114
Entregas mesma comunidade	*(%)*	67,0	70,0		66,0	70,0			
Entregas outra comunidade		33,0	30,0		34,0	30,0			

(1) Vendas á industria (entregas declaradas polos compradores); datos provisionais

(2) Gandeiros mes, media anual.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Dir. Gral. de Producciones y Mercados Agrarios.

3.1.8.

17.000 as explotacións de cabrún (24,5% do total estatal), ovino (15,6%) e equino (9,2%).

O sector agrogandeiro galego caracterízase por estar orientado fundamentalmente á produción de leite de vaca, rexistrando caídas continuadas no número de produtores ao mesmo tempo que aumenta, con carácter xeral, o seu volume de produción.

Dunha banda, o número de gandeiros con entrega de leite en Galicia descende ata os 5.437 (media anual), o que supón unha redución de 389 gandeiros respecto ao ano anterior (6,7%). A importancia deste sector ponse de manifesto no seu peso relativo no total estatal, xa que Galicia concentra o 56,4% dos gandeiros con entregas en España, situándose en segundo lugar Asturias, cun 12,6%.

Doutra banda, as entregas de leite declaradas en Galicia polos compradores increméntanse no último ano un 2,3% fronte ao un 1,6% no conxunto do Estado. O volume de leite producido acada as 3.071,9 miles de toneladas, o 41,3% da produción total de leite do Estado, e sitúa á Comunidade Autónoma como a primeira produtora seguida de Castela e León, que concentra o 12,3% do volume de produción total en España.

O 67% das entregas de leite galegas permanecen na propia Comunidade Autónoma, dirixíndose o resto ás outras CC.AA. españolas. De media, no conxunto do Estado o 70% das entregas teñen como destino as mesmas comunidades autónomas onde se realizan as entregas.

O prezo medio ponderado sen impostos por litro de leite percibido polo produtor (**cadro 3.1.9**.) racha a súa tendencia crecente dos últimos anos, rexistrándose un descenso interanual tanto en Galicia como en España. En 2024 o prezo medio ponderado acada os 46,80 céntimos en Galicia fronte aos 49,10 céntimos por litro no conxunto do Estado. Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos cómpre mencionar que o diferencial con respecto ao Estado aumenta ata os 2,30 céntimos por litro, o valor máis elevado dende o ano 2010. A evolución mensual do prezo do leite (**cadro 3.1.10.**) mostra unha evolución semellante en Galicia e España, presentando niveis inferiores a Francia e á Unión Europea no segundo semestre do ano.

Ademais do prezo do leite, cómpre facer referencia á evolución dos prezos dos principais produtos gandeiros. Dunha banda, fronte ao incremento experimentado no ano precedente, o prezo da vaca de leite redúcese en 2023 (último dato dispoñible) un 6,4%, acadando os 1.809 euros por cabeza, descendendo ao mesmo tempo o prezo das xovencas de leite un 2,6%, situándose nos 1.100,67


Prezo medio do leite en Galicia e España 2020-24(1)

	2020	2021	2022	2023	2024
			(en céntimos por litro)		
Galicia	32,30	33,30	45,30	52,50	46,80
España	33,20	34,20	46,40	54,70	49,10
Diferencial Galicia / España	-0,90	-0,90	-1,10	-2,20	-2,30

(1) prezos medios ponderados sen impostos
Fonte: Consellería do Medio Rural

3.1.9.

Evolución do prezo do leite 2024 (1)



(1) Os datos de Galicia mídense en €/100 litros e o resto en euros/100 kg
Fonte: European Comision, *Milk Market Observatory* e Consellería do Medio Rural, *FOGGA*

3.1.10.

euros. Como se reflicte no **cadro 3.1.11.**, o descenso máis acusado rexístrase no caso dos becerros menores dun ano e becerros de 1-3 semanas, cunha caída do 31,5%, aumentando por contra máis dun 40% no caso dos leitóns e dos ovos de galiña.

Por último, no que á denominación protexida Tenreira galega se refire, no ano 2023 rexístrase un descenso tanto do número de gandeirías inscritas e activas, así como da produción de carne certificada. Nese ano, as 6.917 gandeirías activas, 315 menos que no ano anterior, produciron un total de 23.027,1 toneladas de carne certificada, o que supón un descenso do 0,8% (175,9 toneladas menos que no ano anterior). A pesar deste descenso, o valor económico estimado mantén a súa tendencia crecente, acadando os 163,9 millóns de euros, un 3,9% máis que no ano anterior (medra un 15,2% en 2022).

Subsector vitivinícola

O sector vitivinícola en Galicia no ano 2024 rexistra unha caída tanto da colleita como da produción de viño cualificado. En concreto, a colleita redúcese un 4,3% para situarse nos 74,3 millóns de quilos de uva (3,3 millóns menos) e a produción de viño un 16,8%, aca-

Cotizacións e mesas de prezos 2022-23. Resumo anual

		2023				
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Becerros < 1 ano	€/100 Kg vivo	202,97	207,87	227,40	227,40	216,41
Vacún maior		173,69	173,86	174,23	174,23	174,00
Año leitón		-	-	550,00	550,00	550,00
Cabrito leitón		-	-	570,00	570,00	570,00
Porcos de cebo		189,37	189,76	171,49	167,11	179,43
Polo de granxa		103,53	133,71	124,80	124,80	121,71
Coello		251,44	251,44	251,44	255,60	252,48
Ovos de galiña (L)	€/cabeza	256,65	256,71	220,20	220,20	238,44
Vacas de leite		-	-	1.809,00	1.809,00	1.809,00
Xovencas de leite		-	-	1.100,67	1.100,67	1.100,67
Becerros (1-3 semanas)		202,97	207,87	227,40	227,40	216,41
Ovellas		-	-	105,00	105,00	105,00
Leitóns		68,99	81,03	73,32	73,32	74,17

		2022				
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Becerros < 1 ano	€/100 Kg vivo	316,00	316,00	316,00	316,00	316,00
Vacún maior		188,25	185,25	185,25	185,25	186,00
Año leitón		534,75	534,75	534,75	534,75	534,75
Cabrito leitón		570,00	570,00	570,00	570,00	570,00
Porcos de cebo		148,13	144,50	144,50	144,50	145,41
Polo de granxa		122,00	122,00	122,00	122,00	122,00
Coello		200,00	200,00	200,00	200,00	200,00
Ovos de galiña (L)	€/cabeza	162,50	160,38	160,38	160,38	160,91
Vacas de leite		1.953,54	1.925,42	1.925,42	1.925,42	1.932,45
Xovencas de leite		1.131,80	1.129,42	1.129,42	1.129,42	1.130,02
Becerros (1-3 semanas)		316,00	316,00	316,00	316,00	316,00
Ovellas		107,50	107,50	107,50	107,50	107,50
Leitóns		51,05	53,25	53,25	53,25	52,70

Fonte: AGACAL

3.1.11.

dando os 46,9 millóns de litros (9,4 millóns menos). A pesar deste mal comportamento da produción, o seu valor económico presenta unha medra significativa e acada os 348,1 millóns de euros, o que supón 30,7 millóns máis que no ano precedente (9,7%).

Analizando as diferentes denominacións de orixe, o **cadro 3.1.12.** mostra como a DO Rías Baixas é a que presenta os valores máis elevados tanto no caso de viticultores e adegas inscritas como no concernente á produción e valor económico estimado. Dunha banda, esta DO concentra en torno á metade dos viticultores (49,6%) e da superficie inscrita (50,2%); en concreto, 4.991 viticultores e 4.640 hectáreas. Doutra banda, a produción ascende a 42,1 millóns de quilos de uva ou 26,3 millóns de litros (56,7% e 56,1% do total galego), acadando o seu valor económico os 233,4 millóns de euros, o 67% do total galego.

No que respecta ao incremento da produción e valor económico da mesma en relación a 2019, este non se produce de xeito homoxéneo entre as distintas Denominacións de Orixe. Dunha banda, fronte ao forte incremento da produción rexistrado na DO Rías Baixas (9,7 millóns; 30,1%), e en menor medida nas denominacións de orixe de Monte-

Sector vitivinícola 2024: distribución segundo Denominación de Orixe

2024

	Denominación de Orixe Protexida					Viños da Terra					Galicia
	Ribeiro	Valdeorras	Rías Baixas	Monterrei	Ribeira Sacra	Barbanza e Iria	Betanzos	Val do Miño - Ourense	Ribeiras do Morrazo	Terras de Navia	
Viticultores inscritos	1.487	978	4.991	379	2.169	15	8	4	19	4	10.054
Adegas inscritas	101	41	177	29	97	5	6	3	6	3	468
Superficie inscrita (Ha)	1.255	1.200	4.640	795	1.308	8	5	11	12	4	9.239
Colleita *(Kg)*	11.106.364	8.229.772	42.140.930	7.694.464	4.900.019	65.583	17.764	70.641	93.357	15.800	74.334.694
Producción *(litros)*	7.157.100	4.871.204	26.312.912	4.882.169	3.540.840	28.710	4.846	24.000	37.788	9.231	46.868.800
Valor económico estimado *(€)*	29.060.000	41.048.000	233.400.000	23.141.500	21.020.000	123.000	21.000	103.000	162.000	53.500	348.132.000

Fonte: Conselleria do Medio Rural.

■ 3.1.12.

rrei (2,1 millóns de quilos de uva; 36,6%) e Valdeorras (1,4 millóns de quilos máis; 21%), a DO da Ribeira Sacra presenta unha significativa redución, cun descenso do 32,5% (2,4 millóns de quilos menos), sendo esta caída do 7,7% no caso de Ribeiro (0,9 millóns). No que ás Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP) se refire, cómpre sinalar o incremento da producción do 122,1% no caso da IXP Val do Miño, porcentaxe que se sitúa no 50,2% no caso da IXP de Barbanza e Iria e no 42,4% na IXP Ribeiras do Morrazo.

En termos monetarios, as cinco denominacións de orixe presentan unha medra no valor económico da produción. En concreto, salienta a medra de máis de 18,2 millóns de euros na DO Rías Baixas (8,5%), seguida a distancia pola DO Valdeorras, con 7,9 millóns de euros máis (23,7%). O crecemento menos acusado rexístrase na DO Ribeira Sacra, cunha medra de tan só o 2,1% (0,4 millóns), porcentaxe que ascende ata o 7% na DO Monterrei (1,5 millóns de euros menos) e o 10,1% no Ribeiro (2,7 millóns de euros). Comparado co ano 2019, fronte ao incremento do 64,1% na DO Rías Baixas ou do 112,6% en Valdeorras (91,1 e 21,7 millóns máis, respectivamente), a DO Ribeiro segue a presentar o peor resultado, cun descenso do 5,2% (1,6 millóns de euros menos), sendo esta caída do 2% na Ribeira Sacra (0,4 millóns menos).

Agricultura ecolóxica

Por agricultura ecolóxica enténdese aquel sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo.

Segundo os datos publicados polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) en 2023, último dato publicado, aumenta un 3% o número de hectáreas certificadas acadando as 46.967 ha. Este incremento de 1.340,2 ha vén motivado polo incremento dun 20,6% na provincia de Ourense, que compensa o descenso experimentado nas outras provincias. Lugo, a pesar do descenso do 2,9%, é quen presenta o maior número de hectáreas dedicadas a produtos ecolóxicos, con 22.708,7 ha, o que supón o 48,4% das hectáreas certificadas en Galicia, ascendendo en Ourense ata as 17.270,8 hectáreas (36,8% do total). En conxunto, ambas provincias concentran no último ano o 85,2% da superficie total dedicada á agricultura ecolóxica. A caída máis intensa rexístrase en Pontevedra, cunha redución da superficie do 29%, sendo esta porcentaxe do 2% na Coruña.

Atendendo á súa distribución segundo tipo de cultivo, o 84,3% da superficie inscrita está dedicada a pastos permanentes, con 39.613,4

ha. Séguenlle os cultivos permanentes (froiteiras, viñedos, froitos secos e oliveiras), cun 12,4% (5.832,5 ha), entre os que destaca a superficie dedicada a castañas. En relación ao ano anterior aumenta un 6,7% a superficie dedicada a pastos permanentes, con 2.499,6 hectáreas máis, fronte ao descenso tanto da superficie centrada en cultivos permanentes, con 680,3 hectáreas menos (10,4% inferior) como a terras arables, con 479 ha menos (23,9%).

Atendendo á distribución segundo tipo de operador (1.172 produtores e 380 elaboradores e comercializadores), a provincia de Lugo é a máis numerosa en canto á produción, con 478 operadores, o 40,8% dos operadores industriais, salientando Pontevedra no ámbito da elaboración e comercialización, con 140 operadores (36,8% destes operadores en Galicia).

En termos monetarios, o valor da produción controlada polo Craega acada en 2023 os 113,3 millóns de euros (0,4% máis que no ano precedente). A produción animal é a que máis volume de ventas certificadas obtiveron, con 59,6 millóns de euros (52,6%), entre as que destacan o leite, con 38,3 millóns (un 2,7% máis que no ano precedente); as conservas de peixe, cun volume de vendas de 16,5 millóns (3,2% superior); e a carne e derivados, con 16,5 millóns de euros (redúcese un 16,4% respecto ao ano 2022). Estes tres produtos concentran o 61,8% do valor total.

Subsector mar-industria

O Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma permite coñecer o número de embarcacións operativas en Galicia, no que se inclúen as embarcacións pesqueiras e auxiliares das listas terceira e cuarta do Rexistro de matrícula de buques con porto base en Galicia que estean operativas. O número de embarcacións operativas con porto base en Galicia descende un ano máis, de xeito que a 31 de decembro de 2024 había un total de 4.160 embarcacións de pesca extractiva e marisqueo (terceira lista), 35 buques menos que na mesma data do ano anterior. Por contra, o número de embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura (cuarta lista) aumenta en 9 embarcacións, acadando os 1.298 buques.

A redución do número de embarcacións concéntrase fundamentalmente no caladoiro nacional (Cantábrico-Noroeste). Tras unha redución de 30 embarcacións, un total de 3.994 buques faenan neste caladoiro, fronte aos 102 buques en pesqueiras internacionais, cifra simular á do ano precedente, e 69 embarcacións faenan en pesqueiras comunitarias, cinco menos que no ano anterior. O maior número de buques rexistrados na frota pesqueira galega son os de artes menores, cunha cifra de 3.712 embarcacións (29 menos que no ano precedente), que son embarcacións de pequeno porte que se dedican a unha pesca multiespecífica con diferentes artes que utilizan en función da especie obxectivo.

A maior parte das embarcacións pesqueiras teñen o seu porto base na denominada zona III Arousa (39,1%), seguida polas zonas I-Vigo (15,2%) e IV-Muros (14,9%). No que respecta ás embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura, as devanditas 1.298 embarcacións rexistradas están principalmente concentradas na zona III-Arousa, con sete de cada dez embarcacións (923 barcos).

No concernente á actividade pesqueira e marisqueira, medida a través das vendas rexistradas nas lonxas galegas, no conxunto do ano 2024 continúa a tendencia descendente no seu volume de produción iniciada no ano 2018, tan só interrompida en 2022, reducíndose ao mesmo tempo a súa facturación. Dunha banda, o volume de produción acada

Actividade pesqueira e marisqueira 2008-24: distribución segundo grandes grupos de especies (1)

Produción

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	24/23
		(Kg.)				(%)	
Total	**158.167.314**	**150.256.142**	**132.782.506**	**134.287.109**	**125.793.279**	**102.481.801**	**-18,5**
Algas	404.560	432.150	598.628	691.083	398.696	552.065	38,5
Bivalvos	9.828.890	6.481.257	7.087.721	7.556.448	5.105.848	3.729.906	-26,9
Cefalópodos	4.177.617	3.185.312	7.031.109	15.064.394	6.548.889	4.023.886	-38,6
Crustáceos	1.203.796	1.210.026	1.431.121	1.461.619	1.128.441	1.093.446	-3,1
Equinodermos	831.713	722.807	856.675	729.412	719.912	633.359	-12,0
Gasterópodos	2.797	1.809	2.046	1.273	478	1.185	148,1
Peixes	141.417.974	138.006.011	115.558.532	108.592.830	111.669.488	92.260.198	-17,4
Poliquetos	5.525	3.597	3.875	5.212	3.833	3.319	-13,4
Resto das descargas	294.441	213.174	212.799	184.837	217.694	184.437	-15,3
					88,8%	90,0%	

Valor

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	24/23
		(euros)				(%)	
	464.888.248	**412.960.344**	**424.955.237**	**437.398.237**	**412.383.761**	**382.863.312**	**-7,2**
Algas	336.500	337.347	421.091	542.923	303.472	426.881	40,7
Bivalvos	88.060.891	66.529.423	74.067.895	70.904.321	62.625.004	44.116.660	-29,6
Cefalópodos	25.942.677	17.588.523	29.097.892	46.112.670	33.855.110	24.050.618	-29,0
Crustáceos	21.134.515	19.312.413	22.957.911	23.405.314	21.073.605	21.417.084	1,6
Equinodermos	6.028.382	5.511.323	7.142.307	7.717.539	7.880.459	7.114.226	-9,7
Gasterópodos	30.717	18.844	32.169	22.811	9.403	6.782	-27,9
Peixes	322.161.936	302.731.731	290.055.508	287.447.814	285.238.346	284.237.874	-0,4
Poliquetos	324.309	209.013	245.802	312.881	296.991	263.391	-11,3
Resto das descargas	868.321	721.726	934.662	931.963	1.101.370	1.229.797	11,7
					69,2%	74,2%	

(1) Datos definitivos ata 31 decembro 2023. Os de 2024 son provisionais ata consolidación estatística. Consulta: 3-2-2025

Fonte: Consellería do Mar.

3.1.13.

no último ano os 102,5 miles de toneladas, un 18,5% menos que no ano precedente, o que supón o valor máis reducido dende o ano 2008 (173,6 miles de toneladas). Doutra banda, a súa facturación cae un 7,2% respecto ao rexistrado en 2023 e acada os 382,9 millóns de euros (451,2 millóns no ano 2008).

O devandito descenso da produción prodúcese en todos os grupos de especies agás no caso das algas, que experimenta unha medra interanual do 38,5%, e gasterópodos, cun 148,1%, rexistrándose as caídas máis significativas novamente nos cefalópodos (-38,6%) e nos bivalvos (-29,9%). Asemade, neste último ano a produción de peixes redúcese un 17,4%. Tras esta evolución, o **cadro 3.1.13.** reflicte que os peixes constitúen o grupo de especies máis importante, ao representar o 90% da produción e o 74,2% do valor total en primeira venda, porcentaxes superiores ás do ano anterior, co 88,8% e 69,2%, respectivamente.

Desagregando a actividade pesqueira entre as distintas lonxas galegas (**cadro 3.1.14.**), entre as cinco primeiras lonxas en termos de produción e valor, tan só Burela presenta un mellor comportamento en relación ao ano anterior no que ao valor da produción se refire ao experimentar unha medra do 0,8%. A pesar dunha caída do 13,1% A Coruña (Lonja Coruña S.A.) sitúase como a principal lonxa en termos de produción, ao concentrar o 20,7% da produción total, adiantando a Vigo, que tras un descenso similar ao da Coruña concentra o

Actividade pesqueira e marisqueira 2023-24: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Produción			Valor		
	2024		24/23	2024		24/23
	(en kg.)	*(%)*	*(%)*	*(en euros)*	*(%)*	*(%)*
Vigo	19.907.614	19,4	-13,1	85.196.866	22,3	-3,3
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	21.238.169	20,7	-13,1	59.581.353	15,6	-4,3
Burela	11.600.084	11,3	-10,4	58.113.204	15,2	0,8
Celeiro	11.177.287	10,9	-12,5	46.869.338	12,2	-0,3
Ribeira.	19.641.617	19,2	-31,9	40.084.110	10,5	-2,4
Carril	576.043	0,6	-28,1	7.655.188	2,0	-26,3
Cedeira	1.075.800	1,0	-19,5	7.594.223	2,0	1,5
O Grove	513.560	0,5	-21,9	6.473.830	1,7	-22,0
Cambados	1.029.000	1,0	-4,1	6.382.850	1,7	-14,8
Cangas	309.880	0,3	-8,1	4.652.381	1,2	6,3
Noia	517.483	0,5	336,2	4.468.005	1,2	236,3
Muros	1.167.806	1,1	2,1	4.056.359	1,1	1,0
Marín	1.146.161	1,1	-12,3	3.596.414	0,9	-3,2
Fisterra	407.642	0,4	-5,7	3.048.303	0,8	-2,6
Malpica	737.711	0,7	-6,6	2.942.955	0,8	-5,5
Camariñas	2.401.253	2,3	-8,5	2.936.562	0,8	-25,4
Baiona	204.655	0,2	-13,1	2.877.015	0,8	-5,5
Bueu	356.616	0,3	-20,6	2.695.470	0,7	-12,2
Aguiño	146.771	0,1	-23,5	2.587.120	0,7	-19,5
A Illa de Arousa	464.688	0,5	-1,9	2.474.503	0,6	-42,8

Consulta: 4-2-2025
Fonte: Consellería do Mar

3.1.14.

Valor da produción acuícola en Galicia 2022-23: distribución segundo destino xeográfico

	2023	2022
	(en miles de euros)	
Total	**255.451.141,6**	**256.551.458,4**
Mesma Comunidade Autónoma	137.398.934,2	152.143.152,6
Distinta Comunidade Autónoma	54.071.508,0	58.421.730,3
Outro país da Unión Europea	47.695.990,7	45.986.575,5
Terceiros países	16.284.708,6	S. E.

S.E. Dato non publicado por segredo estatístico
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. *Estadísticas pesqueras: producción de acuicultura*

3.1.15.

19,4% da produción. En terceiro lugar atópase Ribeira, ao acoller o 19,2% da produción logo dun acusado descenso (31,9%). No concernente á facturación, Vigo, tras unha caída do 3,3%, mantense como a principal lonxa galega, ao acoller o 22,3% da facturación total de Galicia, por diante da Coruña, que acolle o 15,6% do valor total, e Burela, co 15,2%.

O subsector da acuicultura en Galicia rexistra no ano 2023 (último dato dispoñible) unha caída do 0,4% no valor da produción acuícola, acadando os 255,5 millóns de euros, dos que o 53,8% é xerado por produtos consumidos na mesma Comunidade Autónoma. O valor xerado cos produtos dirixidos á UE representa o 18,7% e os destinados a outras CC.AA., un

Emprego na acuicultura 2023

	Asalariados		Non asalariados		Total	
	(UTA) (1)	(persoas)	(UTA)	(persoas)	(UTA)	(persoas)
Galicia	1.316	1.535	1.925	3.749	3.240	5.284
Total	3.842	4.314	2.012	3.895	5.854	8.209

(1) UTA: unidades de traballo anual, nº de persoas que traballan a tempo completo durante todo o ano.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, *Encuesta de establecimientos de acuicultura*

3.1.16.

21,2%. En relación ao ano anterior, o devandito descenso na súa facturación vén motivado pola caída nos mercados en España, tanto na propia CA, cunha redución do 9,7% (14,7 millóns menos), como no caso da facturación no resto das CC.AA. (-7,4%; -4,4 millóns menos). Por contra, a facturación da produción acuícola dirixida a outros países no mercado europeo medra un 3,7% (1,7 millóns de euros máis).

No que respecta á ocupación no sector (**cadro 3.1.16.**), os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación reflicten que en 2023 se rexistraron 5.284 empregos (3.240 UTA), o que representa, o 64,4% do emprego do sector a nivel estatal e o 55,4% do total de UTAs. A segunda Comunidade Autónoma en importancia en canto a emprego é Andalucía, con 719 persoas empregadas (625 UTA), que supón o 8,8%. Comparado co ano anterior descende a ocupación tanto en Galicia como, en menor medida, no conxunto de España; en concreto o emprego redúcese un 28,4% en Galicia fronte ao 19,9% en España (-3,8% e -0,4% en termos UTA, respectivamente).

A actividade de marisqueo, e en concreto o marisqueo a pé, rexistrou a 31 de decembro de 2024 un total de 3.307 permisos de actividade, o que supón unha redución do 6,3% respecto ao ano anterior (222 permisos menos). Entre as características das persoas que teñen estes permisos cómpre mencionar en primeiro lugar que o 62,5% dos permisos corresponden a persoas cunha idade superior a 51 anos (2.067 permisos) e un 26,4% (872 permisos) son de persoas cunha idade comprendida entre 41 e 50 anos, dos que case o 75% pertencen a mulleres (2.663 mulleres). Asemade, o sector caracterízase pola forte presenza das mulleres, que concentran case o 75% dos permisos (74,5%), aumentando dita presenza a medida que avanzan os grupos de idade, de tal forma que máis do 82% dos permisos entre as persoas maiores de 51 anos corresponden a mulleres fronte ao 41,9% no caso dos menores de trinta.

Axudas comunitarias: Política Agraria Común e Política Pesqueira Común

As axudas da Política Agraria Común no exercicio 2024 ascenderon a 180 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), e ata os 139 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). Estes pagos representan o 3,1% do total estatal para o FEAGA e o 9,3% no caso do FEADER (**cadro 3.1.17.**).

O número total de beneficiarios de dereitos correspondente a dereitos de axuda básica ascende a 22.798 persoas, o 3,8% do conxunto do Estado, situándose o importe total en 60,2 millóns de euros, o 2,5% do total estatal. O número total de dereitos ascende no último exercicio a 386.386, o que supón o 2% do total estatal.

Axudas da Política Agraria Común e Política Pesqueira Común en Galicia e España 2024

	Galicia	España	Galicia/España
Pago de fondos UE *(en millóns de euros)*			*(%)*
FEAGA Exercicio 2024 (acumulado outubro) (1)	180,0	5.755,0	3,1
FEADER gasto público total, exercicio 2024 (acumulado outubro) (2)	139,0	1.490,0	9,3
Dereitos Axuda Básica			
Nº beneficiarios DAB	22.798	596.437	3,8
Nª de dereitos	386.386	19.577.294	2,0
Importes DAB *(en euros)*	60.185.284	2.391.328.756	2,5

(1) FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía
(2) FEADER: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

3.1.17.

Pagamentos FEAGA en Galicia e España no exercicio 2024

	Galicia	España	G/E
	(en euros)		*(%)*
Axuda básica á renda para a sostenibilidade	61.427.426,49	2.418.397.365,34	2,5
Axuda complementaria á renda redistributiva	15.855.260,09	490.407.541,32	3,2
Axuda complementaria á renda para xóvenes agricultores	5.240.881,45	98.339.099,77	5,3
Ecorreximes	17.521.180,20	1.112.069.313,62	1,6
Axuda á renda asociada	73.514.098,43	655.019.154,34	11,2
Frutas y hortalizas (de la OCMA, periodo 2014-2022)	263.326,79	317.185.369,42	0,1
Intervención sectorial de productos apícolas.	736.983,82	8.699.346,58	8,5
Programa apoyo sector vitivinícola (PASVE, periodo 2014-2022)	1.500.800,04	17.916.273,66	8,4
Intervención sectorial del sector vitivinícola.	3.340.980,56	178.861.951,34	1,9
Frutas y hortalizas para los centros escolares.	558.847,78	12.514.654,11	4,5
Distribución de leche a centros escolares.	456.209,81	4.961.348,44	9,2
Outros	0,00	440.394.744,86	0,0
Total	**180.415.995,46**	**5.754.766.162,80**	**3,1**

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria

3.1.18.

Os **cadros 3.1.18.** e **3.1.19.** reflicten os pagamentos FEAGA e FEADER atendendo á súa distribución segundo as principais liñas definidas. Entre os pagamentos FEAGA salienta en primeiro lugar, polo que ao seu importe se refire, a axuda á renda asociada, con 73,5 millóns de euros (11,1% do total estatal) e máis concretamente, aquela asociada á produción sostible de leite de vaca, con 54,2 millóns de euros (o 45% do total estatal), e aos gandeiros de vacún extensivo, con 15,2 millóns (8,7%); situándose en segundo lugar as axudas básicas á renda para a sostenibilidade, con 61,4 millóns de euros, o que supón o 2,5% do total desta axuda en España. No caso dos pagamentos FEADER, seguen destacando polo seu importe os investimentos para o desenvolvemento de zonas forestais e viabilidade dos bosques, con 45,4 millóns de euros (o 19,2% do total estatal), e os investimentos en activos físicos, con 34,5 millóns de euros (5,7% do total en España); en conxunto, estas

Pagamentos FEADER en Galicia no exercicio 2024 (1)

	Galicia			Galicia / España	
	Importe Feader	Importe Nacional	Importe acumulado gasto público	Importe Feader	Importe acumulado gasto público
		(en euros)		*(peso realtivo Galicia / España; %)*	
1 - Transferencia de coñecementos e actividades de información	216.627,72	72.209,34	288.837,06	2,5	2,3
02 - Servizos de asesoramento, xestión e substitución de explotacións agrarias	2.328.600,35	776.199,65	3.104.800,00	35,5	28,4
03 - Réxmes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios	2.413.097,73	804.365,86	3.217.463,59	37,6	31,0
04 - Investimentos en activos físicos	26.713.113,11	7.770.735,99	34.483.849,10	6,6	5,7
06 - Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas	11.329.966,74	1.307.922,37	12.637.889,11	11,3	10,7
07 - Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais	2.800.191,26	933.396,97	3.733.588,23	6,7	6,7
08 - Investimentos desenvolvemento de zonas forestais e viabilidade dos bosques	34.014.280,83	11.338.090,76	45.352.371,59	20,7	19,2
10 - Agroambiente e clima	959.975,68	241.555,37	1.201.531,05	3,2	3,0
11 - Agricultura ecolóxica	109.606,48	0,00	109.606,48	0,5	0,3
13 - Pagos a zonas con limitacións naturais u outras limitacións específicas	13.730.071,03	4.551.763,42	18.281.834,45	16,2	15,2
15 - Servizos silvoambientais e climáticos e conservación dos bosques	235.126,93	78.375,64	313.502,57	8,8	9,3
16 - Cooperación	3.472.012,08	1.157.336,90	4.629.348,98	18,4	18,5
19 - Axuda para o desenvolvemento local de LEADER, (DLP)	4.465.600,56	1.488.533,34	5.954.133,90	3,8	4,0
20 - Asistencia técnica	3.950.184,66	1.316.728,23	5.266.912,89	12,6	12,0
Total	**106.738.455,16**	**31.837.213,84**	**138.575.669,00**	**10,1**	**9,3**

(1) Período comprendido entre o 16 outubro de 2023 e o 15 de outubro de 2024
(2) Data da consulta: 6/6/2024
Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria

3.1.19.

dúas liñas concentran o 57,6% do gasto público deste Fondo en Galicia (56,8% en España).

Por último, no que á política pesqueira se refire, os pagos certificados e remitidos á Comisión Europea no ano 2024 ascenderon a 58,8 millóns de euros, dos que 43,9 millóns corresponden ao Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro e os restantes 14,9 millóns, á contribución estatal. En relación ao conxunto de España, Galicia concentra o 23,7% do total dos fondos certificados e remitidos en 2024. ❑

Sector industrial


O sector industrial galego presenta en 2024 unha desaceleración no seu ritmo de crecemento a pesar do bo comportamento da actividade manufactureira. En concreto, o sector industrial no seu conxunto presenta unha taxa de variación interanual do 2,5%, dúas décimas menos que no ano anterior (2,7% no conxunto de España), en tanto que o subsector de manufacturas medra un 3,8%, tres puntos máis do estimado en 2023 (3,5% en España). Asemade, cómpre resaltar o forte dinamismo da industria manufactureira no segundo semestre do ano, con taxas de crecemento superiores ao 6%.

En termos absolutos, o valor engadido bruto (VEB) xerado polas ramas industriais ascende ata os 13.034,2 millóns de euros segundo os datos publicados polo IGE nas súas Contas económicas trimestrais, o que representa o 16% do PIB total da economía galega (17,5% do VEB). No caso da industria manufactureira, tras o importante dinamismo experimentado en 2024, o seu peso relativo ascende ata o 11,4% do PIB (12,4% do valor engadido bruto). No conxunto do Estado o sector industrial (incluída a enerxía) representa o 14,2% do PIB, en tanto que a industria manufactureira, supón o 10,7% do PIB a prezos correntes.

No que respecta ao emprego no sector industrial, no conxunto do ano 2024 aumentan as afiliacións en alta laboral, situándose a media anual no último día de cada mes en 148.304 persoas afiliadas (1.728 persoas máis que no ano anterior; 1,2%), das que 137.445 afiliacións corresponden ás ramas de actividade manufactureira (1.639 máis; 1,2%).

Entre as actividades da industria manufactureira as que presentan un maior incremento das afiliacións en termos cuantitativos son as de fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento, con 694 afiliacións máis (4%), por diante da reparación e instalación de maquinaria e equipamento, con 357 afiliacións máis (4,2%) e as de fabricación de vehículos de motor, remolques e se-


Distribución porcentual do VEB do sector industrial por comarcas. 2020



Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir do IGE.

MAPA 3.


VEB e emprego na industria (1) (2)



(1) VEB pm, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario
(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.20.

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2022



Peso porcentual no VEB do sector industrial de Galicia. Ramas de actividade.




Fonte: IGE, *Contas económicas de Galicia*

Indice de produción industrial de Galicia e España 2024

	Galicia			España		
	índice	variacións 2024 (1)	variacións Interanual decembro (2)	índice	variacións 2024 (1)	variacións Interanual decembro (2)
		(%)			(%)	
Xeral	**98,3**	**1,1**	**-1,5**	**101,4**	**0,7**	**4,7**
Bens de consumo	**101,8**	**5,2**	**5,7**	**103,3**	**2,2**	**5,5**
B. consumo duradeiro	123,2	-0,7	9,1	104,8	-0,7	0,8
B. consumo non duradeiro	100,4	5,7	5,4	103,1	2,5	6,0
Bens de equipamento	**108,1**	**1,2**	**26,5**	**111,3**	**-0,3**	**3,6**
Bens intermedios	**84,1**	**-1,1**	**5,7**	**94,3**	**1,2**	**6,7**
Enerxía	**98,2**	**-1,1**	**-31,5**	**99,8**	**-0,8**	**2,3**

Base 2021
(1) variación da media anual
(2) taxa de variación anual
Fonte: INE, *Índice de producción industrial*

3.1.22.



3.1.23.

mirremolques, con 333 afiliacións máis que na mesma data do ano anterior (2,2% máis). No extremo oposto cómpre mencionar o comportamento das actividades de Fabricación doutros produtos minerais non metálicos, con 210 afiliacións menos (-3,1%), e da industria de madeira e cortiza, agás mobles, cestaría e espartaría, con 121 menos (-1,4%).

Para analizar a evolución experimentada no curto prazo polo volume do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial utilizamos o índice de produción industrial (IPI). Este indicador, que mide os cambios na produción sen efecto dos prezos, reflicte no último ano unha medra media anual do 1,1%, catro décimas máis que o experimentado no

Índice de produción industrial 2024: distribución segundo ramas de actividade

	Variacións media acumulativa 24/19 (1)		Variacións 24/23 (2)	
	Galicia	España	Galicia	España
	(%)		(%)	
Total	**-0,5**	**-0,3**	**1,1**	**0,7**
B Industrias extractivas	**11,9**	**-0,8**	**7,8**	**-3,0**
08 Outras industrias extractivas	11,9	1,3	7,8	-2,4
C Industria manufactureira	**-0,5**	**-0,2**	**2,1**	**1,2**
10 Industria da alimentación	0,3	-0,5	2,2	2,2
11 Fabricación de bebidas	3,4	0,4	11,5	-1,7
13 Industria téxtil	-5,9	-1,1	-14,0	-3,1
14 Confección de roupa de vestir	8,6	-4,5	11,9	-2,9
15 Industria do coiro e do calzado		-5,4		-8,3
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría	0,9	-2,2	-0,2	-1,7
17 Industria do papel	-2,2	0,0	11,1	4,8
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-15,0	-4,7	-12,3	-2,4
19 Coquerías e refinación de petróleo		-1,1		3,4
20 Industria química	-4,8	0,1	-0,3	3,7
21 Fabricación de produtos farmacéuticos		5,9		10,9
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	0,5	-0,2	0,9	1,6
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-1,9	-1,3	-11,9	-1,9
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	-12,5	-3,1	-1,9	-0,5
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-6,5	-1,1	-1,8	-0,5
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	-6,6	5,5	-0,1	17,7
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	-1,8	1,8	0,2	2,1
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	5,3	1,3	15,3	-1,7
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	2,1	-1,5	-2,9	-2,5
30 Fabricación doutro material de transporte	-9,7	0,0	5,8	3,0
31 Fabricación de mobles	9,8	0,7	-1,9	1,0
32 Outras industrias manufactureiras	3,9	1,5	11,4	-1,3
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-2,1	0,8	6,2	1,6
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	**-1,4**	**-0,8**	**-3,1**	**-1,3**
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-1,4	-0,8	-3,1	-1,3
36 Captación, depuración e distribución de auga		-0,8		-0,6

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe

(1) Taxa de variación media anual acumulativa

(2) Taxa de variación da media anual

Fonte: IGE, *Índice de produción industrial*

3.1.24.

conxunto do Estado. Comparado co nivel medio do IPI en 2019, a taxa de variación media anual acumulativa rexistrou unha redución do 0,5% en Galicia, dúas décimas máis que en España (-0,3%).

O devandito incremento no IPI en Galicia no último ano vén motivado polo comportamento rexistrado na produción dos bens de consumo non duradeiro e dos bens de equipo, que presentan unha variación media anual do 5,7% e 1,2%, respectivamente. Por contra, o IPI correspondente aos bens intermedios e enerxéticos descende un 1,1% e o dos bens de consumo duradeiro un 0,7%. Como reflicte o **cadro 3.1.22.**, no conxunto de España o IPI aumenta tanto no caso dos bens de consumo non duradeiro como no dos bens intermedios, rexistrándose o descenso máis acusado no caso dos bens enerxéticos, cunha redución do 6,8%.

Se a comparación se realiza coa media do ano

Indicadores da confianza empresarial en Galicia e España 2019-24 (1)

		Galicia			España		
		Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH
2019							
	I	0,3	-8,2	127,1	4,4	-2,7	132,5
	II	-5,7	2,7	128,7	-2,5	5,6	132,9
	III	0,2	6,6	131,9	4,5	4,7	135,0
	IV	3,1	-5,3	129,0	0,2	-2,7	131,1
2020							
	I	0,8	-5,8	128,1	1,9	-5,9	130,6
	II	-29,7	-68,6	97,0	-36,3	-72,0	95,5
	III	-65,2	-47,0	93,1	-62,8	-47,2	95,5
	IV	-34,0	-42,8	104,8	-38,8	-41,3	105,5
2021							
	I	-30,3	-37,8	107,6	-32,0	-36,5	109,3
	II	-34,5	-25,5	110,2	-30,2	-21,6	114,8
	III	-14,2	-0,8	124,8	-8,3	-0,9	128,9
	IV	-4,0	-10,7	124,9	-2,3	-2,6	130,3
2022							
	I	-8,1	-17,7	121,3	-2,0	-12,8	127,0
	II	-25,1	-25,6	113,3	-14,4	-16,1	121,9
	III	-3,1	-4,2	127,3	1,3	-4,2	131,0
	IV	-6,6	-16,7	122,1	-2,3	-11,8	127,2
2023							
	I	-3,8	-11,4	124,7	1,1	-9,8	129,0
	II	-4,9	1,6	128,6	-1,5	3,4	132,5
	III	3,0	7,4	133,1	6,9	5,2	135,9
	IV	9,2	2,1	133,3	3,6	0,3	133,2
2024							
	I	8,3	0,6	132,6	8,1	-1,6	134,0
	II	-0,8	6,2	131,4	3,0	9,3	136,0
	III	6,0	11,3	135,3	9,6	8,9	138,0
	IV	13,8	10,5	137,6	6,5	6,8	136,3


(1) situación = indicador de situación armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100 a +100);
expectativas = indicador de expectativas harmonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100, todos os informantes teñen expectativas negativas, a +100, todos os informantes son optimistas);
ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado : constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.1.25.

2019, o IPI en Galicia tan só é superior en 2024 no caso dos bens de consumo, cunha medra do 2,2%, punto e medio superior ao rexistrado no con xunto de España. No extremo oposto, o IPI dos bens intermedios redúcese un 3,2%, porcentaxe superior á experimentada polos bens enerxéticos (-1,4%) e dos bens de equipo (-0,5%).

Tal como se observa no **cadro 3.1.24.**, o IPI correspondente ao conxunto das ramas industriais manufactureiras aumenta no último ano en Galicia un 2,1% respecto ao ano 2023, case un punto superior ao estimado para o conxunto do Estado (1,2%). As ramas de actividade que presentan en Galicia un mellor

Índice de confianza empresarial harmonizado (ICEH) 2015-24



ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado: constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas

Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.1.26.

comportamento atendendo á súa evolución son as de fabricación de fabricación de maquinaria e equipamento (15,3%); confección e roupa de vestir (11,9); fabricación de bebidas (11,5%) e a industria de papel (11,1%); situándose no extremo oposto a industria téxtil, cunha caída do 14%; as artes gráficas (-12,3%) e a fabricación de produtos minerais non metálicos (-11,9%). Se a comparación se realiza co índice medio no ano 2019, en Galicia cómpre mencionar ao incremento das actividades de fabricación de mobles, cunha medra interanual do 9,8%; confección de roupa de vestir, cun 8,6%; e fabricación de maquinaria e equipamento, cunha medra do 5,3%; en contraposición do acontecido coas actividades de artes gráficas e metalurxia, cunha do 15% e 12,5%, respectivamente; e a fabricación doutro material de transporte, cunha caída do 9,7%.

Un indicador que mostra as expectativas dos empresarios é o Índice de confianza empresarial, con datos que rexistran claramente o impacto da crise orixinada pola pandemia. Neste senso, o índice galego de confianza empresarial (**cadro 3.1.25.**) amosa expectativas claramente pesimistas dende o segundo trimestre do ano 2020 ata o primeiro de 2023. A partir dese momento, o índice de expectativas do trimestre entrante presenta con carácter xeral valores positivos, acadando un valor de 13,8 puntos no cuarto trimestre do ano, o valor máis elevado de toda a serie considerada. Este cambio nas expectativas é máis positivo en Galicia que no conxunto de España, rematando o ano cun ICEH 1,3 puntos superior ao estimado en España –dende o inicio da crise económica orixinada pola pandemia este feito só se producira no segundo trimestre de 2020 e no derradeiro trimestre de 2023 (**gráfico 3.1.26.**).

Outro indicador que nos permite observar a evolución do sector industrial, e en concreto da industria manufactureira, é o das variacións interanuais das vendas dos seus produtos. Tal como se amosa no **cadro 3.1.27.**, este indicador reflicte un descenso do 2,6% acadando o valor das vendas os 42.074,1 millóns de euros, o 7,2% do total estatal. As producións que achegan maior valor son as de alimentación (23,3% do total) e a de vehículos

Vendas de produtos da industria manufactureira 2023: distribución segundo agrupacións de actividade

	Valor			
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(Galicia/España)*	*Taxa variación interanual (%)*
Alimentación	9.804.122	23,3	7,9	6,3
Bebidas	1.455.444	3,5	7,5	14,6
Tabaco	-	-	-	-
Textil	106.378	0,3	2,2	6,7
Confección de prendas de vestir	1.704.647	4,1	44,8	1,2
Coiro e calzado	185.513	0,4	5,4	-8,6
Madeiras e cortiza	1.352.355	3,2	16,5	-7,6
Papel	589.784	1,4	3,5	10,2
Artes gráfica e reproducción de soportes	125.506	0,3	2,8	-23,6
Coquerías e refino do petróleo	-	-	-	-
Industria química	815.057	1,9	2,0	-15,5
Productos farmacéutios	-	-	-	-
Manufacturas de caucho e plástico	1.040.098	2,5	4,6	-11,0
Produtos minerais non metálicos	911.714	2,2	4,3	-4,5
Produción, 1º transformación e fundición de metais	1.864.775	4,4	5,6	-30,9
Produtos metálicos	2.390.733	5,7	5,9	6,0
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	184.658	0,4	4,2	8,6
Material e equipo eléctrico	452.760	1,1	2,9	-19,1
Maquinaria e equipo	1.260.596	3,0	5,5	17,4
Vehículos de motor, remolques e semirremolques	9.050.617	21,5	13,9	20,2
Outro material de transporte	506.572	1,2	4,2	7,4
Mobles	700.311	1,7	8,7	-5,7
Outras industrias manufactureiras	166.081	0,4	3,7	-9,6
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	1.182.457	2,8	6,6	6,1
Produción de enerxía eléctrica, gas e vapor	2.408.275	5,7	8,6	-34,1
Total	**42.074.126**	**100,0**	**7,2**	**-2,6**

Nota: '..' = datos protexido polo secreto estatístico
Fonte: INE, *Encuesta Industrial de Productos*


3.1.27.

de motor (21,5%), así como a de produtos enerxéticos, electricidade, gas e vapor e a fabricación de produtos metálicos (5,7%). Atendendo ao seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal destacan as actividades de confección de prendas de vestir e as de madeira e cortiza, que representan un 44,8% e 16,5% das vendas do conxunto do Estado, respectivamente. Asemade, cómpre resaltar que o peso relativo do sector vehículos de motor, remolques e semirremolques ascende ata o 13,9%.

Finalmente, a evolución do prezo da electricidade para os consumidores industriais afecta de xeito directo sobre a rendibilidade das empresas. O prezo da electricidade aumenta notablemente a partir do primeiro semestre do ano 2021, acadando no segundo semestre de 2022 os valores máis elevados. O **cadro 3.1.28.** amosa que en 2023 e 2024 o prezo da electricidade por KWh consumido pagado en España polos consumidores industriais con consumos entre 500 MWh e 2.000 MWh sitúase por debaixo da media europea (UE-27) ao igual que acontecía no primeiro semestre de 2020 e 2021.

Comparado o prezo rexistrado no segundo semestre de 2024 co mesmo período do ano an-

Índices do prezo da electricidade para consumidores industriais na UE-27 e España 2017-24 (1)



(1) Rango de consumo entre 500 e 2.000 MWh. Incluído impostos e gravames
Fonte: EUROSTAT

3.1.28.

terior, o prezo na UE descendeu un 7% fronte ao 3,7% en España. Por contra, se a comparación se realiza cos datos correspondentes ao segundo semestre de 2019, o prezo no conxunto da UE (medido en paridade de poder adquisitivo) medra significativamente por riba do experimentado en España, incrementándose un 57,5% e 32,4%, respectivamente.

Subsector enerxético

Segundo os datos do balance enerxético facilitados por Red Eléctrica de España, a xeración de enerxía eléctrica en Galicia redúcese en 2024 un 3,2% en relación á enerxía total xerada no ano anterior, descenso máis de dous puntos e medio superior ao rexistrado no conxunto do Estado (-0,5%). No último ano Galicia xerou un total de 23.077,5 GWh, sendo o seu peso relativo no total estatal do 8,8%, dúas décimas inferior ao do ano anterior. Este dato sitúa a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma en termos de xeración de enerxía eléctrica por detrás de Cataluña, Estremadura, Castela–A Mancha, Andalucía e Castela e León.

A demanda de enerxía medra no ano 2024 en Galicia un 5,2% para situarse en 13.869,6 GWh. Tendo en conta o incremento da demanda enerxética en España do 0,9%, a súa importancia relativa no total estatal aumenta ata o 5,6% cando en 2023 representaba o 5,3%. O saldo de intercambios segue a ser excedentario, rexistrándose un saldo exportador de 8.823,9 GWh, un 14,6% inferior ao do ano precedente. Do mesmo xeito, no conxunto do Estado o saldo excedentario redúcese un 26,7% respecto ao ano anterior para situarse nos 10.227 GWh.

O balance enerxético de REE reflicte que esa redución da xeración enerxética en Galicia vén motivada pola acusada caída interanual no conxunto das fontes non renovables o que contrasta coa redución rexistrada no caso das renovables. En concreto, a xeración de enerxía renovable medra un 8% respecto ao ano anterior fronte ao caída do 38,3% no caso das fontes non renovables. No conxunto de España a xeración a partir de fontes renovables medra un 10,3%, reducíndose a xeración de enerxía coas fontes non renovables un 11,9%.

Balance enerxético de Galicia 2023-24

	Galicia				Galicia / España	
	2024		2023		2024	2023
	MWh	(% total)	MWh	(% total)	(%)	
Xeración renovable	**19.518.039,66**	**84,6**	**18.077.432,86**	**75,8**	**13,1**	**13,4**
Hidráulica	10.130.801,82	43,9	8.433.156,42	35,4	29,0	32,7
Eólica	8.860.396,65	38,4	9.107.174,63	38,2	14,5	14,5
Solar fotovoltaica	22.001,14	0,1	22.272,88	0,1	0,0	0,1
Outras renovables	335.777,18	1,5	355.028,18	1,5	9,1	9,9
Residuos renovables	169.062,87	0,7	159.800,75	0,7	21,0	18,9
Xeración non renovable	**3.559.418,73**	**15,4**	**5.766.970,32**	**24,2**	**3,1**	**4,5**
Ciclo combinado	2.134.068,46	9,2	3.788.268,46	15,9	6,0	8,1
Carbón			676.749,01	2,8		16,9
Coxeración	1.256.287,41	5,4	1.142.152,10	4,8	7,7	6,6
Residuos non renovables	169.062,87	0,7	159.800,75	0,7	12,6	12,1
Enerxía total xerada	**23.077.458,39**	**100,0**	**23.844.403,17**	**100,0**	**8,8**	**9,0**
Turbinación bombeo	**203.231,36**	**0,9**	**199.055,15**	**0,8**	**3,7**	**3,8**
Consumos en bombeo	**- 587.122,47**		**- 529.101,75**			
Saldo de intercambios	**- 8.823.940,86**		**- 10.328.442,55**			
Demanda en b.c.	**13.869.626,42**		**13.185.914,02**		**5,6**	**5,3**

Notas

Balance eléctrico: asignación de unidades de produción segundo combustible principal.
Outras renovables: inclúe biogás, biomasa, hidráulica mariña exeotérmica. Os valores de incrementos e ano mobil inclúen resíduos ata o
Resíduos renovables :xeración incluida noutras renovables e coxeración ata o 31/12/2014.
Turbinación de bombeo puro + estimación de turbinación de bombeo mixto.
Ciclo combinado: Inclúe funcionamento en ciclo aberto.
Coxeración: os valores de incrementos e ano móbil inclúen residuos ata o 31/12/2014.
Residuos non renovables: xeración incluida noutras renovables e coxeración ata o 31/12/2014.
Demanda correxida: correxidos os efectos de temperatura e laboralidade.
Valor positivo: saldo importador; valor negativo: saldo exportador. Os valores de incrementos non se calculan cando os saldos de intercambios teñen distinto signo.

Consulta: 1-7-2025

Fonte: Red Eléctrica de España

3.1.29.

O devandito incremento interanual da xeración de enerxía por medio de fontes renovables explícase fundamentalmente pola medra da enerxía hidráulica nun 20,1% (1.697,6 GWh máis), fronte á caída no caso da enerxía eólica nun 2,7% (246,8 GWh menos). Do mesmo xeito, no conxunto do Estado a xeración mediante a enerxía hidráulica medra un 35,5%, en tanto que a eólica descende nun 2,8%. Entre as fontes non renovables cómpre mencionar o descenso en máis dun 43% na xeración mediante ciclo combinado, o que supón 1.654,2 GWh menos (23,4% en España), sendo esta porcentaxe do 100% na caso do carbón, aumentando por contra un 10% no caso da coxeneración (redúcese un 5,6% en España).

A produción de enerxía hidráulica sitúase no último ano como a principal fonte de produción de enerxía, concentrando o 43,9%, mentres que a enerxía eólica, tras a redución experimentada en Galicia, se sitúa como a segunda fonte máis importante ao representar o 38,4% do total xerado. A xeración mediante ciclo combinado mantense en terceiro lugar, representando o 9,2% da xeración total en Galicia.

No concernente á produción de enerxía eléc-

Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2023-24

2024

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
		(en tm.)		
Galicia	**2.157.264**	**309.204**	**1.754.743**	**93.318**
A Coruña	845.224	124.864	639.171	81.189
Lugo	351.474	37.824	313.164	486
Ourense	284.496	36.411	243.803	4.282
Pontevedra	676.070	110.105	558.604	7.361
España	**35.644.354**	**6.517.477**	**26.393.897**	**2.732.980**
Galicia/España *(%)*	6,1	4,7	6,6	3,4

2023

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
		(en tm.)		
Galicia	**2.170.711**	**291.129**	**1.755.780**	**123.802**
A Coruña	877.763	119.877	658.275	99.611
Lugo	358.571	35.203	319.055	4.314
Ourense	285.520	33.910	243.120	8.491
Pontevedra	648.857	102.139	535.331	11.387
España	**33.474.292**	**6.060.176**	**26.323.699**	**1.090.417**
Galicia/España *(%)*	6,5	4,8	6,7	11,4

Fonte: Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos

3.1.30.

trica a partir de enerxías renovables, coxeración e residuos, os datos publicados pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) amosan novamente un descenso da enerxía vendida e un lixeiro incremento da potencia instalada. En 2024 vendéronse en Galicia un total de 12.648,7 xigavatios, un 0,2% menos que no exercicio precedente, o que contrasta co incremento do 3,1% estimado para o conxunto do Estado. Tras esta caída Galicia mantense como a quinta Comunidade con maior enerxía vendida (9,4% do total estatal) por detrás de Andalucía (17,3%), Castela–A Mancha (15,8%), Castela e León (13,9%) e Aragón (12,9%).

Atendendo á distribución segundo tipo de enerxía, o 69% da enerxía vendida en Galicia en 2024 (8.731,5 xigavatios) corresponde á eólica, seguida da enerxía hidráulica que representa o 15,6% (1.968,2 xigavatios) e a cogeneración, co 9,9% (1.253,3 xigavatios).

A potencia instalada é de 5.161,6 megavatios, un 0,3% superior á do ano anterior, o que representa o 7,2% da potencia total en España. En relación ás demais CC.AA., Galicia mantense no quinto lugar, por detrás de Andalucía (17,5%), Castela–A Mancha (17,4%), Castela e León (14,4%) e Aragón (12,4%).

O consumo de produtos petrolíferos descende novamente en 2024 en Galicia fronte ao incremento experimentado no conxunto do Estado; en concreto, o consumo descende na C.A. un 0,6% en tanto que aumenta un 6,5% en España. Tras esta evolución, o consumo destes produtos sitúase en Galicia en 2.157,3 miles de toneladas métricas, o que representa o 6,1% do total estatal (6,5% no ano anterior).

A devandita caída interanual prodúcese tanto

no caso dos gasóleos como fuelóleos. Dunha banda, o **cadro 3.1.30.** amosa como o consumo de gasóleos redúcese en Galicia un 0,1% e o de fuelóleos un 24,6%, o que contrasta coa medra do 6,2% no caso da gasolina. España presenta unha medra nos tres casos, aumentando o consumo de fuelóleos un 150,6%, fronte ao 7,5% no caso da gasolina e do 0,3% no do gasóleo.

O produto máis consumido son os gasóleos, que representan un 81,3% do consumo total en Galicia (74% en España). A importancia relativa do consumo de fuelóleo en Galicia é do 4,3% (7,7% en España) e do 14,3% no caso das gasolinas (18,3% no conxunto do Estado).

Industria da automoción


As Contas económicas anuais de Galicia, publicadas en novembro de 2024 con datos para o ano 2022, rexistran un VEB do sector de Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques de 1.367,5 millóns de euros, e 15.748 postos de traballo equivalentes a tempo completo. Esta actividade aporta o 16,2% do valor engadido bruto xerado pola industria manufactureira galega nese ano, sendo esta porcentaxe do 17,3% no ano anterior (15,1% en 2008 e 16,4% en 2019); no conxunto da economía galega o sector supón o 2,1% do VEB galego total, porcentaxe similar ao rexistrado en 2008 e 2019. No que respecta ao emprego, o 11,8% do total de empregados do sector manufactureiro en Galicia o está nas actividades de fabricación de vehículos de motor, catro décimas menos que no ano precedente (11,4% en 2019 e 11,9% en 2008).

Os datos correspondentes ao ano 2024 reflicten que Galicia contaba con 15.751 afiliacións en alta laboral no sector de fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques, o que supón un 1,3% máis que no ano anterior (199 afiliacións máis). Do total de afiliacións no sector, 7.958 estaban no subsector de fabricación de compoñentes, pezas e accesorios (50,5% do total); 6.588 no de fabricación de vehículos de motor (41,8%); e as 1.205 restantes no de fabricación de carrocerías (7,6%). O subsector de fabricación de compoñentes presenta unha lixeira destrución de emprego, cunha caída do 0,3% (27 afiliacións menos) aumentando por contra un 9,1% no caso das actividades de fabricación de carrocerías (121 afiliacións máis) e un 1,9% no de fabricación de vehículos de motor (125 máis).

Os datos facilitados pola Fundación Clúster da Automoción de Galicia (Ceaga), que agrupa a 200 empresas pertencentes a máis de 20 divisións diferentes da clasificación CNAE, mostran que no exercicio 2024, caracterizado pola incerteza xerada polo impacto da electrificación ou a competencia dos países *low cost*, a facturación das empresas do sector da automoción en Galicia acada os 12.800 millóns de euros, o que supón un descenso do 1,5% respecto ao ano anterior; mentres que o valor das exportacións reducíronse un 4,5% para situarse nos 8.970 millóns de euros, o que equivale ao 29% das exportacións galegas. Con todo, cómpre resaltar que as exportacións de compoñentes medraron un 10% acadando os 2.170 millóns de euros, o seu máximo histórico. No devandito contexto de incerteza, o investimento das empresas aumenta ata os 167 millóns de euros fronte aos 132 do ano precedente.

Fronte á evolución mostrada polo sector do automóbil en Galicia, a Dirección General de Tráfico (DGT) rexistra un incremento das matriculacións de vehículos. Ao longo do ano 2024 matriculáronse 47.745 vehículos, o 3% do total estatal, o que supón unha medra interanual do 6,5% (2.926 vehículos máis). Neste último ano aumenta de xeito conside-

Facturación e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2008-24 (1)



(1) facturación en millóns de euros
Fonte: Clúster da Automoción de Galicia

3.1.31.

rable o número de matriculacións de turismos, que en 2024 ascende a 33.627 matriculacións, o que supón un 9% máis que no ano precedente (2.779 turismos máis), manténdose o seu peso relativo no total estatal no 3%.

Industria naval


A industria naval (CNAE 30.1) presenta en 2024 unha mellora tanto da súa carteira de pedidos e da actividade produtiva, como da ocupación no conxunto do sector. Dunha banda, esta actividade industrial contaba de media con 4.911 afiliacións, 118 afiliacións máis respecto ao ano anterior (2,5%). Este comportamento foi desigual entre as distintas provincias galegas. Fronte ao incremento das afiliacións na Coruña nun 7,9% (187 afiliacións máis), Pontevedra presenta unha caída interanual do 2,8% (65 afiliacións), e Lugo do 5,5% (4 menos que no ano anterior). Tras esa evolución, A Coruña mantense como provincia galega con maior número de afiliados no naval, con 2.564 persoas (52,2% do total do sector) fronte ás 2.279 afiliacións en Pontevedra (46,4%).

No que á actividade contractual se refire, dos 36 novos contratos asinados en España en 2024, once contratos corresponden aos estaleiros galegos, catro máis que no ano anterior. Asturias presenta o maior número de novos contratos, con 20 contratos, ascendendo a cinco no caso dos estaleiros do País Vasco. O devandito incremento tradúcese nunha medra do arqueo bruto compensado (CGT), que no último ano ascendeu en Galicia ata os 43.761 CGT, o 29% do total estatal, fronte 46,8% de Asturias e o 24,2% do País Vasco.

A carteira de pedidos dos estaleiros galegos a 31 de decembro aumenta ata os 22 buques, cinco máis que na mesma data do ano anterior, o equivalente a 108.765 CGT (o 40,4% do total estatal). No último ano, o número de buques en carteira ascende en Asturias a 31 buques, e no País Vasco a 7 buques.

En relación á actividade produtiva, o índice de actividade ponderada, que ten en conta as postas de quilla, botaduras e entregas (probas oficiais), reflicte un incremento do arqueo bruto compensado dos estaleiros galegos. En 2024 o arqueo sitúase en 49.733 CGT, o que supón o segundo valor máis elevado dende o ano 2019 tal e como se aprecia no **gráfico 3.1.32..** Comparado co resto das CC.AA. este

Construción naval nos estaleiros galegos 2008-24: actividade contractual e actividade produtiva



Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, *Construcción naval. Boletín informativo trimestral*

■ 3.1.32.

dato a sitúa como a Comunidade con maior actividade, superando a Asturias (41.190 CGT) e País Vasco (31.466 CGT).

Industria téxtil

As contas económicas de Galicia reflicten que o valor engadido bruto xerado polo sector téxtil (división 13–15 da CNAE 2009) acadou en Galicia no ano 2022 os 424,4 millóns de euros, dos que 374 corresponden á confección e prendas de vestir e industria de coiro e do calzado (CNAE 14-15). O número de postos de traballo equivalente a tempo completo ascende a 9.786, dos que 8.068 pertencen ao subsector de confección e prendas de vestir e industria de coiro e do calzado. Atendendo ao seu peso no conxunto da economía galega, esta rama de actividade representa o 5% do valor engadido bruto xerado pola industria

manufactureira, o valor máis reducido dende o ano 2000 tan só por riba do estimado en 2020 (3,7%), e o 7,3% do emprego (7,5% se se consideran as horas traballadas).

O promedio de afiliación á Seguridade Social na industria téxtil en Galicia en 2024 acadou as 10.157 afiliacións, 33 menos que no ano anterior (-0,3%), o que supón o 7,4% das afiliacións da industria manufactureira, unha décima menos que no ano anterior. Cómpre resaltar que esta importancia relativa descende paulatinamente dende o inicio da crise financeira de 2008, cando supuña o 9,9% (8% en 2019). O devandito descenso da afiliación explícase pola caída experimentada no sector da industria téxtil (33 afiliacións menos; -2,1%) e na rama de confección de roupa de vestir (21 afiliacións máis; 0,3%), aumentando por contra as afiliacións na industria de coiro e calzado (21 afiliacións; 6,1%). Na rama de confección de roupa de vestir rexístranse no último ano un total de 8.242 afiliacións, o 81,1% do total da industria téxtil galega.

Industria da alimentación e bebidas

As contas anuais reflicten que a produción da industria de alimentación (división 10 e 11 da CNAE) ascendeu no ano 2022 a 1.940,8 millóns de euros, e representa o 23% do valor xerado pola industria manufactureira en Galicia. Dentro da industria da alimentación, a participación das seis ramas que a forman é a seguinte: a rama da conserva e do conxelado de peixe achega o 27% do seu VEB, seguida pola fabricación de bebidas, cun 21,2%; e da rama de procesamento e elaboración de produtos cárnicos, co 16,9% do VEB. Asemade, as ramas de fabricación de produtos lácteos achegan o 10% e a de fabricación de produtos para a alimentación animal, un 5%.

No concernente ao emprego, as contas económicas anuais (datos 2022, último dispoñible publicado en novembro de 2024) indican que o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo aumentou ata os 34.001 postos de traballo, o 25,5% do total da industria manufactureira galega, dos que 12.048 corresponden á actividade de procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos (35,4%); e 4.859 ao subsector de procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos (14,3%). A fabricación de produtos lácteos concentra o 7,8% do emprego neste subsector industrial (2.645 postos de traballo equivalentes a tempo completo) e o de bebidas o 9,8% (3.339 postos).

As afiliacións á Seguridade Social na industria da alimentación e fabricación de bebidas ascenderon en 2024 ata as 35.079 persoas, o que supón unha medra do 0,8% respecto ao ano anterior, das que 31.684 están na industria de alimentación e as restantes 3.395 afiliacións á de fabricación de bebidas (0,5% e 3,4% máis, respectivamente). Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, o peso relativo da afiliación no sector da industria da alimentación no total da industria manufactureira aumenta ata o 23,1% no último ano (22,5% en 2019), aumentando o sector de fabricación de bebidas en torno ao 2,5% (2,2% en 2019).

Industria da madeira

Segundo os datos proporcionados na estatística forestal de Galicia, o aproveitamento nos bosques galegos no ano 2024 descendeu ata os 9,4 millóns de metros cúbicos de madeira, o que supón unha caída interanual do 4,1% As principais especies son o Eucalyptus spp., que representa o 56,8% do aproveitamento total, seguido polo Pinus pinaster e Pinus radiata, co 19,2% cada un.

A industria da madeira e fabricación de mo-

Volume de aproveitamento total (1) segundo especie 2019-24

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	24/23
			(en m^3)				(%)
Pinus pinaster	1.809.623,54	1.629.422,28	1.905.712,23	2.172.193,29	1.728.088,95	1.803.266,09	4,4
Pinus radiata	1.704.128,23	1.628.839,05	1.938.682,74	1.981.622,32	1.659.236,47	1.801.632,06	8,6
Pinus sylvestris	116.710,48	130.481,00	194.675,55	222.210,90	359.923,29	117.079,79	-67,5
Outras / mistura coníferas	168.307,32	84.683,42	65.476,19	110.511,85	66.928,53	65.375,19	-2,3
Eucalyptus spp.	5.621.413,63	5.287.384,95	5.606.947,48	6.229.792,88	5.658.722,96	5.329.392,81	-5,8
Frondosas caducifolias	270.162,62	230.022,79	255.244,68	281.288,03	295.262,22	236.837,22	-19,8
Outras frondosas non caducifolias	13.077,14	15.827,62	20.886,61	18.542,31	31.032,18	19.928,55	-35,8
Total	**9.703.422,94**	**9.006.913,81**	**9.987.983,74**	**11.016.649,58**	**9.799.572,65**	**9.390.777,33**	**-4,2**

(1) Xestión pública e xestión privada

Fonte:Consellería do Medio Rural, *Anuario de Estadística Forestal de Galicia*

3.1.33.

bles (ramas 16 e 31 da CNAE), segundo as contas económicas, xera un VEB no ano 2022 de 652,7 millóns de euros, dos que 489,9 millóns de euros corresponden as actividades da industria da madeira e da cortiza. O número de postos de traballo equivalentes a tempo completo ascende a 12.500, dos que 7.946 postos pertences á xa citada industria da madeira e da cortiza. A industria da madeira considerada de xeito conxunto representa o 7,7% do valor engadido bruto xerado polo sector manufactureiro e o 9,4% do emprego na industria manufactureira en Galicia (9,5% se se consideran as horas traballadas).

As afiliacións á Seguridade Social nas devanditas ramas de actividade acadaron no último ano as 12.711 persoas, o que supón o 9,2% das afiliacións da industria manufactureira, das que 8.817 afiliacións están na industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría (o 69,4%) e as restantes 3.894 afiliacións á fabricación de mobles (30,6%). Respecto ao ano anterior, as afiliacións descenden un 0,9% (112 afiliacións menos), impulsada pola caída do 1,4% das afiliacións da industria da madeira (121 menos), o que contrasta co incremento na industria de fabricación de mobles (0,2%; 9 afiliacións máis). ❑


Sector construción

O sector da construción caracterizouse en 2024 polo seu significativo dinamismo ao medrar a súa actividade un 4,1%, o que supón dous puntos e medio por riba do estimado no ano precedente (1,6%). Fronte a este comportamento, no conxunto do Estado a construción mantén o seu ritmo de crecemento, cunha medra interanual do 2,1% tanto en 2024 como en 2023. En termos monetarios o sector da construción en Galicia, segundo os datos da estimación das contas económicas trimestrais do IGE, xerou un VEB de 5.001,3 millóns de euros, o 6,1% do PIB galego no ano 2024, porcentaxe similar á estimada para o ano anterior; o que determina un emprego no sector de 83.848 postos de traballo equivalentes a tempo completo, o 7,8% do total, unha décima menos que no ano precedente. No conxunto do Estado o sector da construción representa o 5,3% do PIB e o emprego supón o 7,1% do total de postos de traballo a tempo completo.

O devandito dinamismo do sector en 2024 tradúcese nun incremento das afiliacións á Seguridade Social do 1%, alcanzando as 81.339 afiliacións, o 7,6% do total galego. Este incremento prodúcese nas ramas de actividade de enxeñería civil, cunha medra interanual do 3,3% (146 afiliacións máis) e na de construción especializada, cunha medra do 1,5% (743 máis). Por contra, as afiliacións descenden lixeiramente no caso da construción de edificios (-0,3%; 71 afiliacións menos). O subsector máis importante en termos de emprego é o de actividades de construción especializada, con 51.612 afiliacións, o que representa o 63,5% do sector da construción, fronte ás 25.216 no caso da construción de edificios (31%).

Á hora de analizar o sector hai que observar tanto a evolución de indicadores de oferta, entre os que salientan os visados de dirección de obra ou a licitación pública, como os indicadores de demanda, principalmente compravenda de vivendas, número de hipotecas constituídas ou os indicadores de accesibilidade á vivenda.


Distribución porcentual do VEB do sector da construción por comarcas. 2020



Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir do IGE.

MAPA 4.


VEB e emprego na construcción (1) (2)



(1) VEB pm, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 05-03-2025)
(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.34.

O sector da construción 2022



Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia*

3.1.35.

No que respecta aos visados de obra nova proporcionados polo Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible (**cadro 3.1.36.**), que se poden tomar como un indicador adiantado da actividade no sector, ao longo de 2024 visáronse 1.990 edificios novos, o que supón un 13% superior ao rexistrado no ano anterior. Ao igual que acontecía en 2023, o sector presenta no conxunto do Estado un peor comportamento, ao aumentar os visados de obra nova un 5,7%. Tras esta evolución, a superficie total experimenta unha medra interanual do 47,4% e se sitúa en 1.527.036 metros cadrados (490.758 máis).

Atendendo á súa distribución segundo destino principal, o devandito incremento veu motivado fundamentalmente pola evolución

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2023-24: distribución segundo tipo de obra

Obra nova

	Galicia			España		
	2024	2023	24/23 (%)	2024	2023	24/23 (%)
Total edificios	**1.990**	**1.761**	**13,0**	**34.874**	**33.002**	**5,7**
Uso residencial	1.633	1.500	8,9	30.610	29.069	5,3
Servizos comerciais	88	56	57,1	1.329	1.181	12,5
Uso industrial	48	39	23,1	417	401	4,0
Outros	221	166	33,1	2.518	2.351	7,1


Obras de ampliación

	Galicia			España		
	2024	2023	24/23	2024	2023	24/23
Total edificios	**175**	**148**	**18,2**	**3.627**	**3.464**	**4,7**
Vivendas	120	105	14,3	2.679	2.553	4,9
Outros	55	43	27,9	948	911	4,1


Obras de reforma e/ou restauración

	Galicia			España		
	2024	2023	24/23	2024	2023	24/23
Total edificios	**2.196**	**1.850**	**18,7**	**30.048**	**28.309**	**6,1**
Vivendas	1.709	1.462	16,9	23.934	22.327	7,2
Outros	487	388	25,5	6.114	5.982	2,2

Galicia



España



Fonte: Ministerio de Transportes Y Movilidad Sostenible, *Obras en edificación*

■ 3.1.36.

Licitación pública en Galicia e España 2023-24: distribución segundo administracións

	2024		2023		24/23	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
		(en millóns de euros)			*(%)*	
Administración Xeral do Estado	**469,7**	**8.552,3**	**834,8**	**10.055,6**	**-43,7**	**-14,9**
Mº Transportes, Mov. Sost.	304,9	5.867,2	424,3	7.308,4	-28,1	-19,7
Mº para a Transición Ecolóxica	31,7	665,5	118,6	786,1	-73,3	-15,3
Resto Admón. Xeral	133,1	2.019,6	291,9	1.961,1	-54,4	3,0
Administración Autonómica	**481,6**	**8.648,8**	**628,1**	**7.859,3**	**-23,3**	**10,0**
Administración Local	**470,7**	**12.331,6**	**391,9**	**9.139,3**	**20,1**	**34,9**
Concellos	424,4	9.729,4	325,8	7.228,2	30,3	34,6
Outras Administracións	46,4	2.602,2	66,1	1.911,1	-29,8	36,2
Total licitación	**1.422,0**	**29.532,7**	**1.854,8**	**27.054,2**	**-23,3**	**9,2**

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.1.37.


dos visados de dirección de obra para uso residencial, que presentan en Galicia unha medra interanual do 8,9% (5,3% en España) para situarse nos 1.633 visados. O número de visados de dirección para superficies comerciais e almacenamento ascende a 88, un 57,1% máis que no ano anterior (24 visados máis), e os de uso industrial a 49, nove visados máis. O devandito incremento da superficie total a construír vén motivada tanto pola medra da superficie a construír no caso do uso residencial (56,1%; 440.340 metros cadrados máis) como, en menor medida, pola superficie de uso non residencial (20,1%; 50.418 metros cadrados máis).

A evolución dos visados de obras de reforma e/ou restauración reflicte igualmente o mellor comportamento en Galicia que en España. En 2024 reformáronse en Galicia un total de 1.709 vivendas, un 16,9% máis que no ano anterior (247 vivendas máis), fronte ao incremento do 7,2% no conxunto do Estado. Estas reformas contaron cun orzamento de 170,3 millóns de euros, un 32,7% máis que no ano precedente (41,9 millóns máis), o que supón o valor máis elevado dende 2008.

No concernente á licitación de obra pública, 2024 caracterizouse por unha caída interanual do 23,3% no seu importe total, descenso motivado polo comportamento da Administración Xeral do Estado (AXE) e a Autonómica. Esta redución contrasta co incremento experimentado no conxunto do Estado, cunha medra interanual do 9,2%. En termos nominais, a licitación pública acadou os 1.422 millóns de euros, 432,8 millóns de euros menos que en 2023, o que supón o 4,8% do total estatal (6,9% no ano anterior).

Atendendo aos distintos niveis administrativos, a licitación pública da AXE na comunidade autónoma redúcese un 43,7%, o que supón case o triplo do descenso rexistrado en España (14,9%). No ano 2024 a licitación ascende a 469,7 millóns de euros, o que representa o 33% da licitación total en Galicia. Como mostra o **cadro 3.1.37.**, o investimento do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible sitúase en 304,9 millóns de euros (28,1% menos que en 2023), acadando a licitación pública do Ministerio de Transición Ecológica os 31,7 millóns de euros (118,7 millóns no ano anterior) e os 133,1 millóns de euros a do resto dos ministerios (54,4% inferior).

Licitación oficial de Galicia por tipo de obra 2010-24



Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.1.38.

Xunto ao devandito descenso na AXE, a licitación pública da Administración Autonómica redúcese no último ano un 23,3% para acadar os 628,1 millóns de euros, o que representa o 33,9% da licitación pública total en Galicia. Por contra, a licitación da Administración Local aumenta un 20,1% no último ano para situarse nos 470,7 millóns de euros, o 33,1% do total licitado.

A pesar do forte descenso experimentado pola licitación de obra pública na provincia da Coruña, esta mantense como a que concentra un maior volume, con 520,2 millóns de euros en 2024, o 38,7% da licitación total de Galicia; por diante de Pontevedra, con 534,9 millóns (37,6%); Lugo, con 176,7 millóns de euros (12,4%); e por último Ourense, con 137,1 millóns de euros (9,6%). En relación ao ano anterior, a licitación pública medra tan só na provincia de Pontevedra, reducíndose de xeito significativo nas outras provincias. En concreto, o incremento en Pontevedra foi do 30,1%, sendo a caída superior ao 41% na Coruña e Ourense, e do 21,9% en Lugo.

No concernente á desagregación da licitación segundo tipos de obra, a licitación en obra civil situouse en 2024 en 806,9 millóns de euros, un 28,4% inferior ao rexistrado no ano anterior (1.127,6 millóns en 2023), o que supón o 56,7% do total galego. Por contra, a licitación en edificación redúcese un 16,8% en relación ao ano anterior, acadando os 615,1 millóns de euros, importe tan só superado polo rexistrado nos dous últimos anos. A pesar deste descenso, a licitación pública en edificación residencial medra ata os 132,7 millóns de euros, un 30,2% máis que no ano precedente (30,8 millóns de euros).

No que aos indicadores de demanda se refire, o principal indicador é a evolución do número de compravenda de vivendas. O **cadro 3.1.39.** mostra que en 2024 o número de compravendas efectuadas sobre vivendas recollidas na "Estadística de transmisiones de derechos de la propiedad" medra un 22,3%, máis de doce puntos superior ao experimentado en España (10%). No último ano rexistráronse en Galicia 23.642 transaccións, o 3,7% do total estatal, o que supón 4.313 máis que no ano prece-

Compravenda de vivendas en Galicia e España 2019-24

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
2019	17.108	8.060	1.842	1.676	5.530	505.467
2020	15.215	7.018	1.627	1.493	5.077	420.238
2021	19.815	9.320	2.420	1.658	6.417	566.485
2022	21.864	10.374	2.603	1.903	6.984	650.265
2023	19.329	9.170	2.309	2.004	5.846	583.651
2024	23.642	11.102	2.922	2.337	7.281	641.919
24/23	4.313	1.932	613	333	1.435	58.268

Fonte: INE, *Estadística de transmisión de derechos de la propiedad*

3.1.39.

dente. A devandita medra prodúcese nas catro provincias, presentando Lugo o maior incremento en termos relativos, cunha medra do 26,5%; por diante de Pontevedra, co 24,5%; A Coruña, cun 21,1%; e Ourense, co 16,6%. Tras esta evolución, a provincia da Coruña concentra o 47% das compravendas galegas fronte ao 30,8% en Pontevedra, situándose estas porcentaxes no 12,4% en Lugo e o 9,9% en Ourense.

En relación ao número de compravendas realizadas en 2019, Galicia presenta unha medra do 38,4% (6.534 compravendas máis), sendo esta medra do 27% no conxunto de España. Cómpre mencionar que todas as provincias presentan un mellor comportamento que a media española, rexistrando Lugo o incremento máis intenso, cun 58,6% (1.080 máis), en contraposición a Pontevedra, cun 31,7% máis (1.751 compravendas máis). Nas provincias da Coruña e Ourense este incremento é superior ao 37% (3.042 e 661 compravendas máis entre os dous anos considerados).

Tras o mal comportamento do ano anterior, o devandito incremento da compravenda de vivendas en Galicia e España prodúcese tanto na vivenda nova como usada e tanto na vivenda libre como protexida, sendo este máis intenso na Comunidade autónoma nos catro casos. Dunha banda, das 23.642 transaccións realizadas en Galicia en 2024 o 75,1% corresponde a vivenda usada (79% en España), o que supón 17.754 compravendas. En relación ao ano anterior, o incremento das vivendas usadas foi do 17,7%, case once puntos máis que en España (6,9%), o que supón 2.676 compravendas máis; fronte a unha medra do 38,5% no caso da vivenda usada en Galicia (1.637 transaccións máis) e do 23,4% en España.

Doutra banda, atendendo á distribución segundo réxime de vivenda, o incremento do número de compravendas tanto da vivenda libre como protexida é superior en Galicia que no conxunto do Estado; en concreto, aumenta un 22,5% no caso da vivenda libre, máis de doce puntos superior ao rexistrado en España (10,3%), situándose esta porcentaxe no 16,5% no caso da vivenda protexida, case dez puntos por riba do rexistrado no conxunto do Estado (6,7%). Tras esta evolución, o 97,1% das transaccións realizadas en Galicia corresponde a vivendas libres (22.965 vivendas) e tan só o 2,9% a vivendas protexidas (677 vivendas), sendo estas porcentaxes do 92,6% e 7,4% en España, respectivamente. Comparado co rexistrado no resto das CC.AA. cómpre salientar que Galicia sitúase como a segunda Comunidade autónoma con menor peso da vivenda protexida tras Asturias (1,6%), lonxe do que representa en Estremadura, cun 18,2%; Ara-

Hipotecas en vivenda (sen cambios nas condicións) en Galicia e España 2019-24

	Hipotecas novas (sen cambios nas condicións)						
	2019	2020	2021	2022	2023	2024	24/23
Galicia	10.522	9.930	8.799	12.683	8.902	11.416	28,2
España	321.748	272.060	210.677	351.057	278.602	302.130	8,4
Galicia / España *(%)*	3,3	3,6	4,2	3,6	3,2	3,8	

	Importe medio						
	2019	2020	2021	2022	2023	2024	24/23
	(en miles de euros)						
Galicia	106,9	117,9	176,6	145,1	161,8	161,7	-0,0
España	141,1	167,3	272,9	191,6	193,9	204,3	5,4
Galicia / España *(%)*	75,8	70,5	64,7	75,7	83,4	79,2	

Fonte: INE, *Estadística de hipotecas*

3.1.40.

gón, cun 12,1%; Navarra, co 11,3%; ou País Vasco, co 10,4%.

Outro indicador no ámbito da demanda de vivenda é o número de hipotecas constituídas. Partindo dos datos da Estadística de hipotecas do INE, tense en conta o número de hipotecas novas constituídas sobre vivendas para o que eliminamos do cómputo total de hipotecas aquelas que modificaron as súas condicións pero que non son en si mesmas hipotecas novas. Os datos do INE amosan que a diferenza do acontecido no ano anterior, aumenta significativamente o número de hipotecas constituídas sobre vivendas, tanto as novas como as de vivendas con cambios rexistrais.

O **cadro 3.1.40.** reflicte que en 2024 constituíronse un total de 11.416 hipotecas novas, o que supón un 28,2% máis que no ano anterior. Tendo en conta que o número de hipotecas novas aumenta un 8,4% en España, o seu peso relativo no total estatal ascende ata o 3,8%, seis décimas máis que no ano anterior (3,3% en 2019).

Por tanto, o número de hipotecas novas sobre vivendas segue a ser moi inferior ás compravendas rexistradas, o que é indicativo dun cambio na forma de financiar a compra de vivenda. En 2024 o número de compravendas supera en 2,1 veces o número de hipotecas constituídas tanto en Galicia como en España (2,2 e 2,1 no ano anterior, respectivamente), cando en 2019 esta relación era de 1,6 veces en ambos os dous casos.

O importe medio do total de hipotecas constituídas en Galicia sobre vivendas ascende no último ano ata os 117.349 euros, o que supón o 80,6% do importe medio nacional. Tanto Galicia como España presentan unha medra deste importe, sendo menos intensa na Comunidade Autónoma, cun incremento interanual do 1,3% (2,7% en España).

O indicador do INE sobre prezos da vivenda reflicte que por segundo ano consecutivo o incremento medio dos prezos é inferior á media española. En 2024 o prezo da vivenda medrou en Galicia un 7,4%, máis do dobre do rexistrado no ano anterior (3,6%), sendo este incremento do 8,4% no conxunto de España (4% no ano precedente). Os prezos da vivenda nova presentan tanto en Galicia como en España un incremento superior aos de segunda

Tipo medio dos préstamos hipotecarios 2019-24

	Interbancarios		Tipo medio préstamos hipotecarios Adquisición de vivenda libre	
	Mibor a un ano	Euribor a un ano	A máis de 3 anos Entid. de crédito España	Entre 1 e 5 anos Entid. de crédito Zona euro
	(medias anuais)			
2019	-0,215	-0,215	1,935	1,730
2020	-0,303	-0,303	1,727	1,573
2021	-0,491	-0,491	1,503	1,468
2022	1,088	1,088	2,058	2,058
2023	3,865	3,865	3,987	3,898
2024	3,274	3,274	3,665	3,934

Fonte: Banco de España, *Boletín estadistico*

3.1.41.

man, situándose estas taxas de variación interanual na comunidade autónoma no 8,3% e 7,4%, respectivamente, sendo o diferencial entre ambos máis acusado en España (9,5% e 2,7%, respectivamente).


Finalmente, cómpre facer referencia aos indicadores de accesibilidade á vivenda publicados polo IGE. Dunha banda, o esforzo financeiro que unha persoa asalariada ten de realizar anualmente para facer fronte ás súas obrigas coa entidade financeira –porcentaxe de salario dedicado á cota da hipoteca- redúcese ata o 27,6%, máis dun punto inferior ao do ano anterior (28,7%). Cómpre mencionar que no ano 2008 este indicador situábase no 49,1% e ao inicio da crise orixinada pola pandemia en 2019 no 25,8%.

O prezo adquirible, definido como o prezo máximo que se pode permitir pagar a persoa asalariada media por unha vivenda estándar para que non teña que dedicar máis dun terzo do seu salario anual ao pago da cota anual correspondente a un préstamo hipotecario medio polo 80% do prezo da vivenda, aumenta en Galicia ata os 164.907 euros un 9,4% máis que no ano precedente (14.119,8 euros máis). Tras este incremento o prezo adquirible sitúase un 6,7% por riba do rexistrado en 2019 (9.788,9 euros máis).

A mellora na accesibilidade tamén se reflicte na evolución do cociente entre o prezo medio dunha vivenda e o salario anual medio do traballador, que en 2024 mantense en 5,6 anos, é dicir, necesita case seis anos de salario íntegro para poder comprar unha vivenda estándar sen financiamento (5,8 anos en 2019 e 8,4 anos en 2008).

Por último, se se considera o grao de exposición ao risco, entendido como o cociente entre o prezo medio dunha vivenda estándar e o prezo máximo que se pode permitir pagar o asalariado medio por unha vivenda estándar sen incorrer nun risco financeiro excesivo, expresado en tanto por cento, este indicador sitúase no 82,9%, máis de tres puntos inferior ao rexistrado no ano anterior (86,2%). Este valor, que se mantén por baixo de cen puntos -exposición ao risco da persoa asalariada é aceptable- é o segundo máis elevado dende o ano 2015 tras o acadado no ano precedente (147,3% en 2008 e 77,3% en 2019). ❑

Distribución porcentual do VEB do sector servizos por comarcas. 2020



Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir do IGE.

MAPA 5.

Sector servizos


O VEB xerado polo sector servizos presenta no ano 2024 unha medra interanual do 3,3% en termos reais, seis décimas máis que o estimado no ano anterior, sendo esta medra do 3,7% no conxunto do Estado. O valor engadido medra nas grandes ramas de actividade, presentando a taxa de variación anual máis elevada as actividades de información e comunicación, cun 8,4% (-0,9% no ano anterior); seguida das de "comercio, transporte e hostalería" e "administración pública, sanidade e educación", co 3,6% (5,2% e 1,1% no ano precedente).

En termos monetarios, o valor engadido bruto do sector servizos ascendeu a 53.444,9 millóns de euros, o que representa o 71,7% do VEB galego (65,5% no caso do PIB). No conxunto do Estado estas porcentaxes ascenden ata o 75,8% e 69,1%, respectivamente. Segundo as contas económicas trimestrais, Galicia xera o 4,9% do valor engadido bruto total do sector no conxunto do Estado, peso similar ao estimado no ano precedente.

Os indicadores de actividade do sector servizos proporcionan información da evolución no curto prazo da actividade das empresas do sector. Tal como se indica no informe de indicadores de actividade do sector servizos publicado polo IGE en base aos microdatos sobre estes indicadores subministrados polo INE, **cadro 3.1.44.**, o índice xeral presenta en 2024 unha nova ralentización logo dos fortes incrementos rexistrados nos dous anos posteriores á pandemia. No último ano o índice xeral da cifra de negocios do sector servizos medra un 3,4% (3,6% no ano precedente), porcentaxe que se sitúa no 3% no conxunto do Estado. Esta minoración no ritmo de crecemento apréciase no conxunto das actividades de comercio, cunha medra interanual do 2,2% (3,7% no ano anterior), ao contrario do que acontece en "outros servizos" cuxa taxa de variación é do 6,8%, tres puntos e medio por riba do estimado no ano anterior.

Atendendo aos distintos subsectores, as taxas de variación interanual máis elevadas rexís-

VEB e emprego nos servizos (1) (2)



(1) VEB pm, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 05-03-2025)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais.*


3.1.42.

transe na venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas, cunha medra do 17,6% (9% no ano precedente); situándose este crecemento no 11,1% no caso das "actividades administrativas e servizos auxiliares" e das de "información e comunicacións" (3,9% no ano anterior). Tras a caída rexistrada no ano precedente, as actividades de transporte e almacenamento presentan unha medra interanual do 7,7% (-2,8% en 2023).

No que ao emprego se refire, as contas económicas estiman para o ano 2024 unha ralentización no ritmo de creación de emprego ao aumentar o número de postos de traballo equivalente a tempo completo un 1,5%, e as horas traballadas un 0,9% (2% e 1,7%, respectivamente, no ano precedente. No que aos postos de traballo equivalente se refire, as actividades inmobiliarias presentan o mellor comportamento, cunha medra interanual do 6,1%, por diante das actividades profesionais, cun 3,6%, e das de información e comunicacións, cun 2,9%. Estas tres actividades son as que presentan o maior incremento do número de horas, sendo as actividades inmobiliaria as que teñan as taxas máis elevadas, cun 5,2%, por diante das actividades profesionais, cun 3,6%, e as actividades de información e comunicacións, co 3,1%. Por contra, as actividades financeiras e de seguros volven a presentar en ambos os dous casos un descenso do emprego superior ao 5%, reducíndose as horas traballadas un 2,3% nas actividades artísticas e recreativas (-1,8% no caso dos postos de traballo equivalente a tempo completo).

As afiliacións á Seguridade Social medran un 2,1% (16.398 afiliacións máis), porcentaxe similar á rexistrada no ano anterior. O conxunto de actividades englobadas no subsector de educación e nos servizos de comida e bebidas presentan o maior crecemento, cunha medra do 4,8% (2.784 afiliacións máis) e 2,7% (1.869 afiliacións máis), e as actividades sanitarias, cunha medra do 2,5% (1.766 afiliacións). Por contra, seguen os problemas nas actividades dos fogares como empregadores de persoal

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2022



Fonte: IGE, *Contas económicas de Galicia.*

3.1.43.

Índice de cifra de negocios por sectores de actividade 2019-24

	2019	2020	2021	2022	2023	2024
			(%)			
Xeral	**4,2**	**-13,6**	**26,0**	**24,2**	**3,6**	**3,4**
Comercio	**3,0**	**-15,6**	**22,0**	**26,5**	**3,7**	**2,2**
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	-4,3	-13,0	20,8	12,6	9,0	17,7
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4,0	-19,7	26,6	34,1	2,1	0,1
Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1,8	-3,7	7,7	10,8	6,5	3,4
Outros servizos	**8,3**	**-7,5**	**37,6**	**17,9**	**3,3**	**6,8**
Transporte e almacenamento	15,4	12,0	29,2	31,6	-2,8	7,7
Hostalería	5,5	-47,9	58,0	33,0	17,1	3,5
Información e comunicacións	0,5	1,0	4,8	12,9	3,9	10,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	5,5	-47,9	58,0	33,0	17,1	3,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	0,5	1,0	4,8	12,9	3,9	10,8

(1) Base 2021. Tasas de variación da media do que vai de ano

Fonte: IGE, *Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos.*

3.1.44.

doméstico, con 1.011 afiliacións menos (-4,2%), situándose as actividades relacionadas co transporte aéreo como as de maior descenso en termos relativos no ámbito dos servizos, cunha caída do 29,1% (120 afiliacións menos).

Tras esta evolución, o número de afiliacións no sector servizos ascende 784.831, o que representa o 73,2% do emprego en Galicia. Por ramas de actividade, en termos absolutos salienta o subsector do comercio ao retallo agás vehículos de motor (CNAE 47), con 106.960 afiliacións, o 13,6% do emprego no sector, por diante das actividades de servizos de comidas e bebidas, con 71.188 (o 9,1%), e as actividades sanitarias, con 70.366 afiliacións (9%).


Comercio

As contas económicas trimestrais de Galicia reflicten unha contracción no gasto das familias ao reducirse un 0,3% respecto ao ano anterior, o que contrasta co incremento do 1,6% estimado en 2023. Con todo, cómpre resaltar que o gasto privado supera en 2024 o nivel previo á crise económica nun 1,3%.

No que á actividade comercial se refire, o índice xeral de vendas ao retallo, medido en prezos constantes, presenta en 2024 unha taxa de variación interanual positiva do 1,8% (0,1% no ano precedente), catro décimas por baixo do rexistrado no conxunto do Estado (2,2%). Asemade, tal como se aprecia no **cadro 3.1.45.**, o índice de ocupación presenta en Galicia unha medra de tan só o 0,1% respecto ao ano anterior fronte ao 1,9% no conxunto de España.

O número de establecementos e empresas de comercio ao retallo tanto en Galicia como en España presenta unha nova redución. Dunha banda, o datos recollidos no Directorio central de empresas do INE amosan que o número de locais a un de xaneiro de 2024 descendeu a 30.496, un 2,2% menos que no ano precedente; doutra banda, o número de empresas redúcese ata as 23.311, o que supón un descenso interanual do 3,3%. Atendendo ao seu peso relativo no total galego, este sector de comercio minorista concentra o 14,1% dos locais e o 12,6% das empresas galegas recollidas no Dirce. No conxunto do Estado o número de locais redúcese un 1,4% e o número de em-

Comercio interior minorista 2008-24: índices de vendas e ocupación (1)



(1) Empresas incluídas na división 47 da CNAE-2009 ***Comercio ao retallo, excepto de vehículos de motor e motocicletas***

Fonte: INE, *Índice de comercio al por menor*

3.1.45.

presas de comercio minoristas fíxoo nun 2,2%. Tras esta evolución, o sector concentra en España o 13,2% dos locais e o 11,8% das empresas.

Atendendo á desagregación segundo actividade, cómpre resaltar a importancia dos establecementos de comercio polo miúdo doutros artigos en establecementos especializados, con 10.559 locais (4,9% do total de Galicia); comercio polo miúdo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados, con 5.545 locais (2,6% do total); así como as actividades de comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados, con 5.068 locais (2,3% do total). En termos do número de empresas o subsector máis importante é o de comercio polo miúdo doutros artigos en establecementos especializados, con 8.171, o 4,4% do total de Galicia; seguido dos produtos alimenticios en establecementos especializados, con 4.343, o 2,3% do total galego.

Por outra banda, a 1 de xaneiro de 2024 en Galicia había un total de 5.847 establecemen-

Comercio minorista en Galicia e España 2020-24

	Empresas (1)					
	2020	2021	2022	2023	2024	24/23
Galicia	26.933	26.261	26.014	24.110	23.311	-799
España	435.836	427.637	428.605	393.287	384.774	-8.513
	Locais (1)					
	2020	2021	2022	2023	2024	24/23
Galicia	34.203	33.410	33.177	31.178	30.496	-682
España	550.310	541.464	543.658	507.591	500.340	-7.251

(1) datos a partir de INE, *Directorio central de empresas* (datos a 1 de xaneiro de cada ano)
Fonte: INE, *Explotación estadística do directorio central de emresas. DIRCE*

3.1.46.

tos dedicados á venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 45) e 13.489 locais dedicados ao comercio por xunto e intermediarios de comercio (CNAE 46), o que representa o 2,7% e 6,2%, do total galego, respectivamente. Asemade, o Dirce reflicte que hai un total de 10.806 empresas dedicadas ao comercio por xunto e intermediarios de comercio (o 5,8% das empresas) e 4.689 empresas no ámbito da venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (2,5%).

En termos de emprego, tal como recolle o **cadro 2.1.6.** *[Afiliacións á Seguridade Social 2023-24: distribución segundo principais ramas de actividade]*, a actividade de comercio ao retallo, agás vehículos de motor e motocicletas (CNAE 47), segue a ser con diferenza a que acolle un maior número de afiliacións, con 106.960 persoas afiliadas no ano 2024, o 10% do total, o que supón un 0,4% máis que as rexistradas no ano anterior. En sétimo lugar atópase a actividade de Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 46), que tras unha medra do 0,5% acada as 49.261 afiliacións, o 4,6% do total de Galicia.

Finalmente, destacar que no que respecta a distribución das afiliacións por réximes de cotización, o 25,8% do total de afiliados na actividade de comercio ao retallo pertencen ao réxime especial de autónomos, situándose esta porcentaxe no 22,4% no caso do comercio por xunto (19,1% no conxunto da economía galega). Ao igual que no ano anterior, o devandito incremento das afiliacións vén motivado polo incremento de afiliacións no réxime xeral (1,4% e 1,1%, respectivamente), reducíndose por contra un 2,6% e 1,4% no caso do R.E. de autónomos.

Turismo

O ano 2024 foi un bo ano para o sector turístico no que ao número de persoas e pernoitas nos establecementos hoteleiros se refire, superando os cinco millóns douscentos mil de viaxeiros e viaxeiras e aproximándose aos dez millóns e medio de pernoitas. Dunha banda, tras unha medra do 5,5%, case dous puntos por riba do rexistrado no conxunto do Estado (3,8%), o número de persoas viaxeiras ascende a 5.255.654 persoas, o que supón o 4,5% do total estatal (4,4% no ano precedente). Este incremento vén motivado en maior medida polo comportamento do turismo estranxeiro, cunha medra interanual do

Viaxeiros, pernoitas e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2023-24 (1)

2024

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	**5.255.654**	**3.501.301**	**1.754.353**	**9.847.978**	**7.043.620**	**2.804.358**	**1,87**
A Coruña	2.352.657	1.445.728	906.929	4.126.161	2.639.403	1.486.758	1,75
Lugo	763.142	538.692	224.450	1.265.704	973.609	292.095	1,66
Ourense	356.824	306.474	50.350	695.907	594.224	101.682	1,95
Pontevedra	1.783.031	1.210.407	572.624	3.760.207	2.836.383	923.823	2,11
España	**116.291.094**	**54.306.421**	**61.984.673**	**363.648.227**	**121.944.628**	**241.703.598**	**3,13**

2023

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	**4.980.348**	**3.433.461**	**1.546.887**	**9.493.534**	**6.952.643**	**2.540.891**	**1,91**
A Coruña	2.313.713	1.471.033	842.680	4.120.467	2.710.587	1.409.880	1,78
Lugo	707.047	504.804	202.243	1.167.444	911.208	256.236	1,65
Ourense	349.152	308.319	40.833	686.843	604.194	82.649	1,97
Pontevedra	1.610.436	1.149.305	461.131	3.518.780	2.726.654	792.126	2,18
España	**111.991.774**	**54.708.067**	**57.283.707**	**346.514.836**	**121.724.866**	**224.789.970**	**3,09**

(1) datos 2024 son provisionais
Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

3.1.47.


13,4% (207.466 persoas máis) fronte a un 2% no caso dos residentes en España (67.840 persoas máis). Tras esta evolución o 66,6% das persoas que visitaron Galicia eran residentes en España (3.501.301 persoas) e o 33,3% restante foron residentes no estranxeiro (1.754.353 persoas). Por contra, no conxunto de España o turismo español, tras unha caída do 0,7% respecto ao ano precedente, acolle o 46,75 dos turistas, e os residentes no estranxeiro o 53,3% restante (un 8,2% máis que en 2023).

Todas as provincias presentan incrementos no número de viaxeiros e viaxeiras, rexistrándose os máis acusados en Pontevedra, co 10,7% (172.595 persoas máis), por diante e Lugo, cun 7,9% (56.095 persoas). Ambas as dúas provincias rexistran unha medra superior á media española, ao contrario do que acontece en Ourense, cun incremento interanual do 2,2% (7.672 persoas) e A Coruña, cun 1,7% (38.944 persoas). Tras esta evolución, a provincia da Coruña segue a ser a que acolle o maior número de viaxeiros, con 2.352.657 persoas, seguida de Pontevedra, con 1.783.031 viaxeiros, concentrando o 78,7% do total galego (78,8% no ano anterior).

Comparado coa situación antes da crise orixinada pola pandemia, en 2024 Galicia supera nun 18% o nivel acadado en 2019, sendo esta recuperación de tan só un 7% no conxunto do Estado. Non obstante, esta mellora é desigual entre as provincias, mellorando a situación nun 21,4% na Coruña (415.182 persoas máis), nun 18,2% en Pontevedra (274.927 persoas); nun 17,7% na provincia de Lugo (114.663 persoas máis) e tan só un 0,9% en Ourense (3.082 máis).

En paralelo a este incremento do número de

Viaxeiros e pernoitas 2011-24: taxa de variación e distribución segundo orixe



(1) datos 2022 son provisionais
Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

3.1.48.

viaxeiros e viaxeiras, no ano 2024 rexístrase unha medra no número de pernoitas en establecementos hoteleiros, novamente máis intensa en España que en Galicia. As pernoitas rexistradas aumentaron en Galicia un 3,7% respecto aos datos do ano precedente (4,9% no conxunto do Estado) superando as 9,8 millóns, mantendo o seu peso relativo no 2,7% do total estatal. Ao igual que no caso das persoas viaxeiras, tanto en España como en Galicia o número de pernoitas superan ás rexistradas no ano 2019, sendo esta recuperación máis intensa en Galicia, cunha medra do 9,5% fronte ao 6% no conxunto do Estado. As catro provincias galegas presentan en 2023 un maior número de pernoitas que en 2019, salientando o incremento superior ao 11,5% na Coruña (439.922 pernoitas máis) e Lugo (131.046 pernoitas); situándose esta porcentaxe no 7,6% (265.897 máis) e 2,6% (17.462 máis) en Pontevedra e Ourense, respectivamente.

Tras esta evolución, a estadía media nos establecementos hoteleiros galegos permanece relativamente estable, situándose no ano 2024 en 1,87 días, lonxe do rexistrado no conxunto do Estado onde a estadía media ascende a 3,13 días. A estadía media dos viaxeiros estranxeiros descende ata os 1,60 días (1,64 no ano anterior), en tanto que a rexistrada no caso dos viaxeiros residentes en España ata os 2,01 días (2,02 días no último ano). A estadía media dos turistas estranxeiros no conxunto do Estado foi de 3,90 días e a dos viaxeiros españois, de 2,25 días. Ao igual que acontecera en anos anteriores, as catro provincias galegas presentan estadías medias significativamente inferiores á media estatal, tanto para non residentes como para residentes, agás na provincia de Pontevedra, onde se rexistra unha estadía para residentes superior á estatal (2,34 días fronte a 2,25 en España).

A marcada estacionalidade que caracteriza ao sector turístico galego veuse modificada polo efecto da expansión do virus. Así, tal como se reflicte no **cadro 3.1.49.**, o grao máximo de ocupación hoteleira por praza en Galicia no ano 2024 foi do 69,8% e rexistrouse no mes de agosto, e o mínimo, do 23,7% no mes de xaneiro. Para o conxunto de España, o máximo e

Grao de ocupación e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2020-24 (1)


Galicia

	Grao de ocupación por praza			Estadía media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2020	19,0	44,0	0,0	2,12
2021	34,0	67,8	10,4	2,06
2022	41,8	68,4	18,0	1,94
2023	42,1	66,1	23,7	1,91
2024	43,6	69,8	23,7	1,87


España

	Grao de ocupación por praza			Estadía media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2020	26,5	50,7	0,0	2,67
2021	43,2	65,1	14,5	2,85
2022	57,3	75,1	33,4	3,11
2023	60,1	74,6	45,7	3,09
2024	61,4	76,0	47,5	3,13

Estadía media mensual



Grao de ocupación mensual



(1) datos 2024 son provisionais

Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

■ 3.1.49.

o mínimo alcánzanse nos mesmos meses, situándose estas porcentaxes no 76% e o 47,5%, respectivamente. Con todo, cómpre resaltar que en Galicia aumenta o diferencial entre ambos os dous extremos, situándose en 46,1 puntos fronte aos 42,5 do ano precedente, o que contrasta co rexistrado no conxunto de España, onde descende ata os 28,6 puntos (29 puntos en 2023). No conxunto do ano, o grao de ocupación hoteleira por praza aumenta en Galicia ata o 43,6% (42,1% no ano anterior), porcentaxe que se sitúa por riba do nivel acadado no ano previo á crise (40,5%). Este grao de ocupación é significativamente inferior á media estatal, onde alcanza o 61,4% (60,1% en 2019).

A evolución dos prezos recibidos polas empresas estúdase a partir do índice de prezos hoteleiros (IPH), que ten en conta as tarifas que aplican a todos os seus clientes, isto é, a fogares, empresas, turoperadores e axencias de viaxes. A taxa media ponderada do IPH volve a aumentar no último ano, cunha medra do 4,4% (dato provisional), porcentaxe que se sitúa novamente por baixo da media no conxunto do Estado, cun incremento do 7% (no ano precedente estas porcentaxes situábanse no 5,6% e 8,8%, respectivamente).

A rendibilidade das actividades hoteleiras valórase a partir da análise de dous indicadores principais: a tarifa media diaria e os ingresos por habitación dispoñible.

Dunha banda, a tarifa media diaria mide os ingresos medios obtidos por habitación ocupada diariamente. Galicia rexistra no ano 2024 (dato provisional) unha tarifa media de 73,8 euros, un 3,5% máis que no ano anterior; situándose como a sexta C.A. coa tarifa máis reducida por detrás de Murcia, Aragón, Castela-A Mancha, Castela e León e Estremadura. No conxunto do Estado a tarifa media medra un 7,4% en relación ao ano anterior, ascendendo o ingreso medio diario a 121,5 euros. Comparado co ano 2019, a tarifa media aumenta un 23,8%, case nove puntos e medio menos que en España (33,2%).

O ingreso medio por habitación dispoñible aumenta no último ano en Galicia un 6,3%, acadando os 36,1 euros nominais en Galicia, lonxe dos 84,6 euros en España (9,8% superior ao do ano 2023), e o cuarto máis reducido do Estado, só por detrás de Castela e León, Estremadura e Castela-A Mancha. En relación ao ano 2019, o ingreso aumenta en Galicia un 34,5%, case catro puntos menos que a media española (38,2%).

Finalmente, cómpre analizar o chamado turismo extrahoteleiro, que integra ao turismo rural e ás vivendas de uso turístico (VUT), entendidas estas últimas como vivendas cedidas a terceiras persoas, de xeito reiterado e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración (inferior a trinta días consecutivos), amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características establecidas por vía regulamentaria, coa peculiaridade de que poida ser ofertado por particulares na súa propia vivenda.

Ao igual que acontece no ámbito do turismo hoteleiro, o turismo rural en Galicia presenta no último ano unha evolución positiva en termos do número de persoas aloxadas nestes establecementos, o que contrasta co acontecido no número de establecementos e de pernoitas. Dunha banda, o **cadro 3.1.50.** reflicte que no último ano o número de viaxeiros neste tipo de establecementos medra en Galicia un 1,6% respecto ao ano anterior, acadando as 204.064 persoas viaxeiras, 3.131 máis que no ano anterior, cifra que aínda está por baixo do nivel de 2019 (227.377 persoas). Por contra, o número de pernoitas redúcese un 0,3%, rexistrándose 384.854 pernoitas, o

Turismo rural en Galicia e España 2019-24 (1): principais indicadores

	2019		2020		2021		2022		2023		2024		24/23	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Nº aloxamentos rurais abertos (2)	452	17.217	283	11.733	378	15.122	397	16.520	380	16.921	363	16.636	-17	-285
Viaxeiros	227.377	4.421.371	78.657	2.082.909	159.934	3.379.880	212.224	4.395.565	200.933	4.647.853	204.064	4.773.632	3.131	125.779
residentes en España	155.819	3.533.544	73.168	1.901.195	139.985	2.904.986	150.513	3.531.619	139.872	3.586.836	129.248	3.569.027	-10.624	-17.809
residentes no estranxeiro	71.558	887.827	5.489	181.714	19.949	474.894	61.711	863.946	61.061	1.061.017	74.816	1.204.605	13.755	143.588
Pernoitas	426.988	11.726.034	185.522	6.314.601	328.046	9.779.174	395.600	12.070.339	385.833	12.613.501	384.854	12.660.213	-979	46.712
residentes en España	314.392	8.521.062	174.493	5.600.543	295.143	7.979.816	304.529	9.036.259	292.946	9.080.608	272.582	8.750.229	-20.364	-330.379
residentes no estranxeiro	112.596	3.204.972	11.029	714.058	32.903	1.799.358	91.071	3.034.080	92.887	3.532.893	112.272	3.909.984	19.385	377.091
Grao de ocupación por praza	(%)													
media	19,7	19,2	13,7	15,5	17,9	18,4	20,4	20,5	20,6	20,7	19,4	20,1		
fin de semana	29,0	32,7	20,5	23,8	26,6	29,7	30,5	34,8	30,0	34,1	28,3	32,8		
Estadía media *(en días)*	1,88	2,89	2,36	3,03	2,05	2,89	1,86	2,75	1,92	2,59	1,89	2,65		

(1) datos 2019-23 son definitivos e 2024 son provisionais

(2) Media ponderada dos doce meses do ano.

Fonte: INE, *Encuesta de ocupacion en alojamientos de turismo rural*

3.1.50.

que supón 979 menos que no ano precedente (426.989 no ano 2019).

No conxunto do Estado o número de viaxeiros e viaxeiras de turismo rural aumenta de media nun 2,7% e as pernoitas nun 0,4%, polo que o peso relativo da actividade en Galicia no total estatal sitúase no 4,3% no caso dos viaxeiros e ata o 3% no caso das pernoitas, fronte aos 5,1% e 3,6% en 2019.

O devandito incremento vén motivado polo comportamento das persoas residentes no estranxeiro, cun incremento interanual do 22,5% (13.755 persoas máis) o que contrasta co descenso do 7,6% experimentado no caso dos residentes en España (10.624 persoas menos). O número total de persoas viaxeiras residentes no estranxeiro ascende a 74.816 fronte ás 129.248 persoas de nacionalidade española. En relación aos datos rexistrados antes da pandemia, o número de persoas de nacionalidade española atópase un 17,1% por baixo (26.571 persoas menos) o que contrasta cos residentes no estranxeiro, cun incremento do 4,6% (3.258 máis).

Ao igual que no ano 2019, o peso do turismo estranxeiro en Galicia sobre o total de viaxeiros nos establecementos de turismo rural é superior á media estatal, cun 36,7% fronte ao 25,2% no conxunto do Estado. En 2019, o turismo estranxeiro representaba en Galicia o 31,5% mentres que en España supuña o 20,1%.

O número medio de establecementos de turismo rural redúcese novamente en Galicia ata situarse nos 363 establecementos, 17 menos que no ano anterior (452 establecementos no ano 2019). Esta caída tradúcese nunha redución do número de prazas estimadas, que se sitúa en 4.849, un 4,2% inferior ás do ano anterior (212 prazas menos). Tras esta evolución Galicia acolle o 2,2% dos establecementos e o 2,9% das prazas totais estimadas en España, (2,2% dos establecementos en 2023 e o 3,1% das prazas).

O grao de ocupación medio por praza en establecementos de turismo rural descende en Galicia no ano 2024 ata o 19,4%, máis dun punto inferior á do ano anterior (20,6%),

Vivendas de uso turístico 2023-24

2024

	Establecementos	Cuartos	Prazas
Galicia	21.920	59.963	118.381
A Coruña	8.831	24.908	47.793
Lugo	3.688	9.531	19.226
Ourense	1.008	2.694	5.310
Pontevedra	8.393	22.830	46.052

2023

	Establecementos	Cuartos	Prazas
Galicia	21.939	58.895	116.724
A Coruña	7.510	21.230	40.668
Lugo	3.055	7.938	16.092
Ourense	882	2.343	4.684
Pontevedra	10.492	27.384	55.280
Galicia 24/23	-0,1	1,8	1,4

Fonte: IGE, *Aloxamentos turísticos*

3.1.51.

sendo inferior á rexistrada de media en España (20,1%). Na fin de semana o grao de ocupación por praza acada o 28,3% na Comunidade Autónoma, 1,7 puntos menos que no ano anterior (30%), e o 32,8% no conxunto do Estado. Estes valores sitúanse en Galicia lixeiramente por baixo do rexistrado no ano 2019, que ascende de media en Galicia ata o 19,7% e o 29% na fin de semana (19,2% e 32,7%, respectivamente, en España). A estadía media nestes establecementos descende en 2024 ata os 1,89 días en Galicia e 2,65 días da media no conxunto do Estado (1,88 e 2,89, respectivamente no ano 2019).

As vivendas de uso turístico estanse a converter nun referente indispensable á hora de analizar o sector turístico. Non obstante, os datos do rexistro de aloxamentos turísticos publicados polo IGE amosan que no último ano se racha a tendencia de forte crecemento experimentada en Galicia nos últimos anos, ao contar o un de xaneiro de 2025 cun total de 21.920 establecementos, o que supón un 0,1% menos que na mesma data do ano precedente (19 establecementos menos). A pesar desta evolución, aumenta o número de habitacións ata as 59.963, un 1,8% máis que en xaneiro de 2024 (1.068 habitacións). As prazas rexistradas situábanse en 118.381, o que supón unha medra do 1,4% respecto ao ano anterior (1.657 prazas máis).

O devandito descenso do número de establecementos rexistrado en Galicia, **cadro 3.1.51.**, explícase pola significativa redución rexistrada na provincia de Pontevedra (20%), reducíndose o seu número de cuartos e prazas en torno ao 16,6%. A un de xaneiro de 2025 Pontevedra contaba con 8.393 VUT (2.099 menos que no ano precedente) e 46.052 prazas (9.226 menos), o que supón o 38,3% e 38,9% do total galego, respectivamente. Tras un incremento do 17,5% na Coruña, esta provincia concentra o maior número de VUT e prazas; en concreto, 8.831 establecementos e 47.793 prazas, o que representa en torno ao 40,3% do total de Galicia.

Peregrinación a Santiago de Compostela 2010, 2019, 2023 e 2024

	2024		2023		2019		2010	
	(persoas)	*(%)*	*(persoas)*	*(%)*	*(persoas)*	*(%)*	*(persoas)*	*(%)*
Camiños								
Francés	236.380	47,4	219.796	49,7	189.928	54,6	189.278	69,5
Portugués	95.453	19,1	88.730	20,1	72.355	20,8	33.140	12,2
Portugués Costa	74.758	15,0	52.754	11,9	22.291	6,4	1.114	0,4
Inglés	28.058	5,6	24.105	5,5	15.781	4,5	6.461	2,4
Primitivo	24.464	4,9	20.713	4,7	15.715	4,5	8.043	3,0
Norte	21.417	4,3	20.582	4,7	19.021	5,5	17.662	6,5
Vía da Prata	9.028	1,8	7.965	1,8	9.198	2,6	14.252	5,2
Outros camiños	2.870	0,6	2.031	0,5	694	0,2	499	0,2
De inverno	2.255	0,5	2.022	0,5	1.035	0,3	139	0,1
Muxía-Finisterre	2.014	0,4	1.787	0,4	1.548	0,4	1.797	0,7
Barbanza	841	0,2	611	0,1	-	-	-	-
Geira e Arrieiros	690	0,1	547	0,1	-	-	-	-
Muros-Noia	369	0,1	190	0,0	-	-	-	-
Miñoto-Ribeiro	197	0,0	157	0,0	-	-	-	-
TOTAL	498.887	100,0	442.120	100,0	347.566	100,0	272.385	100,0

Fonte: Oficina de Acogida al Peregrino

3.1.52.

Un último aspecto a ter en conta é o turismo vinculado á peregrinación a Santiago de Compostela. Os datos da Oficina de acollida ao peregrino rexistran en 2024 un total de 498.887 persoas, o que supón un 12,8% máis que as rexistradas no ano anterior (56.767 peregrinos máis). Ao igual que no ano precedente, o número de mulleres que peregrinan a Santiago supera ao dos homes, ao representar o 54% das persoas, nove décimas por riba do rexistrado no ano anterior.

Atendendo á nacionalidade dos peregrinos, o último ano presenta un incremento tanto das persoas de nacionalidade española como, en maior medida, das persoas estranxeiras (5,7% e 10,3%, respectivamente). Tras esta evolución, o 58,3% das persoas que fan o camiño son de nacionalidade estranxeira, entre os que destaca o peso das persoas procedentes de Estados Unidos, o 8% do total, e as de nacionalidade italiana, co 6%. Comparado coa situación existente no ano anterior, xunto co incremento do 18,6% das persoas procedentes de EE.UU. (5.981 persoas máis) cómpre salientar o aumento de peregrinos procedentes do reino Unido, con 2.577 persoas máis (24,5%) e Irlanda, con 3.260 peregrinos e peregrinas máis (46,9%). Entre as persoas de nacionalidade española (208.378 persoas; o 41,7% do total) sobresaen as persoas procedentes de Andalucía e Madrid, que representan o 23,7% e 17% do total de peregrinos españois (10,3% e 7,4% do total),

Case a metade dos peregrinos recorren o camiño francés, con 236.380 persoas (o 47,4% do total), seguíndolle o camiño portugués, con 95.453 persoas, o 19,1% do total. Neste último ano cómpre resaltar novamente o forte dinamismo experimentado polo camiño portugués da costa, que tras un incremento interanual do 41,7% no número de peregrinos e peregrinas acada as 74.758 persoas, 22.004 máis que no ano precedente. Xunto a este incremento, o número de persoas que recorren o camiño francés e portugués aumenta un 7,5% e 7,6%), respectivamente.

Transporte

No conxunto do ano 2024, Galicia presenta unha medra do tráfico de mercadorías e pasaxeiros tanto por estrada como por ferroca-

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2023-24

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2024	2023	24/23	2024	2023	24/23
	(en miles de tm.)		*(%)*	*(en miles de persoas)*		*(%)*
Estrada (1)	108.917,9	106.413,4	2,4	65.232,0	59.698,0	9,3
Ferrocarril (2)	1.139,3	1.138,1	0,1	2.527,1	2.100,2	20,3
Marítimo (3)	31.112,3	30.894,4	0,7	633,8	551,2	15,0
Marítimo (4)	1.264,2	1.225,7	3,1	1.971,1	1.844,8	6,8
Aéreo	5.311,4	5.702,5	-6,9	5.936,8	5.925,6	0,2

(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús

(2) viaxeiros de longa distancia con orixe e destino en Galicia

(3) tráfico nos portos do Estado; os datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruceiros

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia

Fonte: elaboración propia CES-Galicia

3.1.53.

rril e vía marítima, o que contrasta co descenso do tráfico aéreo de mercadorías.

A estrada é a vía de comunicación máis importante tanto no tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías, e a vía aérea no transporte de pasaxeiros **(cadro 3.1.53.**).

Case tres cuartas partes das mercadorías con orixe ou destino en Galicia no ano 2024 utilizaron o transporte por estrada. O volume de mercadorías transportadas por estrada medrou un 2,4% no último ano, dúas décimas por baixo do rexistrado en España. Deste xeito, o peso relativo sobre o total do Estado do transporte de mercadorías por estrada mantense no 6,6%.

No que respecta ao trasporte por estrada dentro de España, **cadro 3.1.54.**, o peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego descende ata o 23,3%, porcentaxe que se sitúa no 24,2% no conxunto do Estado. O peso relativo do comercio intrarrexional en Galicia mantense como o cuarto máis importante do Estado, por detrás de Canarias, Baleares e Andalucía, co 72,4% do total, situándose a media estatal no 54,5%. Finalmente o 4,3% do transporte interior por estrada en Galicia ten unha orixe ou destino internacional, punto e medio inferior ao da media do Estado.

O tráfico de mercadorías nos Portos de Interese Xeral do Estado en Galicia increméntase en 2024 un 0,7% en relación ao rexistrado no ano anterior, medra inferior á rexistrada en España (2,5%). Tras esta evolución, o volume do tráfico de mercadorías sitúase, tanto en Galicia como en España por baixo do seu nivel precrise; en concreto, en Galicia é un 5,9% inferior (1,9 millóns menos), situándose no conxunto do Estado un 1,2% por baixo do rexistrado en 2019.

Os portos de interese xeral galegos moveron un total de 31.112,3 miles de toneladas, o que supón o 5,6% do total estatal (5,7% no ano anterior). O devandito comportamento do sistema portuario galego vén condicionado pola forte caída do tráfico en Ferrol-San Cibrao, cunha redución do movemento do 21,1% (fundamentalmente graneis líquidos), e en menor medida, do porto de Vilagarcía (8,6%), o que contrasta co incremento do 19,1% en Vigo, basicamente mercadoría xeral, e nun 24,1% en Marín-Pontevedra, impulsado pola evolución de graneis sólidos e mercadoría xeral. O porto da Coruña rexistra un incre-

Transporte de mercadorías por estrada nas CC.AA. 2023-24 (1)

	2024			
	Total	intrarrexional	interrexional	internacional
	(en miles de tm.)	*(%)*		
Galicia	108.918	72,4	23,3	4,3
Total	1.644.529	54,5	24,2	5,8

	2023			
	Total	intrarrexional	interrexional	internacional
	(en miles de tm.)		*(%)*	
Galicia	106.413	66,6	27,6	5,8
Total	1.602.181	54,3	23,7	5,7

24/23	*(%)*
Galicia	2,4
Total	2,6

(1) toneladas transportadas por cabezas tractoras e camións con capacidade de carga útil superior a 3,5 Tm. e con peso superior a 6 Tm., matriculados en España

Fonte: Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, *Transporte de mercancías por carretera*

■ 3.1.54.

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2023-24

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2024	2023	2024	2023	2024	2023
			(en tm.)			
Total	12.458.045	12.049.291	10.054.189	10.948.259	8.376.802	7.664.348
A Coruña	9.847.395	8.073.160	4.214.649	5.179.735	541.656	627.178
Ferrol-San Cibrao	2.285.735	3.641.616	3.695.766	3.800.846	672.553	994.229
Marín-Ría de Pontevedra	-	-	1.471.136	1.079.304	1.194.258	1.071.259
Vigo	38.634	36.033	260.261	316.724	5.257.024	4.296.967
Vilagarcía	286.281	298.482	412.377	571.650	711.311	674.715
Total Portos do Estado	178.887.915	175.750.639	84.809.360	90.621.407	279.183.056	262.853.291
Galicia / España *(%)*	7,0	6,9	11,9	12,1	3,0	2,9

	Pesca		Avituallamento e tráfico local		Total	
	2024	2023	2024	2023	2024	2023
			(en tm.)			
Total	55.674	61.816	167.579	170.639	31.112.289	30.894.353
A Coruña	22.929	26.996	57.878	73.102	14.684.507	13.980.171
Ferrol-San Cibrao	103	110	12.278	13.258	6.666.435	8.450.059
Marín-Ría de Pontevedra	2.093	2.608	25.665	16.696	2.693.152	2.169.867
Vigo	30.549	32.102	63.559	60.293	5.650.027	4.742.119
Vilagarcía	-	-	8.199	7.290	1.418.168	1.552.137
Total Portos do Estado	123.784	127.994	14.463.431	14.424.649	557.467.546	543.777.980
Galicia / España *(%)*	45,0	48,3	1,2	1,2	5,6	5,7

Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Movilidad Sostenible

■ 3.1.55.

mento interanual do 5% por mor do comportamento de graneis líquidos, que supera a acusada caída dos graneis sólidos.

Tras esta evolución, os portos de A Coruña e Ferrol–San Cibrao son os que rexistran o maior movemento de mercadorías, concentrando o 47,2% (14.684,5 miles de toneladas) e o 21,4% (6.666,4 miles de toneladas) do total, respectivamente. O tráfico de mercadorías no porto de Vigo ascende ata as 5.650 miles de toneladas, o 18,2% do total, situándose como terceiro porto en importancia en termos de volume.

Por tipo de mercadoría transportada, tras un incremento do 3,4%, o movemento máis importante en termos de volume corresponde aos graneis líquidos, con 12.458 miles de toneladas, o que supón o 40% do total galego. O porto da Coruña, tras unha medra do 22%, move o 79% destas mercadorías (9.847,4 miles de toneladas) e o de Ferrol-San Cibrao, que sofre unha caída do 37,2%, move un 18,3% (2.285,7 miles de toneladas).

O transporte de graneis sólidos é o segundo en importancia en canto a volume e, tras unha caída do 8,2%, acada os 10.054,2 miles de toneladas (32,2% do total galego). Todas as autoridades portuarias presentan unha redución do tráfico destas mercadorías, agás a de Marín Pontevedra cunha medra do 36,3%, salientando a caída do 18,6% na Coruña ou o 27,9% en Vilagarcía. A autoridade portuaria da Coruña concentra o 41,9% dos graneis sólidos (4.214,6 miles de toneladas) e o de Ferrol-San Cibrao un 36,8% (3.695,8 miles de toneladas).

O movemento de mercadoría xeral foi o que experimentou un mellor comportamento, cunha medra interanual do 9,3%, máis de tres puntos por riba do experimentado polo conxunto de España (6,2%). En 2024, este tráfico ascende a 8.376,8 miles de toneladas, o que supón o 3% do total estatal, unha décima máis que no ano precedente. Este comportamento explícase fundamentalmente polo incremento experimentado polo porto de Vigo, cun crecemento do 22,3%, acadando as 5.257 miles de toneladas, o 63% do total galego, así como de Marín-Pontevedra, que tras unha medra interanual do 11,5% acada as 1.194,3 miles de toneladas, o 14,3% do total galego.

O tráfico de pesca fresca en Galicia representa o 45% do total realizado nos portos de interese xeral no conxunto do Estado (57,3% en 2019), acadando as 55,7 miles de toneladas no ano 2024, un 9,9% menos que no exercicio precedente (-3,3% no conxunto de España). Entre os portos galegos, o porto de Vigo segue sendo o máis importante en termos de volume, e tras unha redución do 4,8% alcanza as 30,5 miles de toneladas, o que supón o 54,9% do total de pesca en Galicia e o 24,7% da pesca total descargada en España. A continuación sitúase o porto da Coruña, con 22,9 miles de toneladas, o que representa o 41,2% do total de Galicia e o 18,5% do total estatal.

No que respecta aos portos xestionados por Portos de Galicia, tras un descenso superior ao 11% en 2023, o volume de mercadorías movidas nestas instalacións no último ano aumenta un 3,1% respecto ao ano anterior, movéndose un total de 1.264,2 miles de toneladas, volume que se mantén por baixo do rexistrado en 2019 (1.487,6 miles de toneladas). A pesar dunha redución interanual do 5,4%, o porto de Ribadeo sitúase como o porto máis importante en termos de volume, con 554 miles de toneladas; manténdose o porto de Cariño en segundo lugar tras unha medra do 7,8%, ao mover un total de 436,7 miles de toneladas. Estes dous portos concentran o 78,4% do volume total de mercadorías

Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2019-24

	2019		2023		2024		23/22	24/23
	(en tm.)	*(% / total)*	*(en tm.)*	*(% / total)*	*(en tm.)*	*(% / total)*	*(%)*	*(%)*
Total	**1.487.556**	**100,0**	**1.225.658**	**100,0**	**1.264.210**	**100,0**	**-11,4**	**3,1**
A Pobra do Caramiñal	104.340	7,0	59.547	4,9	52.679	4,2	4,8	-11,5
Burela	37.701	2,5	52.928	4,3	95.377	7,5	-45,5	80,2
Canido	-	-	-	-	-	-	-	-
Cariño	594.488	40,0	404.953	33,0	436.673	34,5	-19,6	7,8
Cee	203.344	13,7	23.960	2,0	20.382	1,6	-65,7	-14,9
Pontecesures	140	0,0	-	-	-	-	-	-
Ribadeo	417.404	28,1	585.820	47,8	553.986	43,8	8,9	-5,4
Ribeira	23.849	1,6	196	0,0	71	0,0	-82,5	-63,8
Viveiro-Celeiro	106.290	7,1	98.254	8,0	105.042	8,3	-15,4	6,9

Fonte: Portos de Galicia

3.1.56.

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2023-24

	Liña regular (augas interiores)			Cruceiros		
	2024	2023	24/23	2024	2023	24/23
			(%)			*(%)*
Total	**1.971.138**	**1.844.833**	**6,8**	**633.815**	**551.235**	**15,0**
A Coruña	11.979	18.825	-36,4	406.613	323.991	25,5
Ferrol-San Cibrao	22.756	16.835	35,2	13.294	6.571	102,3
Marín e Ría de Pontevedra	116.667	116.802	-0,1	765	-	-
Vigo	1.806.802	1.680.812	7,5	211.193	219.298	-3,7
Vilagarcía	12.934	11.559	11,9	1.950	1.375	42
Total Portos do Estado	**27.954.220**	**27.159.332**	**2,9**	**12.837.550**	**12.025.879**	**6,7**
Galicia / España *(%)*	7,1	6,8		4,9	4,6	

Fonte: Autoridades Portuarias e Puertos del Estado

3.1.57.

fronte ao 68% en 2019 (80,8% en 2023) (**cadro 3.1.56.**).

No que respecta ao transporte marítimo de pasaxeiros nos portos de interese xeral, o ano 2024 caracterízase por un importante crecemento do número de cruceiristas, que nos portos galegos ascende a 633.815 persoas, un 15% máis que no ano precedente. A Autoridade portuaria da Coruña é a que acolle un maior número de cruceiristas, con 406.613 persoas, superando ao porto de Vigo, con 211.193 pasaxeiros e pasaxeiras.

No que se refire ao número de viaxeiros de liña regular, o crecemento do 6,8% rexistrado en 2024 vén motivado fundamentalmente polo comportamento en Vigo, que tras un incremento do 7,5% (125.990 persoas máis), move un total de 1.806.802 persoas, o 91,7% deste tráfico total en Galicia (**cadro 3.1.57.**).

O tráfico ferroviario de mercadorías permanece relativamente estable en Galicia no ano 2024. Tras unha medra interanual do 0,1% o movemento de mercadorías sitúase en 1.139,3 miles de toneladas (1,2 miles máis). A devandita evolución do tráfico ferroviario

Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías en Galicia e España 2023-24 (1)

	2024			2023			24/23		
	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías
	Media distancia	Longa distancia		Media distancia	Longa distancia		Media distancia	Longa distancia	
			(en tm.)			(en tm.)		(%)	
Galicia	14.375.000	2.527.100	1.139.292	13.730.391	2.100.156	1.138.066	4,7	20,3	0,1
A Coruña	7.645.200	841.400	335.090	7.238.334	587.632	319.640	5,6	43,2	4,8
Lugo	187.400	77.000	107.986	270.432	74.636	108.655	-30,7	3,2	-0,6
Ourense	1.263.600	936.500	109.099	1.243.506	919.153	111.158	1,6	1,9	-1,9
Pontevedra	5.278.800	672.200	587.117	4.978.119	518.735	598.613	6,0	29,6	-1,9
España	52.088.810	35.177.510	10.388.912	50.422.370	30.756.390	11.798.663	3,3	14,4	-11,9

(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe

Fonte: Renfe Operadora

3.1.58.

contrasta coa significativa caída rexistrada no conxunto do Estado (-11,9%), polo que o peso relativo de Galicia no total estatal aumenta ata o 11%, case punto e medio superior ao rexistrado no ano precedente (9,6% en 2019).

Atendendo á distribución nas provincias galegas, o devandito comportamento vén explicado pola medra do tráfico na Coruña, que supera o descenso rexistrado nas outras tres provincias. Tras a forte redución experimentada na provincia da Coruña ao longo de 2023, esta provincia presenta no último ano o mellor comportamento, cunha medra interanual do 4,8%, reducíndose un 1,9% en Pontevedra e Ourense, e un 0,6% en Lugo. Tras esta evolución, Pontevedra segue a ser a provincia máis importante en termos de volume, con 587.117 toneladas, o que supón o 51,5% do total galego, por diante da Coruña, con 335.090 toneladas, o 29,4%.

No que respecta ao transporte de pasaxeiros, A Coruña acolle o 53,2% dos viaxeiros de media distancia convencional (7.645.200 persoas), seguida de Pontevedra con 5.278.800 viaxeiros, o 36,7% do total de Galicia en 2024. Ourense é a provincia onde o número de viaxeiros de longa distancia é maior, con 936.500 persoas, o 37,1% do total en Galicia, fronte ás 841.400 persoas na Coruña (33,3%).

No concernente ao movemento aéreo de mercadorías, tras unha medra do 1,2% experimentada en 2023, o volume transportado ao longo de 2024 no sistema aeroportuario galego redúcese un 6,9%, o que contrasta coa medra do 18,6% experimentado nos aeroportos españoles. No último ano movéronse un total de 5.311,4 toneladas, o que supón o 0,4% do total estatal, unha décima menos que no ano anterior.

Como reflicte o **cadro 3.1.59.**, o devandito descenso veu motivado fundamentalmente pola evolución do tráfico no aeroporto de Vigo, cun descenso do 61%, aumentando tan só en Santiago de Compostela (2,6%). O aeroporto de Santiago de Compostela move un total de 4.941,8 toneladas, o 93% do total galego, fronte ás 314,9 toneladas en Vigo (5,9%) e 54,7 toneladas no aeroporto da Coruña (1% do total galego).

En relación á evolución do tráfico aéreo de pasaxeiros, o sistema aeroportuario galego considerado no seu conxunto volve a presentar no ano 2023 un peor comportamento que o total dos aeroportos españois. Este incre-

Tráfico comercial aéreo 2021-24 (1)

Operacións

	2021	2022	2023	2024	23/22 (%)	24/23 (%)
Aeroportos galegos	**36.651**	**53.583**	**56.174**	**52.973**	**4,8**	**-5,7**
A Coruña	12.084	14.364	15.405	14.490	7,2	-5,9
Santiago-Rosalía de Castro	15.376	25.459	25.903	26.968	1,7	4,1
Vigo	9.191	13.760	14.866	11.515	8,0	-22,5
Total España	**1.518.847**	**2.216.474**	**2.404.054**	**2.590.861**	**8,5**	**7,8**
Galicia / España *(%)*	2,4	2,4	2,3	2,0		

Pasaxeiros

	2021	2022	2023	2024	23/22 (%)	24/23 (%)
Aeroportos galegos	**2.797.341**	**5.155.653**	**5.925.628**	**5.936.762**	**14,9**	**0,2**
A Coruña	594.584	963.952	1.252.022	1.237.569	29,9	-1,2
Santiago-Rosalía de Castro	1.653.663	3.238.531	3.537.447	3.640.664	9,2	2,9
Vigo	549.094	953.170	1.136.159	1.058.529	19,2	-6,8
Total España	**119.952.578**	**243.693.689**	**283.201.865**	**309.344.423**	**16,2**	**9,2**
Galicia / España *(%)*	2,3	2,1	2,1	1,9		

Mercadorías

	2021	2022	2023	2024	23/22 (%)	24/23 (%)
Aeroportos galegos	**5.830.014**	**5.634.141**	**5.702.526**	**5.311.379**	**1,2**	**-6,9**
A Coruña	85.451	91.130	76.963	54.712	-15,5	-28,9
Santiago-Rosalía de Castro	4.938.251	4.853.317	4.818.283	4.941.782	-0,7	2,6
Vigo	806.312	689.694	807.280	314.885	17,0	-61,0
Total España	**998.699.589**	**1.000.485.327**	**1.079.829.993**	**1.280.167.373**	**7,9**	**18,6**
Galicia / España *(%)*	0,6	0,6	0,5	0,4		

(1) non se inclúen outras clases de tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)

(2) A evolución do tráfico aéreo no aeroporto de Vigo está condicionada polo peche durante 25 días do mes de maio para acometer a rexeneración profunda do pavimento da pista dentro da obra de renovación do campo de voos

Fonte: AENA, *Informes estadísticos anuales de los aeropuertos españoles*

3.1.59.

mento no número de persoas rexístrase tn só no aeroporto de Santiago, cunha medra do 2,9%, descendendo na Coruña e, con maior intensidade en Vigo (-1,2% e -6,8%, respectivamente). O número de pasaxeiros aumenta en Galicia tan só un 0,2% respecto ao ano anterior, fronte ao incremento do 9,2% no sistema aeroportuario español.

Tras esta evolución, o sistema aeroportuario galego move un total de 5.936.762 persoas. O que supón o 1,9% do total estatal. Lavacolla é o principal aeroporto por número de pasaxeiros, con 3.640.664 persoas (o 61,3% do total de Galicia), seguido novamente polo aeroporto de Alvedro, con 1.237.569 pasaxeiros (20,9%), e finalmente o aeroporto de Peinador, con 1.058.529 pasaxeiros (17,8% do total galego).

Sector financeiro

Por segundo ano consecutivo o sistema financeiro galego e español rexistran unha medra na súa ocupación, aumentando o número de afiliacións un 1,6% e 2,6%, respectivamente. Fronte a este incremento cómpre mencionar que no último ano continúa o proceso de axuste da súa capacidade atendendo á redución do número de oficinas das entidades en Galicia e no conxunto de España.

Entidades de crédito en Galicia e España 2019-24 (1): oficinas, depósitos do sector privado e créditos

	Depósitos (2)			Créditos		
Galicia						
	Totais	**Depósitos á vista**	**Depósitos a prazo**	**Totais**	**AA.PP.**	**Outros sectores residentes**
	(en millóns de euros)					
2019	63.490,7	50.437,0	13.053,6	41.548,5	2.605,8	38.942,7
2020	69.406,2	57.996,0	11.410,2	45.634,8	4.206,9	41.427,9
2021	71.661,9	63.009,3	8.652,5	46.692,6	5.020,7	41.671,8
2022	74.144,1	66.512,1	7.631,0	47.337,9	5.347,1	41.990,8
2023	75.732,9	63.434,0	12.294,8	46.655,4	6.298,7	40.356,7
2024	78.986,9	65.098,4	13.884,6	48.124,1	6.866,6	41.257,5
España						
	Totais	**Depósitos á vista**	**Depósitos a prazo**	**Totais**	**AA.PP.**	**Outros sectores residentes**
	(en millóns de euros)					
2019	1.218.981,2	1.021.154,4	178.832,1	1.199.375,2	63.785,6	1.135.589,6
2020	1.329.870,1	1.164.347,7	144.078,8	1.249.301,6	74.357,0	1.174.944,6
2021	1.390.015,0	1.264.482,7	104.734,5	1.252.354,0	78.918,9	1.173.435,1
2022	1.410.798,9	1.293.585,7	104.672,5	1.246.574,2	79.811,4	1.166.762,8
2023	1.413.514,2	1.194.379,0	204.184,5	1.201.952,1	75.166,9	1.126.785,2
2024	1.488.665,8	1.219.509,2	248.793,5	1.204.641,2	73.820,1	1.130.821,2

(1) datos a decembro de cada ano; non se inclúen as oficinas no estranxeiro

(2) depósitos á vista: instrumentos financeiros no que as cantidades depositadas se poden retirar ou transferir en calquera momento, sin previo aviso á depósitos de aforro: instrumentos financeiros nos que o tenedor, previo aviso, ten que agardar un período fixo para poder dispor dos seus fondos depósito a prazo: os contratatados por un prazo de tempo determinado.Nun sentido máis amplo tamén se recolle nesta denominación a algúns activos

Fonte: IGE, *Servizos financeiros*


3.1.60.

Segundo os datos publicados polo IGE, este último ano rexístranse en Galicia un total de 1.003 entidades, nove menos das operativas no ano anterior. Dende o ano 2008, o número de entidades de depósito reduciuse máis dun 60% tanto en Galicia como en España, o que supón 1.509 entidades de crédito menos na Comunidade Autónoma.

A 31 de decembro de 2024 un total de 54 concellos galegos non contaban con ningunha oficina no ano 2023 (24 na mesma data de 2008) e outros 131 tan só dispoñen dunha sucursal (56 en 2008). É importante mencionar a evolución experimentada na provincia de Ourense, onde 30 dos 92 concellos non contan con oficinas das entidades de crédito e 48 só teñen unha (10 e 18, respectivamente, en 2008).

En relación ao número de habitantes, Galicia conta no último ano con 3,7 oficinas de entidades de crédito por cada 10.000 habitantes, case dous entidades menos que en 2019 (5,6 entidades). Pontevedra mantense como a provincia que presenta unha menor proporción, con 3,2 oficinas por cada 10.000 habitantes (4,5 oficinas en 2019), situándose no extremo oposto Lugo, quen experimenta o maior descenso entre os dous anos considerados, pasando das 6,7 oficinas por cada dez mil habitantes de 2019 ás 5 oficinas no último ano. Na provincia da Coruña hai un total de 3,7 oficinas fronte ás 4,8 oficinas do ano 2019; en tanto que en Ourense, este indicador sitúase en 4,5 oficinas fronte ás 5,9 oficinas ao inicio da crise orixinada pola pandemia.

Oficinas de entidades de depósito. Galicia-España 2008-24




(1) Exclúense as oficinas no estranxeiro. Datos a decembro de cada ano

Fonte: IGE, *Servizos financeiros*

3.1.61.

Evolución das afiliacións á Seguridade Social nos Servizos Financeiros: 2008-24



Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social e Mutualidades*

3.1.62.

Oficinas das entidades de crédito: 2019-24 (1)


	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	**540**	**502**	**425**	**410**	**405**	**401**
A Coruña	150	137	118	112	109	105
Ferrol	29	25	21	20	20	20
Santiago de Compostela	62	54	46	41	40	40
resto de concellos	299	286	240	237	236	236
Lugo	**219**	**196**	**200**	**165**	**165**	**164**
Lugo	52	44	42	36	36	36
resto de concellos	167	152	158	129	129	128
Ourense	**182**	**167**	**140**	**139**	**139**	**138**
Ourense	63	56	44	44	44	43
resto de concellos	119	111	96	95	95	95
Pontevedra	**425**	**369**	**319**	**311**	**307**	**303**
Pontevedra	42	35	25	26	25	25
Vigo	157	136	122	114	113	109
resto de concellos	226	198	172	171	169	169
Total	**1.366**	**1.234**	**1.084**	**1.025**	**1.016**	**1.006**

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: IGE, *Servizos financeiros*

3.1.63.

Porcentaxe de créditos sobre depósitos en Galicia e España 2008-24



Fonte: IGE, *Servizos financeiros*

3.1.64.

No concernente ao emprego, por segundo ano consecutivo aumenta o número de afiliacións nos servizos financeiros (CNAE 64), situándose de media en 2024 nas 8.750 afiliacións, 136 máis que no ano precedente (1,6% máis). Este feito acontece tamén no conxunto do Estado, onde as afiliacións medran un 2,6% respecto ao ano anterior. En relación ao emprego en 2008, Galicia conta con 5.899 afiliacións menos (14.649 afiliacións en 2008). O **gráfico 3.1.62.** mostra a devandita evolución das afiliacións no sector tanto en Galicia como no conxunto de España.

O volume de depósitos do sector privado nas entidades de crédito medra nun 4,3% en Galicia (5,3% de media no Estado), porcentaxe superior á rexistrada no ano anterior (2,1% e 0,2%, respectivamente). Tras esta evolución, o montante dos depósitos do sector privado en entidades de crédito en Galicia ascende a 78.986,9 millóns de euros, o que representa o 5,3% do total estatal.

Como se aprecia no **gráfico 3.1.64.**, continúa o descenso do peso dos créditos sobre depósitos tanto en Galicia como en España, sendo esta relación moito máis elevada no conxunto do Estado. No ano 2024 a porcentaxe de créditos sobre depósitos en Galicia descende ata o 60,9%, vinte puntos menos que en España (80,9%), cando en 2008 esta relación situábase en 146,6% en Galicia (161,1% no Estado). ❑

3.2. Demografía empresarial

A un de xaneiro de 2024 Galicia contaba con 185.554 empresas, un 0,2% máis que na mesma data do ano precedente. Esta medra non só é significativamente inferior á media estatal (1,5%), senón que tan só presenta un mellor comportamento que en Asturias, Navarra e Castela e León. En termos relativos, Galicia conta con 68,6 empresas activas por cada mil habitantes fronte ás 67 no conxunto de España, situándose como a cuarta Comunidade autónoma con maior densidade empresarial tan só por detrás de Baleares, Cataluña e Madrid.

A pesares do dinamismo da economía galega, por terceiro ano consecutivo redúcese o número de empresas con persoas traballadoras inscritas na Seguridade Social en Galicia, que remata o ano con 79.286 empresas, 868 menos que no ano anterior (1%). Tendo en conta o incremento rexistrado no conxunto de España (0,5%), o seu peso relativo descende ata o 5,9%, unha décima menos que na mesma data do ano anterior.

No que á dinámica empresarial se refire, no ano 2023 constituíronse un total de 15,9 sociedades por cada 10.000 habitantes fronte ás 24,2 sociedades no conxunto do Estado, o que supón o diferencial máis acusado dende a crise económica e financeira de 2008. Doutra banda, o número de sociedades disoltas por cada cen constituídas presenta no último ano un incremento en relación ao ano anterior acadando en Galicia un valor de 34,9, o que contrasta coa redución rexistrada no conxunto de Estado, onde o indicador se sitúa en 21,3 sociedades extinguidas por cada cen constituídas.

Xunto aos devanditos índices, o número de debedores concursados constitúe un indicador importante da dinámica empresarial. O número de debedores concursados en Galicia en 2024 ascende a 1.506 (un 26,2% superior ao ano anterior; 313 máis), dos que 1.191 son persoas físicas sen actividade empresarial, 53 son persoas físicas con actividade empresarial, e as restantes 262 son empresas. Este incremento ven explicado en maior medida pola evolución das persoas físicas, con 285 de-

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2019-24 (1) (2)

	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia (taxa de variación interanual)	España (taxa de variación interanual)
2019	82.285	1.340.415	6,14	-0,7	-0,5
2020	79.531	1.295.656	6,14	-3,3	-3,3
2021	81.366	1.332.390	6,11	2,3	2,8
2022	80.588	1.329.897	6,06	-1,0	-0,2
2023	80.106	1.338.191	5,99	-0,6	0,6
2024	79.268	1.344.934	5,89	-1,0	0,5

		2024	2023	24/23	(%)
Galicia		**79.268**	**80.106**	**-838**	**-1,0**
	A Coruña	33.473	33.620	-147	-0,4
	Lugo	10.822	10.966	-144	-1,3
	Ourense	9.289	9.342	-53	-0,6
	Pontevedra	29.579	30.004	-425	-1,4

(1) empresas con traballadores inscritas o último día de cada período; unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.

(2) Empresas con traballadores, obtidas agrupando Contas de cotización co mesmo Número de Identificación Fiscal. Inclúense o Réxime Xeral (excepto Sistema Especial de Empregados de Fogar), o Réxime da Minería do Carbón e o Réxime Especial dos Traballadores do Mar (conta allea). Do sector público exclúense "Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social*

■ 3.2.1.

bedores concursados máis, aumentando as empresas concursadas en 28 empresas (29,7% e 12%, respectivamente).


Empresas inscritas na Seguridade Social


Por terceiro ano consecutivo a economía galega presenta unha caída do número de empresas con persoas traballadoras inscritas na Seguridade Social. A 31 de decembro 2024 Galicia conta con 79.268 empresas inscritas, o que supón unha caída interanual do 1% (838 empresas menos). Fronte a este descenso, España presenta unha medra do 0,5% respecto ao ano anterior, polo que continúa a caída do peso relativo das empresas galegas no total estatal, que no último ano se sitúa no 5,9%, unha décima menos que no último día de 2023.


Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, o **gráfico 3.2.2.** reflicte a tendencia descendente do peso relativo das empresas galegas no total estatal pasando do 6,7% dos anos 2009 e 2010 ata o 5,9% do último ano. Asemade, se se toma como referencia o número de empresas a 31 de decembro de 2008 e 2019, Galicia aínda non recuperou o tecido empresarial existentes antes do inicio das crises, o que contrasta coa evolución rexistrada en España. En concreto, o número de empresas con persoas traballadoras inscritas na Seguridade Social en Galicia é un 3,7% inferior ao rexistrado ao comezo da crise socioeconómica orixinada pola pandemia, o que contrasta co incremento do 0,3% no conxunto do Estado. Ao mesmo tempo, cómpre resaltar a significativa destrución do tecido empresarial en Galicia dende o ano 2008, cunha caída do 9,4% (8.204 empresas menos), a diferenza do que acontece no conxunto do Estado, cun incremento do 1%.

O devandito descenso do número de empresas inscritas na Seguridade Social rexístrase en todas as provincias. Pontevedra presenta a caída máis acusada tanto en termos absolutos como relativos, cunha minoración de 425 empresas, o que supón un 1,4% menos. En Lugo

Evolución de empresas con traballadores inscritos na Seguridade Social Galicia-España: 2008-24







Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social*

3.2.2.

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2019-24: distribución sectorial e segundo titularidade

	Galicia						
	2019	2020	2021	2022	2023	2024	24/23
Total	**82.285**	**79.531**	**81.366**	**80.588**	**80.106**	**79.268**	**-1,0**
Primario	5.744	5.672	5.736	5.585	5.348	5.184	-3,1
Industria	7.219	7.087	7.063	6.954	6.843	6.737	-1,5
Construción	8.206	8.258	8.498	8.405	8.360	8.299	-0,7
Servizos	61.116	58.514	60.069	59.644	59.555	59.048	-0,9
Total	82.285	79.531	81.366	80.588	80.106	79.268	-1,0
Persoa física	33.163	31.197	31.869	30.963	30.183	29.163	-3,4
Persoa xurídica	49.122	48.334	49.497	49.625	49.923	50.105	0,4

	España						
	2019	2020	2021	2022	2023	2024	24/23
Total	**1.340.415**	**1.295.656**	**1.332.390**	**1.329.897**	**1.338.191**	**1.344.934**	**0,5**
Primario	116.108	117.104	115.745	106.401	107.403	110.286	2,7
Industria	108.262	105.955	106.453	105.523	104.563	102.993	-1,5
Construción	126.261	126.842	132.857	136.224	138.375	139.133	0,5
Servizos	989.784	945.755	977.335	981.749	987.850	992.522	0,5
Total	1.340.415	1.295.656	1.332.390	1.329.897	1.338.191	1.344.934	0,5
Persoa física	511.878	482.429	497.534	485.738	484.514	481.756	-0,6
Persoa xurídica	828.537	813.227	834.856	844.159	853.677	863.178	1,1

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social*

3.2.3.

esta caída sitúase no 1,3% (144 empresas menos) mentres que en Ourense esta porcentaxe é do 0,6% e na Coruña do 0,4% (53 e 147 empresas menos). Tras esta evolución, as provincias da Coruña e Pontevedra concentran o 79,5% das empresas inscritas, unha décima máis que no ano anterior (33.473 e 29.579 empresas, respectivamente).

Se a comparación se realiza coa situación rexistrada ao comezo da crise orixinada pola pandemia, ningunha provincia acada o nivel precrise, salientando en termos relativos a evolución na provincia de Lugo, onde o número de empresas con persoas traballadoras inscritas atópase un 6,2% por baixo (715 empresas menos), situándose a continuación Ourense, cun descenso do 4,8% (465 empresas menos). En termos absolutos, A Coruña presenta o descenso máis acusado, con 785 empresas menos, fronte ás 751 empresas inscritas menos en Pontevedra (-2,3% e -2,5%, respectivamente).

Dende un punto de vista sectorial, case tres de cada catro empresas inscritas en Galicia pertencen ao sector servizos (74,5%; 59.048), seguido da construción, que acolle un 10,5% das empresas (8.229), a industria, cun 8,5% (6.737) e o sector primario, cun 6,5% (5.184). Comparado coa estrutura sectorial no conxunto do Estado, Galicia presenta un menor peso relativo no sector primario (8,2% en España), sendo do 73,8% o peso do sector servizos no conxunto do Estado, do 10,3% no caso da construción, e do 7,7% no do conxunto das ramas industriais.

Os catro grandes sectores presentan unha

caída interanual do número de empresas inscritas, o que contrasta coa evolución no conxunto de España, onde por segundo ano consecutivo tan só se reduce o número de empresas industriais.

Dunha banda, o descenso máis acusado en Galicia en termos relativos rexístrase no sector primario, cunha redución do 3,1% (161 empresas menos que no ano anterior); por diante da industria, cunha caída interanual do 1,5% (106 empresas). No ámbito do sector terciario a redución do número de empresas galegas foi do 0,9% (507 empresas menos) e na construción do 0,7% (61 empresas menos). Doutra banda, no conxunto de España fronte ao devandito descenso interanual no sector industrial (-1,5%), o número de empresas con persoas traballadoras inscritas na SS aumenta un 0,5% nos sectores da construción e os servizos, en tanto que no sector primario a medra foi do 2,7%.

No que respecta á titularidade das empresas, a 31 de decembro de 2024 o 63,2% das empresas corresponden a persoas xurídicas e as restantes 36,8% son persoas físicas, situándose esta relación en España no 64,2% no caso das persoas xurídicas e no 35,8% no das persoas físicas. Na mesma data de 2019, as persoas xurídicas representaban o 59,7% en Galicia fronte ao 61,8% en España.

• Perfil da persoa traballadora autónoma

Os datos publicados no portal do traballo autónomo do Ministerio de Traballo e Economía Social reflicten que o número de persoas traballadoras afiliadas por conta propia na Seguridade Social en Galicia a 30 de setembro de 2024 ascende a 212.369 persoas (204.448 no réxime especial de traballadores autónomos), o que supón 127,6 persoas por cada mil habitantes de 16 a 64 anos, a rateo máis elevada de todas as CC.AA. (108,3 en España). Cómpre resaltar que Lugo é a segunda provincia co índice máis elevado (162,1 persoas), tan só superada por Zamora (162,5 persoas), situándose este índice en torno a 125 en Ourense e A Coruña, e en 120 en Pontevedra.

O número de persoas traballadoras autónomas propiamente ditas, é dicir, non están integradss en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistradas como parte dalgún colectivo especial de persoas traballadoras, ascende a 127.933. Este colectivo de autónomos persoas físicas representa o 6,3% do total estatal, dúas décimas menos que no ano anterior, sendo esta perda de peso consecuencia dun descenso no número de autónomos persoas físicas en Galicia fronte ao incremento rexistrado de media en España (-0,8% e 1,2%, respectivamente).

O **cadro 3.2.4.** reflicte que o descenso do número de persoas traballadoras autónomas en Galicia prodúcese tanto entre as mulleres como entre os homes, sendo este máis intenso entre as mulleres (-1% e -0,6%, respectivamente). Por contra, no conxunto de España rexístrase unha medra tanto entre as mulleres (1,8%) como en menor medida entre os homes (0,9%).

En relación á súa situación profesional, o descenso do número de persoas autónomas con asalariados en Galicia (o 14,4% do total) situouse no último ano no 4%, sendo esta caída do 0,2% no caso daqueles que non teñen persoas asalariadas. Fronte a esta evolución, no conxunto do Estado rexístrase unha medra do 1,6% no número de persoas traballadoras autónomas sen asalariados, sendo a caída entre as que si teñen persoas asalariadas de menor intensidade que en Galicia (–1,3%).

Atendendo á desagregación segundo grandes

Traballadores autónomos en Galicia e España 2024: principais características (1)


	2024					24/23	
	Galicia		España		Galicia / España	Galicia	España
		(%)		(%)	(%)	(%)	
Total	**212.369**	**100**	**3.395.233**	**100**	**6,3**	**- 1.656**	**40.021**
sexo							
homes	125.923	59,3	2.144.933	63,2	5,9	- 799	18.099
mulleres	86.446	40,7	1.250.299	36,8	6,9	- 857	21.923
idade							
16 a 25 anos	4.443	2,1	103.236	3,0	4,3	202	7.729
26 a 35 anos	22.275	10,5	434.783	12,8	5,1	- 272	10.350
36 a 45 anos	50.145	23,6	822.975	24,2	6,1	- 2.277	- 14.365
46 a 55 anos	70.145	33,0	1.080.617	31,8	6,5	- 534	7.220
46 a 65 anos	56.016	26,4	810.141	23,9	6,9	247	16.795
66 e máis anos	9.345	4,4	143.481	4,2	6,5	978	12.292
nacionalidade							
españois	202.425	95,3	2.933.619	86,4	6,9	- 2.453	7.092
estranxeiros	9.944	4,7	461.614	13,6	2,2	797	32.929
base de cotización							
mínima	26.587	12,5	579.212	17,1	4,6	11.937	253.520
entre mínima e 1,5 veces mínima	135.248	63,7	2.306.660	67,9	5,9	- 14.939	- 249.967
1,5-2 veces mínima	28.605	13,5	244.203	7,2	11,7	1.153	33.577
2-3 veces mínima	17.812	8,4	197.929	5,8	9,0	- 176	- 2.588
máis de 3 veces mínima	4.117	1,9	67.229	2,0	6,1	369	5.479
antiguidade							
< 6 meses	9.945	4,7	221.870	6,5	4,5	- 272	11.073
6-12 meses	10.614	5,0	205.968	6,1	5,2	333	8.390
1-3 anos	27.549	13,0	525.616	15,5	5,2	- 382	10.206
3-5 anos	20.091	9,5	354.817	10,5	5,7	- 1.229	- 21.403
5-10 anos	42.904	20,2	683.006	20,1	6,3	- 1.267	3.528
10-20 anos	59.849	28,2	787.905	23,2	7,6	481	18.141
20 ou máis anos	41.417	19,5	616.051	18,1	6,7	680	10.086
asalariados							
sen asalariados	181.820	85,6	2.905.657	85,6	6,3	- 380	46.647
con asalariados	30.549	14,4	489.576	14,4	6,2	- 1.276	- 6.626
pluriactividade							
sen pluriactividade	197.548	93,0	3.145.878	92,7	6,3	- 2.479	24.000
con pluriactividade	14.821	7,0	249.355	7,3	5,9	823	16.021
sector de actividade							
agricultura	31.318	14,7	267.251	7,9	11,7	- 1.517	- 3.779
industria	12.694	6,0	209.014	6,2	6,1	- 321	- 2.136
construción	26.958	12,7	412.261	12,1	6,5	- 129	6.075
servizos	141.399	66,6	2.506.707	73,8	5,6	311	39.861

(1) os datos de 2024 corresponden a 30 de setembro
Fonte: Portal del Trabajo Autónomo, Ministerio de Trabajo y Economía Social

3.2.4.

grupos de idade, o número de persoas traballadoras autónomas aumenta en Galicia entre os maiores de 55 anos e na poboación máis nova, descendendo nos outros grupos de idade considerados. Isto contrasta co acontecido no conxunto de España onde o descenso tan só se produce na poboación de 36-45 anos. O **cadro 3.2.4.** reflicte que entre os maiores de 55 anos o incremento en Galicia foi do 1,9% (1.225 persoas máis) e entre a poboación de 16-25 anos, do 4,8% (202 persoas), sendo estas porcentaxes máis elevadas no conxunto de España (3,1% e 8,1%, respectivamente). Por contra, a caída interanual máis intensa rexístrase entre as persoas de 36-45 anos, cun 4,3% (2.277 persoas) en Galicia fronte ao 1,7% en España.

Traballadores autónomos afiliados 2014-24: taxa variación interanual



(1) os datos de 2024 corresponden a 30 de setembro
Fonte: Portal del Trabajo Autónomo, Ministerio de Trabajo y Economía Social

3.2.5.

O peso das persoas traballadoras autónomas de nacionalidade estranxeira sobre o total é moi reducido en Galicia en comparación coa media estatal. A pesar dun incremento interanual do 8,7% do número de persoas traballadoras autónomas estranxeiras, un punto superior á media estatal, o seu peso relativo en Galicia é de tan só un 4,7%, lonxe do 13,6% no conxunto de España (4,3% e 12,8% no ano anterior, respectivamente). Asemade, hai que sinalar que o número de persoas autónomas de nacionalidade española redúcese en Galicia un 1,2% (2.453 persoas menos), o que contrasta coa medra rexistrada como no conxunto do Estado (0,2%).


Tendo en conta o sinalado anteriormente, o perfil maioritario das persoas empresarias autónomas propiamente ditas en Galicia continúa sendo o dun varón de nacionalidade española que traballa no sector servizos, aínda que cunha importante presenza na agricultura; sen persoas asalariadas ao seu cargo; cunha soa actividade; cunha idade comprendida entre 46 e 55 anos; con cinco ou máis anos no seu negocio; e que cotiza entre a base mínima e 1,5 veces a base mínima de cotización.

Ao mesmo tempo, cómpre sinalar as diverxencias co perfil medio no conxunto de España, entre as que se poden destacar: unha importante presenza en Galicia de persoas traballadoras autónomas na agricultura, que representan o 14,7% do total en Galicia fronte ao 7,9% a nivel estatal; a maior presenza de mulleres que na media do Estado, co 40,7% fronte ao 36,8% do total en España; as persoas de nacionalidade estranxeira, que tan só representan o 4,7% en Galicia, lonxe da media española, que ascende ata o 13,6%; ou que o 13,5% destas persoas autónomas cotizan entre 1,5 e dúas veces a base mínima de cotización fronte ao 7,2% en España, e un 12,5% o fai pola base mínima fronte ao 17,1% no conxunto do Estado.

Dinámica empresarial

O Rexistro Mercantil Central proporciona información baseada en memorias estatísticas que se refiren aos actos societarios de consti-

Sociedades mercantís constituídas e extinguidas en Galicia e España 2008-24



Fonte: INE, *Estadísticas de sociedades mercantiles*

3.2.6.

tución, extinción, transformación, fusión, aumento e redución de capital, situacións concursais e sistemas de administración societaria, que permite analizar a evolución do tecido produtivo.

Tras un incremento interanual do 7,9%, o número de sociedades mercantís constituídas no ano 2024 ascende a 4.311, o valor máis elevado dende a crise de 2008. Non obstante, a constitución de sociedades entre os dous anos considerados redúcese un 21,7% ao contrario do que acontece no tecido empresarial no conxunto de España, cunha medra do 12,5%. Por contra, en relación ao ano 2019 o número de sociedades constituídas medra un 13,5%, once puntos por baixo do experimentado no Estado.

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2024

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Constituidas	**4.311**	**1.943**	**393**	**363**	**1.612**	**117.990**
Anónimas	7	3	1	-	3	458
Limitadas	4.298	1.940	386	363	1.609	117.509
Outras	6	-	6	-	-	23
Amplían capital	**1.135**	**506**	**118**	**112**	**399**	**29.769**
Anónimas	37	18	2	5	12	1.491
Limitadas	1.098	488	116	107	387	28.264
Outras	-	-	-	-	-	14
Extinción	**1.505**	**646**	**160**	**129**	**570**	**25.090**
Voluntaria	1.278	553	130	114	481	20.832
Por fusión	110	59	12	6	33	2.087
Outras	117	34	18	9	56	2.171
Constituidas						
Número	4.311	1.943	393	363	1.612	117.990
Capital	312.696	179.328	12.941	24.258	96.169	5.682.757
Capital desembolsado	312.069	178.728	12.914	24.258	96.169	5.538.804
Amplían capital						
Número	1.135	506	118	112	399	29.769
Capital	473.540	217.365	45.138	20.660	190.377	23.870.099
Capital desembolsado	-	-	-	-	-	-
Reducen Capital						
Número	-	-	-	-	-	7.022
Capital	-	-	-	-	-	12.037.102
Capital desembolsado	-	-	-	-	-	-
Disoltas						
Número	1.505	646	160	129	570	25.090
Capital	-	-	-	-	-	-
Capital desembolsado	-	-	-	-	-	-

Fonte: INE, *Estadísticas de sociedades mercantiles*

3.2.7.


Atendendo á súa distribución provincial, A Coruña e Pontevedra concentran no último ano o 82,5% das sociedades constituídas en Galicia, o que supón un punto máis que no ano anterior (81,4% en 2019). Tras unha medra interanual do 15,4% (269 sociedades máis) na provincia da Coruña constituíronse un total de 1.943 sociedades mercantís, sendo esta medra do 2,9% en Pontevedra (47 máis), provincia na que se constituíron 1.616 sociedades. En Ourense o crecemento experimentado foi do 3,2% (12 sociedades máis), permanecendo practicamente estable en Lugo (unha máis).

Se o horizonte temporal se amplía ao inicio da crise orixinada pola covid-19, o maior incremento en termos relativos rexístrase na Coruña, cunha medra do 20% (324 sociedades constituídas máis), por diante de Lugo, cun 14,9% (51 sociedades) e Pontevedra, cun 9,5% (140 sociedades constituídas máis). Por contra, na provincia de Ourense o número de sociedades mercantís constituídas permanece practicamente constante (unha menos que en 2019).


O capital subscrito por estas sociedades racha a súa tendencia descendente dos últimos

Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2008-24 (1)

Taxa de creación de empresas (1)



Índice de rotación empresarial (2)



(1) Taxa de creación de empresas: Sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes

(2) índice de rotación empresarial: cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constitucións

Fonte: INE, *Estadísticas de sociedades mercantiles*

3.2.8.

anos. Tras unha medra interanual do 82,7% o capital subscrito acada os 312,7 millóns de euros, 141,5 millóns máis que no ano precedente, o que contrasta co descenso rexistrado en España onde o capital subscrito se reduce un 9,7% respecto ao ano anterior. Deste xeito, o capital medio subscrito por estas sociedades en Galicia medra un 68,7%, acadando os 72.534,45 euros, o que contrasta coa caída interanual do 17,3% no conxunto de España (48.163,04 euros).

O devandito crecemento no capital subscrito en Galicia rexístrase en todas as provincias agás en Lugo. En concreto, na Coruña o capital subscrito aumenta un 137,2% respecto ao ano anterior (103,7 millóns de euros máis), por diante do 66,1% de Pontevedra (38,3 millóns de euros máis) e do 19,7% en Ourense (4 millóns) Por contra, Lugo presenta unha redución do 25,7% respecto ao ano anterior (4,5 millóns de euros menos). Tras esta evolución, A Coruña concentra o 57,3% do capital subs-

Taxa de creación e taxa de mortalidade de sociedades mercantís 2023-24

	Taxa de creación		Taxa de mortalidade	
	sociedades constituídas / dez mil habitantes		empresas disoltas / cen sociedades constituídas	
	2023	2024	2023	2024
	(%)			
Andalucía	22,3	23,2	20,0	21,5
Aragón	14,7	16,5	40,7	36,1
Asturias	12,9	14,8	32,3	28,8
Balears	32,8	35,0	25,2	24,4
Canarias	17,9	18,6	24,9	26,0
Cantabria	13,1	15,2	34,9	31,2
Castela e León	11,5	12,4	44,5	39,5
Castela A Mancha	14,6	16,0	12,8	15,5
Cataluña	25,9	28,4	8,8	8,3
C. Valenciana	25,5	27,8	13,7	12,0
Estremadura	11,7	12,8	26,5	27,1
Galicia	14,8	15,9	32,9	34,9
A Coruña	15	17,2	33	33,2
Lugo	12	12,1	37	40,7
Ourense	12	11,9	34	35,5
Pontevedra	17	17,0	32	35,4
Madrid	35,6	38,4	33,4	27,9
Murcia	17,1	18,2	14,8	15,3
Navarra	11,9	14,8	32,4	7,5
País Vasco	14,1	15,4	43,8	45,1
A Rioxa	12,9	13,2	48,3	42,3
Total	22,4	24,2	22,9	21,3

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, *Estadísticas de sociedades mercantiles*

3.2.9.

crito fronte ao 30,8% en Pontevedra; sendo estas porcentaxes do 7,8% e 4,1% en Ourense e Lugo, respectivamente.

No que atinxe ás ampliacións de capital, o número de sociedades mercantís que ampliaron o seu capital aumenta un 7% no último ano (1,1% en España), o que contrasta coa redución experimentada nos dous anos anteriores. Tras esta evolución, en 2024 rexistráronse 1.135 ampliacións, aumentando o seu peso relativo no total estatal ata o 3,8%. O capital subscrito rexistrou en Galicia unha medra do 32,6%, case o triplo do experimentado en España (11%). Tras esta evolución, o capital subscrito nas diferentes ampliacións das sociedades galegas ascende ata os 473,5 millóns de euros, o 2% do total estatal (1,7% no ano precedente).

O devandito incremento do número de sociedades que amplían capital non é homoxéneo. Dunha banda, A Coruña presenta unha variación interanual do 24,3% (99 sociedades máis) fronte ao 2,8% en Ourense (3 sociedades máis). Doutra banda, Lugo rexistra unha caída do 9,9% (13 sociedades menos) situándose esta redución no 3,6% no caso de Pontevedra (15 menos). Tras este comportamento, A Coruña concentra o 44,6% das sociedades que amplían capital en Galicia no último ano (506 sociedades) fronte ao 35,2% (399 sociedades) en Pontevedra (38,4% e 39% no ano precedente, respectivamente).

No que respecta ao capital subscrito por estas sociedades que amplían capital, todas as provincias galegas presentan unha medra intera-

nual, salientando Lugo, cun incremento do 161,4% (27,9 millóns de euros máis) e Pontevedra, con 32,6% (46,8 millóns de euros). Ourense presenta unha medra do 25,4% e A Coruña do 21% (4,2 e 37,7 millóns de euros máis). Tras esta evolución, A Coruña concentra o 45,9% do capital subscrito (217,4 millóns de euros) fronte ao 40,2% (190,1 millóns) en Pontevedra (50,3% e 40,2% no ano precedente).

A relación entre o número de sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes pode considerarse un primeiro indicador da creación de sociedades mercantís, e permite facer unha comparación máis homoxénea entre as distintas CC.AA. Dunha banda, a **taxa de creación de empresas** no ano 2024 aumenta ata as 15,9 sociedades mercantís por cada 10.000 habitantes, once décimas por riba do estimado no ano anterior, lonxe das 24,2 sociedades no conxunto de España (22,6 no ano 2023). Como se reflicte no **cadro 3.2.8.**, a taxa de creación de empresas non só se mantén por baixo da rexistrada en España, se non que o diferencial aumenta ata os 8,3 puntos, o valor máis acusado ao longo de toda a serie considerada (7,9 puntos no ano anterior). Doutra banda, Galicia atópase nunha posición intermedia en comparación coas outras CC.AA., acadando Castela e León valores inferiores a 13 sociedades por cada dez mil habitantes, mentres que os valores máis elevados rexístranse en Madrid e Baleares, con 38,4 e 35 sociedades por cada dez mil habitantes, respectivamente.

O devandito incremento da taxa de creación de empresas non se produce de xeito homoxéneo nas diferentes provincias galegas, aumentando significativamente na Coruña fronte ao lixeiro descenso experimentado en Ourense. Tras o devandito incremento do número de sociedades constituídas na Coruña, esta provincia presenta a taxa de creación máis elevada, feito que non acontecera ao longo de toda a serie analizada. En concreto, no ano 2024 creáronse un total de 17,2 sociedades por cada 10.000 habitantes (15 no ano anterior), ascendendo en Pontevedra ata as 17 sociedades (16,5 sociedades en 2023). Por terceiro ano consecutivo Ourense presenta a taxa máis reducida, con 11,9 empresas por cada 10.000 habitantes (11,5 no ano precedente), descendendo a taxa de creación de empresas en Lugo ata as 12,1 sociedades por cada 10.000 habitantes (12,2 sociedades no ano anterior).

Os datos publicados por *Eurostat* sobre dinámica empresarial sobre o número de empresas pertencentes ao sector industrial, construción e servizos de mercado creadas por cada cen empresas activas permiten facer unha comparación homoxénea coa rexión norte de Portugal e o resto das CC.AA. No ano 2022, último dato dispoñible, en Galicia creáronse un total de 7,1 empresas por cada cen empresas activas fronte ás 8,6 empresas no conxunto de España (7,7 e 9,2 empresas no ano anterior). Este valor sitúa a Galicia entre as CC.AA. coa taxa máis reducida, tras A Rioxa, Castela e León, Navarra, Asturias e Aragón. Como amosa o **cadro 3.2.10.**, este indicador presenta valores significativamente máis elevados na rexión norte de Portugal, con 15,8 empresas creadas por cada cen activas (16,7 empresas en Portugal).

O número de sociedades mercantís extinguidas en Galicia, tras o descenso experimentado nos dous ano anteriores, medra en 2024 un 14,7% respecto ao ano precedente (185 sociedades máis), extinguíndose un total de 1.505 sociedades. Tendo en conta que no conxunto do Estado o número de empresas que se extinguen aumenta un 1,2%, o peso relativo de Galicia no total estatal aumenta ata 6%, oito décimas por riba do rexistrado no ano precedente (6,4% no ano 2019). O devan-

Taxa de creación, taxa de mortalidade e taxa de rotación empresarial 2021-22

	empresas	creación	desaparición	Taxa de creación		Taxa de mortalidade	
	(número de empresas)			empresas creadas / cen empresas activas		empresas desaparecidas / cen empresas activas	
	2022			2021	2022	2021	2022
					(%)		
Andalucía	571.510	54.025	52.019	10,1	9,5	7,7	9,1
Aragón	88.995	6.110	6.542	7,5	6,9	6,5	7,4
Asturias	69.811	4.772	5.632	7,5	6,8	6,8	8,1
Balears	107.734	11.624	9.784	10,7	10,8	7,6	9,1
Canarias	152.640	16.454	13.984	10,7	10,8	7,7	9,2
Cantabria	40.370	2.869	2.876	7,4	7,1	6,2	7,1
Castela e León	156.230	10.016	11.452	6,8	6,4	6,4	7,3
Castela A Mancha	133.226	10.201	11.343	8,3	7,7	6,7	8,5
Cataluña	644.491	55.528	56.410	9,3	8,6	7,4	8,8
C. Valenciana	388.314	36.795	36.291	9,8	9,5	7,9	9,3
Estremadura	68.218	5.238	5.629	8,1	7,7	6,6	8,3
Galicia	**198.818**	**14.156**	**15.212**	**7,7**	**7,1**	**6,5**	**7,7**
Madrid	548.738	49.472	47.504	9,7	9,0	7,6	8,7
Murcia	99.964	8.667	9.125	9,3	8,7	7,6	9,1
Navarra	43.594	2.887	3.020	8,4	6,6	6,4	6,9
País Vasco	143.595	10.444	10.184	7,9	7,3	6,7	7,1
A Rioxa	22.737	1.322	1.731	6,5	5,8	6,0	7,6
Ceuta	3.661	330	383	9,2	9,0	9,1	10,5
Melilla	4.857	496	559	9,0	10,2	11,7	11,5
Total	**3.487.503**	**301.406**	**299.680**	**9,2**	**8,6**	**7,3**	**8,6**
Portugal	1.329.175	222.462	138.000	14,4	16,7	10,5	10,4
Norte de Portugal	439.666	69.646	43.919	13,4	15,8	9,5	10,0
Centro	194.172	27.473	19.530	12,5	14,1	9,5	10,1
Grande Lisboa	333.104	62.663	36.015	16,2	18,8	12,0	10,8


Fonte: Eurostat

3.2.10.

dito incremento do número de sociedades disoltas prodúcese en todas as provincias galegas, rexistrando A Coruña a taxa de variación interanual máis elevada tanto en termos relativos (16,6% máis) como absolutos (92 sociedades máis). Tras esta evolución, A Coruña mantense como a provincia con maior número de extincións, con 646, por diante de Pontevedra, que rexistra 570 extincións, 77 máis que no ano precedente (15,6%); e Lugo, con 160, un 10,3% máis que no ano anterior (15 sociedades). O número de sociedades disoltas aumenta un 7,5% en Ourense para situarse en 129 sociedades (9 máis que no ano precedente).

En termos relativos, o número de sociedades mercantís extinguidas por cada cen constituídas, aumenta no último ano ata as 34,9 sociedades, o que contrasta co descenso experimentado nos dous anos anteriores (32,9 sociedades no ano precedente). No conxunto de España o índice de rotación descende ata o 21,3, o que supón unha caída de case dous sociedades extinguidas por cada cen constituídas. Tal e como se reflicte no devandito **cadro 3.2.8.**, este indicador mantense por riba da media española ao longo de toda a serie analizada, ascendendo o diferencial ata os 13,6 puntos no ano 2024 (10,1 no ano anterior). Comparado co resto das CC.AA., tan só País Vasco, A Rioxa, Castela e León e Aragón presentan unha taxa superior, presentando Navarra e Cataluña os valores máis reducidos (7,4 e 8,3 sociedades) (**cadro 3.2.9.**).

Debedores concursados 2008-24. Empresas concursadas e persoas físicas con actividade empresarial



Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal* e Colegio de Registradores de España, *Estadísticas Concursales*

3.2.11.

As catro provincias galegas seguen a presentar un índice de rotación superior á media estatal. A diferenza do acontecido no ano anterior, Lugo rexistra o valor máis elevado do índice de rotación, cun total de 40,7 sociedades extinguidas por cada cen constituídas; seguido de Ourense e Pontevedra con 35,9 e 35,4 sociedades, respectivamente. A Coruña presenta en 2024 o valor máis reducido, con 33,2 sociedades extinguidas por cada cen constituídas.

Atendendo aos datos de Eurostat, o número de sociedades que desaparecen no ano 2022 (último dato dispoñible) por cada cen empresas activas sitúase en Galicia en 7,7 sociedades, indicador que se sitúa non só por baixo do valor acadado no conxunto do Estado (8,6 empresas) senón tamén como una das CC.AA. como menor mortalidade empresarial, tras Navarra (6,9 empresas), País Vasco e Cantabria (7,1), Castela e León (7,3) e A Rioxa (6 sociedades disoltas por cada cen empresas activas). Na rexión Norte de Portugal a taxa de mortalidade empresarial ascende ata as 8,9 sociedades desaparecidas por cada cen activas, situándose no conxunto de Portugal en 9,8 sociedades.

- **Empresas concursadas**

A Estatística do Procedemento Concursal proporciona información sobre o número de debedores concursados, tipo de concurso e procedemento. A dita información obtense a partir dos boletíns oficiais dos xulgados do mercantil, entre outros, e permite dispor dun indicador fundamental da dinámica empresarial. O número de debedores concursados en Galicia no conxunto do ano 2024 aumenta un 26,2% respecto ao ano anterior, ascendendo a 1.506 debedores (313 máis que no ano anterior), dos que 262 son empresas, 53 son persoas físicas con actividade empresarial (1.191

Empresas concursadas en Galicia e España 2023-24: distribución segundo actividade económica principal (1)

	Galicia		España		Galicia / España
	2024	2023	2024	2023	(%)
Total	**261**	**234**	**5.577**	**4.825**	**4,7**
Agricultura, gandeiría, silvicutura e pesca	7	7	78	73	9,0
Industria	36	42	715	705	5,0
Industria extractiva	-	1	6	4	-
Industria manufactureira	36	41	709	701	5,1
Enerxía	2	1	15	19	13,3
Construción	41	42	859	809	4,8
Servizos	175	142	3.910	3.219	4,5
Comercio maiorista e minorista, reparación de vehículos a motor e motocicletas	73	58	1.394	1.227	5,2
Transporte e almacenamento	10	16	228	202	4,4
Hostelería	26	26	587	499	4,4
Información e comunicacións	13	4	288	155	4,5
Inmobiliarias, financeiras e seguros	4	8	256	213	1,6
Actividades profesionais e técnicas	16	9	418	328	3,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	8	6	297	180	2,7
Resto de servizos	25	15	442	415	5,7

(1)Ano 2021 e posteriores datos do Colegio de Registradores de España

Fonte: Colegio de Registradores de España, *Estadística del Procedimiento Concursal* (EPC)

3.2.12.

son persoas físicas sen actividade empresarial). O devandito incremento interanual ven explicado en maior medida pola evolución das persoas físicas, con 285 debedores concursados máis (29,7%), aumentando no caso das empresas concursadas un 12%, o que supón 28 máis que no ano anterior.

Centrándonos nas empresas concursadas propiamente ditas, sen contar as persoas físicas con actividade empresarial, o **cadro 3.2.12.** amosa que o perfil maioritario de empresas concursadas, no que ao sector de actividade principal se refire, son aquelas que desenvolven a súa actividade no ámbito do sector servizos, que concentra o 67% do total (175 das 261 empresas concursadas), máis de tres puntos por baixo da media estatal, que ascende ata o 70,1%. A continuación sitúase a construción, con 41 empresas concursadas, o que representa o 15,7% fronte ao 15,4% en España; e a industria, con 36 empresas, o 13,8% do total (12,8% en España). Finalmente, dúas empresas englóbanse no sector enerxético e sete no primario. Atendendo ao seu peso no total estatal, cómpre salientar a importancia relativa do sector primario, que supón o 9% das empresas concursadas no sector, seguido pola industria, co 5%; e a construción e os sector servizos, cun 4,8% e 4,5%, respectivamente.

Atendendo á súa distribución segundo rama de actividade, o maior número de empresas concursadas no último ano corresponde ao subsector do comercio, tanto por xunto como polo miúdo, con 73 empresas concursadas (28%). A continuación estaría a construción, coas devanditas 41 empresas, e a industria manufactureira, con 36 empresas concursadas no último ano (o 15,7% e 13,8% do total estatal).

Xunto á devandita distribución sectorial, cómpre resaltar que a meirande parte das empresas son sociedades de responsabilidade limitada (247 empresas), destacando ademais que das 262 empresas concursadas en Galicia no último ano o 43,1% teñen un volume de negocio inferior aos 250.000 euros (113 em-

Supervivencia empresarial 2021-22

	Empresas activas		empresas creadas tres anos antes e que sobreviven no ano de referencia		empresas creadas tres anos antes e que sobreviven no ano de referencia / empresas activas	
	2021	2022	2021	2022	2021	2022
Andalucía	555.801	571.510	36.444	34.109	6,6	6,0
Aragón	88.382	88.995	4.388	4.396	5,0	4,9
Asturias	69.230	69.811	3.771	3.548	5,4	5,1
Balears	103.048	107.734	6.500	6.206	6,3	5,8
Canarias	146.065	152.640	10.575	9.495	7,2	6,2
Cantabria	39.609	40.370	2.335	2.170	5,9	5,4
Castela e León	155.555	156.230	7.669	7.267	4,9	4,7
Castela A Mancha	130.885	133.226	7.250	6.921	5,5	5,2
Cataluña	635.587	644.491	37.186	38.482	5,9	6,0
C. Valenciana	378.484	388.314	24.204	22.704	6,4	5,8
Estremadura	67.348	68.218	4.035	3.531	6,0	5,2
Galicia	196.675	198.818	10.963	9.970	5,6	5,0
Madrid	537.752	548.738	34.167	33.128	6,4	6,0
Murcia	98.533	99.964	5.987	5.607	6,1	5,6
Navarra	40.361	43.594	2.246	2.094	5,6	4,8
País Vasco	141.543	143.595	7.162	7.922	5,1	5,5
A Rioxa	22.679	22.737	1.095	1.040	4,8	4,6
Ceuta	3.707	3.661	208	212	5,6	5,8
Melilla	5.004	4.857	406	290	8,1	6,0
Total	3.416.248	3.487.503	206.591	199.092	6,0	5,7
Portugal	1.231.887	1.329.175	88.711	89.806	7,2	6,8
Norte de Portugal	410.607	439.666	29.620	29.980	7,2	6,8
Centro	184.053	194.172	11.920	11.508	6,5	5,9
Grande Lisboa	305.387	333.104	22.736	24.201	7,4	7,3

Fonte: Eurostat

■ 3.2.13.

presas), fronte a un 16% no caso de empresas cun volume de negocio comprendido entre 250.000 e 500.000 euros, e ao 15,3% entre medio millón e un millón de euros (42 e 40 empresas, respectivamente).

Finalmente, destacar que o 29,4% das empresas concursadas no último ano son empresas con entre un e cinco persoas asalariadas (77 empresas), en tanto que aquelas sen persoas asalariadas representan o 19,5% (51 empresas). Asemade, un 13,7% teñen entre 6-9 persoas asalariadas (36 sociedades) e un 14,9% entre 10-15 persoas asalariadas (39 empresas).

• Taxa de supervivencia empresarial

O indicador da taxa de supervivencia aos tres anos permite completar a análise recollida no punto anterior a pesar de corresponderen os últimos datos publicados ao ano 2022 (datos actualizados por Eurostat en febreiro de 2025). Como amosa o **cadro 3.1.13.**, o número de empresas que se crearon en Galicia tres anos antes e que sobreviven ascende a 9.970 sociedades, 993 menos que no ano precedente, o que supón o 5% do total de empresas dese ano en Galicia. Esta porcentaxe sitúase novamente por baixo da media española (5,7%), e coloca a Galicia como a quinta Comunidade autónoma coa rateo máis reducida tan só por diante de Aragón (4,9%), Navarra (4,8%), Castela e León (4,7%) e A Rioxa (4,6%). Tanto en Portugal no seu conxunto como na rexión norte, a porcentaxe de empresas que sobreviven aos tres anos en rela-

Supervivencia empresarial en Galicia 2022. Distribución segundo sectores

	Empresas activas	Empresas creadas	Empreas disoltas	Empresas creadas tres anos antes e que sobreviven no ano de referencia	Empresas creadas tres anos antes e que sobreviven no ano de referencia / empresas activas
		(número de empresas)			*(%)*
Total tecido empresarial	**198.818**	**14.156**	**15.212**	**9.970**	**5,0**
Industria	11.594	541	714	372	3,2
Construción	26.972	1.740	1.893	1.229	4,6
Comercio e reparación de vehículos de motor	43.896	2.485	3.549	1.880	4,3
Transporte e almacenamento	12.369	625	910	699	5,7
Hostalería	19.147	1.747	1.903	1.125	5,9
Información e comunicacións	2.988	326	243	187	6,3
Actividades financeiras e de seguros, agás sociedades de investimento	13.944	1.101	895	775	5,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas; servizos auxliares	32.983	2.504	2.506	1.613	4,9
Educación, actividades sanitarias e de servizos sociais	16.629	1.439	1.186	969	5,8
Actividades artísticas, ocio e entretemento; outros servizos	18.296	1.648	1.413	1.121	6,1

(1) Industria, construción e servizos de mercado

Fonte: Eurostat

3.2.14.

ción ao total de empresas sitúase en 2022 no 6,8%.

Fronte ao devandito indicador, se se considera a relación entre o número de empresas que sobreviven aos tres anos da súa creación e o total de empresas creadas tres anos antes, en 2022 o 58,7% das empresas sobrevive aos tres anos da súa creación, máis de catro puntos superior á media española (54,4%), porcentaxe que sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade autónoma coa taxa máis elevada, tras Cantabria (62,9%), País Vasco (61,7%) e A Rioxa (59,8%). Asemade, a taxa de supervivencia aos tres anos é significativamente inferior na rexión norte de Portugal, ao acadar o 50,8%, case oito puntos por baixo da galega.

Atendendo á súa distribución sectorial, o **cadro 3.2.14.** amosa que en 2022 (último dato dispoñible) o número de empresa de "información e comunicacións" e das "actividades artísticas, recreativas e de entretemento" creadas tres anos antes representan o 6,3% e 6,1% das empresas do seu sector, respectivamente, o que contrasta con tan só o 3,2% no ámbito industrial e 4,3% das empresas de comercio, e de reparación de vehículos de motor e motocicletas.

• Tecido empresarial. Directorio de empresas e unidades locais (Dirce)

Dentro dos indicadores da demografía empresarial destaca a información agregada relativa ás empresas con actividade económica en Galicia que proporciona a explotación do Directorio de empresas e unidades locais (Dirce) elaborado polo INE a partir de fontes tributarias, xurídicas ou da Seguridade Social, entre outras, xa que permite completar a análise aportando información sobre o tecido empresarial galego incluíndose todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao produto interior bruto. O Dirce cubre todas as actividades económicas excepto a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autonómica e Local (incluída Seguridade Social), as actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico e as das comunidades de propietarios.

Empresas activas 2023-2024. Distribución segundo CC.AA.

	2023	2024	24/23	
	(número de empresas)		*(%)*	
Andalucía	520.870	529.087	8.217	1,6
Aragón	83.953	84.439	486	0,6
Asturias	64.611	64.463	-148	-0,2
Balears	97.784	100.430	2.646	2,7
Canarias	139.245	142.398	3.153	2,3
Cantabria	37.801	38.005	204	0,5
Castela e León	148.223	148.398	175	0,1
Castela A Mancha	122.860	123.486	626	0,5
Cataluña	591.734	602.706	10.972	1,9
C. Valenciana	352.990	361.234	8.244	2,3
Estremadura	63.094	63.577	483	0,8
Galicia	**185.179**	**185.554**	**375**	**0,2**
A Coruña	76.652	76.843	191	0,2
Lugo	22.600	22.510	-90	-0,4
Ourense	20.839	20.855	16	0,1
Pontevedra	65.088	65.346	258	0,4
Madrid	503.018	513.575	10.557	2,1
Murcia	91.290	92.458	1.168	1,3
Navarra	41.152	40.934	-218	-0,5
País Vasco	134.859	135.658	799	0,6
A Rioxa	21.178	21.219	41	0,2
Ceuta	3.369	3.301	-68	-2,0
Melilla	4.370	4.354	-16	-0,4
Total	**3.207.580**	**3.255.276**	**47.696**	**1,5**

(1) datos a 1 de xaneiro
(2) Esta estatística considera como empresas as organizacións sometidas a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.
Fonte: INE, *DIRCE*

3.2.15.

A un de xaneiro de 2024 Galicia contaba con 185.554 empresas, 375 empresas máis que no ano anterior (0,2%), o que representa o 5,7% do total estatal, unha décima menos que no ano anterior (6% na mesma data de 2019). O devandito incremento interanual non só é significativamente inferior ao rexistrado no conxunto de España, senón que tan só presenta un mellor comportamento que en Asturias e Navarra, cunha redución do 0,2% e 0,5%, respectivamente, e Castela e León, cunha medra do 0,1%. Como amosa o **cadro 3.2.15.**, Pontevedra é a provincia galega que presenta un mellor comportamento, cunha medra interanual do 0,4% (258 empresas máis), o que contrasta coa redución do 0,4% (90 empresas) en Lugo. Entre o un de xaneiro de 2023 e 2024 o número de empresas medra un 0,2% na Coruña (191 empresas máis) e nun 0,1% (16 empresas) en Ourense.

O **cadro 3.2.16.** mostra o reducido tamaño do tecido empresarial, de xeito que o 51,8% das empresas galegas rexistradas polo Dirce non teñen persoas asalariadas (96.112 empresas), fronte ao 52% de media no conxunto do Estado. Asemade, o 40,1% das empresas galegas teñen entre un e cinco asalariados (74.380 empresas), fronte ao 39,1% do total rexistrado en España. Tan só o 4,2% das empresas galegas teñen dez ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,9% no Estado. Comparado co rexistrado no ano anterior, cómpre mencionar o incremento de 281 empresas sen persoas asalariadas (10,3%), entre aquelas con 3-5 persoas asalariadas (264;

Empresas en Galicia e España 2023-24 (1): distribución segundo número de asalariados

	Galicia		España	
	2023	2024	2023	2024
Total empresas	**185.179**	**185.554**	**3.207.580**	**3.255.276**
Sen asalariados	95.831	96.112	1.719.297	1.692.479
de 1 a 2 asalariados	56.160	55.575	897.786	955.079
de 3 a 5 asalariados	18.541	18.805	309.528	316.419
de 6 a 9 asalariados	7.255	7.354	128.079	131.903
de 10 a 19 asalariados	4.077	4.313	81.822	84.907
de 20 a 49 asalariados	2.210	2.270	45.896	48.362
de 50 a 99 asalariados	597	630	12.646	13.079
de 100 a 199 asalariados	286	266	6.373	6.615
de 200 a 449 asalariados	52	52	1.290	1.367
de 500 a 999 asalariados	123	127	3.710	3.856
de 1000 a 4999 asalariados	36	38	963	1.012
de 5000 ou máis asalariados	11	12	190	198

	2024			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total empresas	**76.843**	**22.510**	**20.855**	**65.346**
Sen asalariados	40.507	11.620	10.811	33.174
de 1 a 2 asalariados	22.522	6.872	6.554	19.627
de 3 a 5 asalariados	7.645	2.337	2.028	6.795
de 6 a 9 asalariados	2.932	859	770	2.793
de 10 a 19 asalariados	1.729	508	397	1.679
de 20 a 49 asalariados	977	231	204	858
de 50 a 99 asalariados	282	53	42	253
de 100 a 199 asalariados	120	18	27	101
de 200 a 449 asalariados	29	2	7	14
de 500 a 999 asalariados	70	7	9	41
de 1000 a 4999 asalariados	23	2	5	8
de 5000 ou máis asalariados	7	1	1	3

(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: INE, *DIRCE*

3.2.16.

1,4%) e as de 10-19 persoas (236; 5,8%). No extremo oposto, redúcese o número de empresas de 1-2 persoas asalariadas en 585 empresas (1%) e o de empresas de 100 a 199 persoas, (20 empresas; 7%).

O 81% das empresas galegas incluídas no devandito Directorio pertencen ao sector servizos (150.330 empresas), onde salientan as actividades de "Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas", con 38.806 empresas (20,9%); seguidas das "Actividades profesionais, científicas e técnicas", con 19.501 (10,5%); e a "Hostalería", con 17.070 empresas (9,2%). O sector da construción acolle ao 13,3% das empresas (24.638 empresas) e a industria e enerxía, ao restante 5,7% (10.586 empresas).

A especialización das empresas galegas en relación á media estatal permite caracterizar a estrutura produtiva de Galicia. Neste senso, o índice de especialización relativa (IER) mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Atendendo ao número de empresas reflectido no Dirce, o conxunto do sector industrial e a construción presentan unha lixeira especialización relativa (valores superiores á uni-

Empresas en Galicia e España 2023-24 (1) (2): distribución segundo grandes ramas de actividade

	2023	2024	24/23	Índice de especialización (3)
Total	**185.179**	**185.554**	**375**	**1,00**
Industria e enerxía	**10.780**	**10.586**	**-194**	**1,06**
Industria extractiva	146	140	-6	1,61
Industria manufactureira	10.129	9.924	-205	1,11
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	308	314	6	0,50
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación	197	208	11	0,52
Construción	**24.742**	**24.638**	**-104**	**1,13**
Servizos	**149.657**	**150.330**	**673**	**0,98**
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	39.979	38.806	-1.173	1,07
Transporte e almacenamento	11.337	11.560	223	0,99
Hostalería	17.032	17.070	38	1,13
Información e comunicacións	2.718	2.827	109	0,69
Actividades financeiras e de seguros	4.571	4.581	10	1,05
Actividades inmobiliarias	8.352	8.885	533	0,76
Actividades profesionais, científicas e técnicas	19.639	19.501	-138	0,86
Actividades administrativas e servizos auxiliares	10.562	10.752	190	0,90
Educación	7.130	7.279	149	1,13
Actividades sanitarias e de servizos sociais	8.323	8.460	137	0,86
Actividades artísticas, recreativas e de entretenemento	6.636	7.028	392	1,10
Outros servizos	13.378	13.581	203	1,03

(1) datos a 1 de xaneiro

(2) Esta estatística considera como empresas as organizacións sometidas a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden

(3) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España); se é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada".

Fonte: INE, *DIRCE*


3.2.17.

dade), cun índice de 1,06 e 1,13 fronte ao 0,98 no caso dos servizos. Entre as distintas ramas de actividade, as de "fabricación doutro material de transporte" e "extracción de minerais metálicos" seguen a presentar a especialización relativa máis elevada, presentando un valor superior a dous puntos e medio (2,62 e 2,82, respectivamente). Asemade, o valor deste índice sitúase en torno a 1,65 no conxunto de actividades englobadas na fabricación de bebidas; na industria da madeira e da cortiza, agás mobles; e en outras industria extractivas.

- **Densidade empresarial**

A análise da estrutura e evolución do tecido empresarial compleméntase coa consideración da densidade empresarial, entendida esta como a relación entre o número de empresas activas por cada mil habitantes. Este indicador reflicte o nivel de empresarialidade ou implantación de empresas nun territorio.

A un de xaneiro de 2024 a densidade empresarial en Galicia sitúase en 68,6 empresas activas por cada mil habitantes, mesmo valor que no ano anterior. Como se aprecia no **gráfico 3.2.18.**, este valor non só é superior á media do España (67 sociedades activas) senón que se mantén como a cuarta Comunidade Autónoma con maior densidade tan só por detrás de Baleares (81,5 sociedades activas por cada mil habitantes), Cataluña (75,2



(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: INE, *DIRCE*

3.2.18.


empresas activas) e Madrid (73,3 empresas). No extremo oposto sitúanse Navarra e Estremadura, que presentan unha densidade empresarial de 60,3 sociedades por cada mil habitantes; Murcia, con 58,9 sociedades; e Castela-A Mancha, con 58,7 sociedades activas.

Aínda que os datos de 2023 e 2024 non son comparables cos anteriores, cómpre resaltar que dende o ano 2009 a densidade empresarial sitúase en Galicia por riba do rexistrado en España. Mentres que en períodos de crise o descenso deste indicador é máis acusado no conxunto do Estado que en Galicia, por mor do maior impacto da mesma, entre o un de xaneiro de 2023 e 2024 este indicador permanece constante en Galicia, aumentando lixeiramente no conxunto do Estado.

As catro provincias galegas presentan valores superiores á media española, sendo Lugo a que conta con maior número de empresas por cada mil habitantes, con 69,3 sociedades, por diante de Pontevedra, con 68,9 empresas. Ourense e A Coruña rexistran unha densidade empresarial inferior á do conxunto de Galicia, con 68,5 e 68,1 sociedades activas por cada mil habitantes. Comparado coa situación do ano anterior, o índice descende tanto en A Coruña como en maior medida en Lugo (-0,1 e -0,4 puntos, respectivamente), aumentando dúas décimas en Pontevedra e unha en Ourense.

Se se relacionan os datos da densidade empresarial co PIB per cápita, o **gráfico 3.2.19.** reflicte que entre as CC.AA. con maior nivel de renda tan só Madrid e Baleares presentan

Densidade empresarial e PIB per capita en España 2024



Fonte: INE

3.2.19.

unha densidade superior á media española. Pola contra, a meirande parte das Comunidades Autónomas cun nivel de renda inferior á media española presentan tamén unha densidade empresarial inferior, agás no caso de Galicia e a C. Valenciana, que se sitúan no cuadrante inferior dereito (menor PIB per cápita e maior densidade que a media española). ❑

3.3. Sector exterior

O crecemento da economía mundial reflíctese nunha medra do 2,9% do volume do comercio internacional de mercadorías "a pesar do recrudecemento dos conflitos rexionais e a crecente incerteza no relativo ás políticas" segundo indican as estimacións da Organización Mundial de Comercio (OMC) publicadas en abril de 2025. O comportamento foi desigual entre as distintas rexións; así, fronte a unha nova contracción interanual en Europa tanto no caso das importacións, cunha caída do 2,2%, como das exportacións, cun descenso do 1,7%; as exportacións de Asia crecen máis rápido que noutras rexións, cun 8%, por diante de América do Sur cun 6,2%. Doutra banda, as importacións medran un 15% no conxunto de países de Oriente Medio, por diante de América do Sur, cun 6,7%.

O cadro macroeconómico de Galicia indica que a economía galega medrou en 2024 un 2,8% en termos reais, caracterizándose polo seu crecemento equilibrado, cunha achega de 1,5 puntos da demanda externa fronte a 1,3 puntos no caso da demanda interna. En termos monetarios, o valor total das vendas galegas de bens e servizos ao conxunto do Estado e a terceiros países ascendeu a 43.866 millóns de euros e as importacións acadaron os 39.901,9 millóns, aumentando o saldo positivo da balanza comercial ata os 3.964,1 millóns. A taxa de cobertura, definida como o cociente entre o importe total das exportacións e importacións, ascendeu ata o 109,9%, máis de dous puntos e medio superior ao estimado no ano anterior (107,3%), en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada como o cociente entre a suma do valor das importacións e exportacións totais de bens e servizos e o PIB galego) descende ata o 102,7%, máis de tres puntos porcentuais inferior á do ano precedente (105,9%).

No que á actividade comercial con terceiros países se refire (suma de exportacións e importacións), tanto Galicia como España presentan en 2024 unha medra interanual do seu

importe total, sendo esta máis intensa na Comunidade Autónoma, cun incremento do 1,6% fronte ao 0,2% en España. Esta evolución ven explicada pola medra dun 3,1% das exportacións galegas, o que contrasta co descenso do 0,5% no caso das compras galegas ao exterior. No último ano as exportacións galegas a terceiros países ascenden a 31.019,9 millóns de euros, en tanto que as importacións acadan os 20.909,8 millóns de euros. Tras esta evolución, a balanza comercial galega aumenta considerablemente o seu saldo positivo ata os 10.110,1 millóns de euros, un 11,4% superior ao rexistrado no ano anterior, o que contrasta cun maior déficit comercial en España (40.275,9 millóns en 2024 fronte aos 39.625 do ano precedente). En relación ao conxunto do Estado, Galicia concentra o 8,1% das exportacións e o 4,9% das compras exteriores.

Pontevedra e A Coruña seguen a estar entre as provincias con maior volume de exportacións, acadando os 14.713,5 e 13.926,6 millóns de euros, respectivamente; o que as sitúa como a cuarta e sexta provincia española máis exportadoras. En termos relativos concentran o 4% e 3,6% do total das vendas españolas, respectivamente.

Por terceiro ano consecutivo redúcese a base exportadora da economía galega, de xeito que o número de empresas exportadoras se sitúa en 6.268 (6,7% menos que no ano anterior), o que supón o número máis reducido dende o ano 2014. Este descenso contrasta coa medra nun 4,6% do número de empresas exportadoras regulares -aquelas que venden produtos fóra de España nos últimos catro anos de xeito consecutivo. En 2024 hai en Galicia un total de 2.802 compañías que exportan regularmente (124 empresas máis), o que supón o 44,7% do total de empresas exportadoras, a porcentaxe máis elevada dende o inicio da crise de 2008.

Segundo os datos recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, o investimento bruto estranxeiro en Galicia en 2024 ascende a 546,9 millóns de euros, entre os que destaca o subsector de metalurxia, fabricación produtos de ferro e aceiro (CNAE 24), que concentra o 79,4% do total de investimento en Galicia, por diante das actividades englobadas en servizos técnicos, arquitectura e enxeñaría (CNAE 71), co 7,2%. Doutra banda, o investimento bruto galego no exterior ascende a 2.234,2 millóns no devandito período de tempo, nos que o subsector de actividades inmobiliarias (CNAE 68), con 2.767 millóns de euros, concentra o 85,6% do investimento total galego no exterior.

Comercio exterior con terceiros países

O volume de comercio internacional aumentou no conxunto do ano 2024 un 2,7% segundo reflicten as estimacións da Organización Mundial de Comercio (OMC), nivel similar ao crecemento do PIB mundial.

O devandito incremento do comercio mundial afecta de maneira desigual ás distintas áreas económicas. Dunha banda, Europa segue a ter unha influencia significativa no comercio mundial lastrando os resultados tanto no caso das exportacións como das importacións. No primeiro caso cómpre resaltar o impacto negativo dos produtos químicos e do sector do automóbil, mentres que entre as importacións, a maior contracción prodúcese na compra de maquinaria, en especial a China.

Asemade, Asia presenta unha recuperación significativa das súas exportacións (7,4% respecto ao ano anterior), fundamentalmente por mor do comportamento das principais economías manufactureiras (China, Singapur e Corea). As importacións de China presentan un crecemento moderado fronte ao dinamismo no caso de India e Vietnam.

Importacións e exportacións de Galicia e España 2023-24

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2023	2024	24/23	2023	2024	24/23	2023	2024	24/23
	(en millóns de euros)		*(%)*	*(en millóns de euros)*		*(%)*	*(en millóns de euros)*		
Galicia	**21.012,1**	**20.909,8**	**-0,5**	**30.089,7**	**31.019,9**	**3,1**	**9.077,6**	**10.110,1**	**1.032,5**
A Coruña	10.082,9	11.142,2	10,5	13.466,0	13.926,6	3,4	3.383,1	2.784,5	-598,6
Lugo	596,9	618,7	3,7	643,3	586,4	-8,8	46,4	-32,3	-78,7
Ourense	841,5	891,2	5,9	1.266,9	1.226,6	-3,2	425,4	335,4	-90,0
Pontevedra	9.490,8	8.257,7	-13,0	14.713,5	15.280,3	3,9	5.222,7	7.022,5	1.799,8
España	**423.723,4**	**424.740,7**	**0,2**	**384.098,4**	**384.464,9**	**0,1**	**-39.625,0**	**-40.275,9**	**-650,8**
Galicia/España *(%)*	5,0	4,9		7,8	8,1				

(consulta: 14-02-2025)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.1.

Importacións e exportacións 2024: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe	24/23	peso relativo	Galicia/ España	Importe	24/23	peso relativo	Galicia/ España
	(en millóns de euros)		*(%)*		*(en millóns de euros)*		*(%)*	
Total	**20.909,8**	**-0,5**	**100**	**4,9**	**31.019,9**	**3,1**	**100**	**8,1**
Alimentos	5.033,1	4,3	24,1	9,3	4.131,6	1,4	13,3	5,7
Enerxéticos	3.610,1	9,0	17,3	6,2	1.435,1	-12,1	4,6	5,8
Materias primas	559,1	5,5	2,7	4,5	906,2	0,3	2,9	10,5
Semimanufacturas	2.909,5	-3,6	13,9	3,0	3.863,2	1,9	12,5	3,9
Bens de equipamento	3.271,6	-11,7	15,6	3,4	4.837,3	-8,7	15,6	6,5
Sector Automóbil	1.326,7	-25,9	6,3	3,0	6.489,3	13,4	20,9	12,2
Bens de consumo duradeiro	301,6	-4,1	1,4	2,9	412,6	13,5	1,3	7,0
Manufacturas de consumo	3.869,9	10,9	18,5	8,2	8.210,9	4,3	26,5	24,1
Outras mercadorías	28,2	2,9	0,1	1,1	733,7	69,4	2,4	6,6

(consulta: 14-02-2025)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.2.

No que atinxe ao comportamento do comercio internacional en Galicia e España, a información recollida na base de datos ESTACOM reflicte unha medra interanual do 1,6% do valor total das súas relacións comerciais con terceiros países, porcentaxe que se sitúa case punto e medio por riba do estimado para o conxunto de España (0,2%). Este diferencial ven explicado polo maior incremento das exportacións en Galicia, que aumentan un 3,1% fronte ao 0,1% en España. Por contra, as importacións descenden en Galicia un 0,5% fronte á caída dun 0,2% no conxunto do Estado.

Tras esta evolución, o valor total das compras e vendas galegas no exterior ascende a 51.929,7 millóns de euros, 827,9 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 6,4% do total estatal (6,3% en 2023). O grado de apertura da economía galega a terceiros países descende ata o 63,7%, o que supón dous puntos e medio por baixo do estimado no ano precedente (66,2%).

O conxunto de actividades de manufacturas de consumo sitúase como o sector máis importante en termos monetarios, con 12.080,2 millóns de euros, por diante dos alimentos e das actividades de bens de equipamento, con 9.164,7 e 8.109 millóns, respectivamente. En conxunto, estes tres sectores concentran o 56,5% da actividade comercial galega, oito décimas inferior ao rexistrado no ano anterior (57,3%). Esta porcentaxe é moi superior ao peso dos mesmos sectores no conxunto do Estado que é do 46,8% (45,8% no ano anterior).

A actividade comercial incrementouse en todos os sectores agás no de bens de equipamento e, en moita menor medida, no de semimanufacturas tal e como reflicte o **cadro 3.3.2**. Dunha banda, a actividade comercial nos bens de manufacturas de consumo presenta unha medra interanual do 6,3%, o que supón 718,5 millóns de euros máis, fronte ao 4% no caso do sector do automóbil (303 millóns máis que no ano precedente), ou o sector de alimentos, cunha medra interanual do 3% (262,5 millóns de euros máis). Por contra, a actividade comercial no caso dos bens de equipamentos rexistra un descenso do 9,9% (894,3 millóns de euros menos), sendo esta porcentaxe do 0,5% no caso das semimanufacturas (34,8 millóns de euros menos).

No que respecta ao peso relativo das distintas actividades no conxunto do Estado, salienta o sector de manufacturas de consumo, que representan o 14,9% da actividade comercial exterior deste sector en España (14,4% no ano precedente), case sete puntos por riba do que representa a automoción, co 8% (7,6% en 2023); superando o sete por cento no caso dos alimentos (7,3% en 2024 e 7,4% en 2023).

Atendendo á súa distribución provincial, fronte á caída interanual experimentada nas catro provincias en 2023, a actividade comercial aumenta en 2024 na Coruña un 6,5% (-14,2% no ano precedente), sendo este incremento do 0,4% en Ourense (-0,3% en 2023). Fronte a este comportamento positivo, Lugo e Pontevedra presentan unha caída do 2,8% (-19,5% e -3,3% no ano anterior, respectivamente). Tras esta evolución, A Coruña sitúase como a provincia con maior valor da súa actividade comercial, con 25.068,8 millóns de euros, o que representa o 48,3% do total galego, 2,2 puntos por riba do rexistrado no ano precedente; concentrando Pontevedra o 45,3% da actividade comercial, o que equivale a 23.538 millóns de euros (47,4% en 2023). Ourense e Lugo acollen o 4,1% e 2,3% do total, o que supón 2.117,8 e 1.205,1 millóns de euros, respectivamente.

O devandito incremento das exportacións e o descenso das importacións a terceiros países explican que o saldo positivo da balanza comercial galega aumente un 11,4% respecto ao ano anterior. En 2024 o superávit comercial ascende en Galicia ata os 10.110,1 millóns de euros, 1.032,5 millóns máis que en 2023. Tras esta evolución, o saldo comercial representa o 12,4% do PIB fronte ao 11,8% do ano anterior.

Como reflicte o **cadro 3.3.1.**, o saldo comercial é positivo en todas as provincias galegas agás en Lugo, se ben tan só Pontevedra presenta un mellor saldo que no ano precedente. Dunha banda, tras a acusada medra das exportacións e a forte redución experimentada polas importacións, Pontevedra sitúase como a provincia co saldo comercial máis elevado, con 7.022,5 millóns de euros, un 34,5% superior ao rexistrado no ano anterior (1.799,8 millóns máis). Doutra banda, a redución do superávit na Coruña ven motivado por un incremento do 10,5% das importacións mentres que as vendas a terceiros países o fixeron un 3,4%. No último ano este saldo positivo sitúase en 2.784,5 millóns de euros, o que supón 598,6 millóns menos que no ano pre-

cedente. Lugo e Ourense presentan unha medra das importacións e unha caída interanual das exportacións, o que se traduce nun déficit comercial de 32,3 millóns en Lugo (presentaba un saldo positivo de 46,4 millóns en 2023) e un superavit en Ourense un 21,1% inferior ao do ano anterior (335,4 millóns de euros).

A acusada mellora da balanza comercial en Pontevedra ven motivado fundamentalmente polo comportamento do subsector de automóbiles e motos e do conxunto de actividades do sector de bens de equipamento. Dunha banda, o subsector de automóbiles e motos presenta un superávit de 5.044,2 millóns de euros, cando no ano anterior ascendía 3.904,2 millóns de euros; doutra banda, o superávit do sector de bens de equipamento ascende a 1.615,6 millóns de euros fronte aos 1.101,6 do ano precedente (186,1 millóns en 2021). Na provincia da Coruña cómpre salientar o superávit comercial do sector téxtil, que ascende a 3.940 millóns de euros, o que supón un 2,8% inferior ao rexistrado no ano anterior. Asemade, o déficit dos produtos enerxéticos aumenta ata os 2.449 millóns, o que supón unha medra do 15,9%.

Pontevedra e A Coruña mantense entre as provincias españolas con maior volume de exportacións no ano 2024. Tras unha medra do 3,9% Pontevedra mantense como a provincia galega máis exportadora, situándose como a cuarta provincia española en termos de valor, ocupando A Coruña o sexto posto entre as provincias españolas. Ambas as dúas provincias concentran no último ano o 4% e 3,6% das exportacións españolas, respectivamente (3,8% e 3,5% no ano anterior). A Coruña supera a Pontevedra como a provincia galega con maior volume de compras a terceiros países, situándose en 2024 como a novena e a décimo segunda provincia española en termos de valor de importacións (décima e undécima posición no ano anterior, respectivamente). O seu peso relativo no total español aumenta ata o 2,6% na Coruña reducíndose ata o 1,9% en Pontevedra (2,4% e 2,2% rexistrado en 2023).

• Importacións do exterior

Tras unha caída do 0,5%, o valor total das importacións galegas descende a 20.909,8 millóns de euros (102,3 millóns inferior ao rexistrado en 2023), situándose o seu peso sobre o valor total das importacións españolas no 4,9%, unha décima menos que no ano precedente (superaba o 6% nos anos 2019 e 2020). Esta caída interanual no valor das importacións ven motivada pola redución experimentada en Pontevedra, o que contrasta coa medra nas outras tres provincias. En concreto, influenciada fundamentalmente pola evolución negativa das compras do sector do automóbil (-28,2%; 473,5 millóns de euros menos) e de bens de equipo (-43,6%; 674,5 millóns) o valor total das importacións en Pontevedra redúcese un 13% respecto ao ano precedente (1.233,1 millóns). Por contra, na provincia da Coruña as compras a terceiros países aumentan un 10,5% (1.059,3 millóns máis) impulsada polo comportamento do sector téxtil (14,8%; 397,7 millóns) ou a pesca (24,3%; 200,7 millóns), entre outros. Asemade, as importacións medran un 5,9% en Ourense 849,7 millóns) e un 3,7% en Lugo (21,8 millóns de euros más).

Tras esta evolución, a provincia da Coruña mantense como a máis importante en termos de valor nominal das compras exteriores, acollendo o 53,3% das importacións galegas (11.142,2 millóns de euros), máis de cinco puntos superior ao rexistrado no ano anterior (48%). En 2024 Pontevedra acolle o 39,5% das importacións galegas (8.257,7 millóns), sendo esta porcentaxe do 45,2% no ano precedente.

Importacións 2023-24: distribución segundo principais capítulos TARIC e orixe

Nº	Cap.	Denominación	2023		2024		24/23	2024		
								Unión Europea	Francia	Portugal
			(en millóns de euros)	*(% / total)*	*(en millóns de euros)*	*(% / total)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*		
1	27	Combustibeis, aceites minerais	3.311,0	15,8	3.610,1	17,3	9,0	204,9	2,0	9,3
2	03	Peixes e crustáceos, moluscos	2.413,7	11,5	2.464,4	11,8	2,1	428,7	104,7	216,6
3	87	Vehículos automóbiles, tractores	2.284,7	10,9	1.785,0	8,5	-21,9	1.266,3	389,1	397,8
4	62	Aparellos e material eléctricos	1.240,7	5,9	1.357,4	6,5	9,4	181,9	2,7	145,6
5	85	Roupa e complementos de vestir, agás punto	1.789,6	8,5	1.213,4	5,8	-32,2	210,3	24,2	41,6
6	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	1.036,1	4,9	1.166,4	5,6	12,6	270,6	3,1	207,9
7	84	Fundición, ferro e aceiro	909,1	4,3	941,9	4,5	3,6	655,4	50,3	51,3
8	72	Máquinas e aparatos mecánicos	1.002,1	4,8	938,8	4,5	-6,3	708,6	197,1	328,9
9	16	Conservas de carne e peixe	792,6	3,8	877,4	4,2	10,7	132,8	2,8	98,5
10	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	603,4	2,9	638,2	3,1	5,8	307,4	58,6	74,5
Total dos principais capítulos			15.382,9	73,2	14.992,9	71,7	-2,5	4.366,9	834,6	1.572,0
Resto			5.629,1	26,8	5.916,9	28,3	5,1	3.049,6	341,3	1.149,7
Total			21.012,1	100	20.909,8	100	-0,5	7.416,5	1.175,9	2.721,7

(consulta: 18-02-2025)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.3.

Atendendo á distribución segundo sectores de actividade de actividade en Galicia, o **cadro 3.3.2.** reflicte que o sector de alimentos, tras unha medra interanual do 4,3% mantense como o sector máis importante en termos de valor, acadando os 5.033,1 millóns de euros, o que equivale ao 24,1% do total das importacións galegas, máis dun punto por riba do rexistrado no ano anterior (23%). En relación ao valor total das importacións do sector no conxunto de España, Galicia representa o 9,3% do total.

A continuación estaría o sector de manufacturas de consumo, que tras unha medra interanual do 10,9%, acada os 3.869,9 millóns de euros, o que representa o 18,5% do valor total das importacións galegas e o 8,2% das importacións españolas deste sector. Fronte a este incremento, as importacións de bens de equipamento redúcense un 11,7% respecto ao ano anterior, situándose como terceiro sector de actividade en importancia, cun valor de 3.271,6 millóns de euros, o que supón o 15,6% do total de importacións galegas e o 3,4% das importacións españolas deste sector de actividade. A maior caída das importacións rexístrase novamente no sector do automóbil, por mor da redución do 45,4% das compras exteriores de automóbiles e motos (descende un 4,3% as compras de compoñentes de automóbiles), acadando en 2024 os 1.326,7 millóns de euros, o que supón o 6,3% do total galego e o 3% das importacións españolas deste sector.

Atendendo á distribución segundo capítulo importador, **cadro 3.3.3.**, o capítulo "combustíbeis, aceites minerais" (27) mantense no último ano como o máis importante en termos de valor. As importacións destes produtos ascenden a 3.610,1 millóns de euros, un 9% máis que no ano precedente, o que supón o 17,3% das importacións galegas, punto e medio máis que no ano anterior (15,8%).

A continuación sitúase o capítulo correspondente a "peixes e crustáceos, moluscos" (03), con 2.464,4 millóns, un 2,1% máis que no ano precedente, o que representa o 11,8% das importacións de Galicia, tres décimas máis que en 2023. En terceiro lugar, tras unha caída in-

Importacións e exportacións 2023-24: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024
			(en millóns de euros)				*(%)*	
Total	**21.012,1**	**20.909,8**	**30.089,7**	**31.019,9**	**9.077,6**	**10.110,1**	**143,2**	**148,4**
Europa	**10.188,9**	**9.411,4**	**24.723,4**	**25.542,5**	**14.534,5**	**16.131,1**	**242,7**	**271,4**
Unión Europea	8.282,8	7.416,5	21.513,3	22.138,5	13.231	14.722	259,7	298,5
EFTA	206,7	149,9	297,9	240,6	91	91	144,1	160,5
Europa oriental	519,3	649,9	197,4	92,2	-322	-558	38,0	14,2
Resto Europa	1.180,1	1.195,1	2.714,8	3.071,2	1.535	1.876	230,0	257,0
África	**2.775,8**	**2.976,0**	**1.752,2**	**2.021,4**	**-1.023,5**	**-954,6**	**63,1**	**67,9**
Africa do norte	1.833,4	2.060,1	1.569,5	1.810,2	-264	-250	85,6	87,9
África central	31,1	21,4	13,3	17,3	-18	-4	42,7	80,9
África occidental	326,6	298,5	80,4	95,9	-246	-203	24,6	32,1
África oriental	11,5	17,4	5,0	7,3	-7	-10	43,4	41,8
África austral	573,1	578,6	84,0	90,7	-489	-488	14,7	15,7
América	**3.563,9**	**4.402,6**	**2.226,3**	**2.181,3**	**-1.337,6**	**-2.221,3**	**62,5**	**49,5**
América do norte	1.275,1	1.341,5	892,5	893,4	-383	-448	70,0	66,6
Illas do Caribe	5,0	11,4	161,9	105,3	157	94	3.242,2	924,8
América central	603,9	1.186,8	527,8	449,0	-76	-738	87,4	37,8
América do sur	1.679,9	1.863,0	644,1	733,7	-1.036	-1.129	38,3	39,4
Asia	**4.394,5**	**3.982,1**	**1.219,6**	**1.074,2**	**-3.174,9**	**-2.908,0**	**27,8**	**27,0**
Próximo Oriente	156,3	91,0	207,1	193,9	51	103	132,6	212,9
Península Arábiga	152,5	152,1	260,8	240,2	108	88	170,9	157,9
Asia central	3,6	0,6	22,1	16,1	19	16	611,8	2.726,5
Asia do sur	724,8	797,4	45,1	38,3	-680	-759	6,2	4,8
Lonxano oriente	2.802,6	2.330,5	557,1	490,7	-2.246	-1.840	19,9	21,1
Sudeste asiático	554,7	610,5	127,4	95,0	-427	-515	23,0	15,6
Oceanía	**87,9**	**137,4**	**44,6**	**77,8**	**-43,3**	**-59,6**	**50,7**	**56,6**

(consulta: 18-02-2025)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*


3.3.4.

teranual do 21,9% sitúase o capítulo de "vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87), con 1.785 millóns de euros, o que representa o 8,5% do valor total das importacións galegas (10,9% no ano precedente).

Os devanditos tres capítulos importadores acollen no seu conxunto o 37,6% do valor total das importacións galegas, medio punto menos que no ano anterior (38,1%). Como reflicte o devandito **cadro 3.3.3.**, entre os dez primeiros capítulos tan só tres presentan unha caída respecto ao importe do ano anterior, o devandito 87, o de aparellos e material eléctrico (85), cunha redución do 32,2%, e o de máquinas e aparatos mecánicos (72), que presenta unha caída interanual do 6,3%.

Segundo a área xeográfica e o país de orixe, as importacións galegas concéntranse en maior medida nos 27 países da Unión Europea a pesar da redución interanual do 10,5% (866,2 millóns menos). Os datos recollidos no **cadro 3.3.4.** amosan que o 35,5% do valor total das compras exteriores procede da UE-27 (7.416,5 millóns de euros), o que supón a porcentaxe máis reducida de toda a serie (39,4% no ano anterior e 52,2% en 2019). Portugal sitúase por segundo ano consecutivo como principal país de orixe das compras exteriores, ao concentrar o 13% do valor total (2.721,7 millóns de euros), porcentaxe tan só

Evolución do peso relativo das exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 2008-2024



(consulta: 18-02-2025)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.5.

superada en 2008, cun 13,7% (supón un 9,2% en 2019). A continuación situaríase China, que concentra o 9,8% das importacións galegas (2.042,1 millóns), dous puntos e medio menos que no ano precedente (4,9% en 2010). Cómpre resaltar que no último ano Francia descende ata o quinto posto en canto ao importe das compras exteriores, cun valor total de 1.175,9 millóns de euros, o que representa o 5,6% das importacións totais, a porcentaxe máis reducida dos últimos 25 anos (8,2% no ano precedente e o 26,7% en 2019).

Fóra da Unión Europea, cómpre salientar tanto o incremento das compras no conxunto dos países América Central, cunha medra interanual do 96,5% (582,9 millóns de euros máis), como en África do Norte, cun 12,4% (226,7 millóns de euros). Estas áreas comerciais concentran o 5,7% e o 9,9% das importacións galegas, respectivamente (2,9% e 8,7% en 2023). Este dinamismo contrasta co descenso nos países do lonxano oriente, cunha redución do 16,8% (472,1 millóns de euros menos), e que no último ano concentra o 11,1% das importacións galegas. A pesar do descenso interanual do 21,1% das importacións procedentes de China, esta sitúase como segundo país importador en canto ao seu importe se refire, ascendendo Estados Unidos e Marrocos ao terceiro e cuarto lugar ao concentrar o 6,2% e 6,1% das importacións, respectivamente.

- **Exportacións ao exterior**

O valor das exportacións de Galicia cara terceiros países aumenta un 3,1% en relación ao ano anterior, acadando os 31.019,9 millóns de euros. Tendo en conta o incremento do 0,1% rexistrado no conxunto do Estado, o seu peso relativo sobre o total estatal aumenta ata o 8,1%, tres décimas máis que no ano precedente.

Este incremento explícase polo crecemento experimentado en Pontevedra e A Coruña, ao contrario do que acontece en Lugo e Ourense. Tras unha medra interanual do 3,9%, as vendas a terceiros países das empresas de Pontevedra ascenden a 15.280,3 millóns de euros, 566,7 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 49,3% do valor total das exportacións galegas, catro décimas superior ao rexistrado no ano anterior. Na provincia da Coruña o valor das exportacións acada os

13.926,6 millóns de euros, o 44,9% do total galego (44,8% en 2023), o que supón unha medra interanual do 3,4% (460,6 millóns máis).

Por contra, a provincia de Lugo presenta un descenso do 8,8% respecto ao ano anterior, acadando as exportacións un importe de 586,4 millóns de euros; situándose esta porcentaxe no 3,2% no caso das exportacións das empresas de Ourense, que acadan os 1.226,6 millóns de euros. Estas dúas provincias concentran o 1,9% e 4% do valor total das exportacións galegas, respectivamente (2,1% e 4,2% no ano precedente).

O sector de manufacturas de consumo, tras unha medra do 4,3%, vende ao exterior produtos por valor de 8.210,9 millóns de euros, manténdose como o sector máis importante en termos de valor; superando ao do automóbil, con 6.489,3 millóns de euros, cifra un 13,4% superior á do ano anterior. Tras esta evolución, o sector de manufacturas de consumo concentra o 26,5% das exportacións totais galegas en 2024, **cadro 3.3.2.**, situándose no 20,9% no caso do automóbil.

No que respecta á importancia relativa das exportacións galegas no conxunto do Estado, o sector de manufacturas de consumo segue sendo o de maior peso, co 24,1% do total de exportacións, seguido polo sector do automóbil, cun 12,2%, e o de materias primas, co 10,5% do total estatal.

No **gráfico 3.3.5.** obsérvase a evolución das exportacións da industria do automóbil e do subsector téxtil-confección, manténdose este como o principal sector en 2024, co 23,3% do valor total das exportacións galegas, porcentaxe superior á que supón o automóbil, co 20,9%. Isto contrasta co acontecido nos anos 2020 e 2021, onde a automoción tiña unha maior importancia relativa.

O capítulo de "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87) segue sendo o máis importante se tomamos como referencia a desagregación por capítulo arancelario (TARIC) (**cadro 3.3.6.**), ao concentrar o 28,4% das exportacións galegas (28% no ano anterior), seguido pola actividade téxtil de "Prendas de vestir, non de punto" (62), que acolle o 11,4% das vendas (11,9% en 2023), e o de "Prendas de vestir, de punto" (61), que representa o 8,8%, cinco décimas máis que no ano anterior. Cómpre resaltar o significativo descenso experimentado polas actividades englobadas no capítulo "combustibles e aceites minerais" (27), cunha redución interanual do 12,1% (198,5 millóns de euros menos); o que contrasta coa medra do valor das exportacións do sector "códigos especiais da nomenclatura combinada" (99), cun incremento do 69,4% (300,6 millóns de euros); "Aluminio e manufacturas de aluminio" (76), cun incremento do 30,4% (212 millóns); e o devandito sector do téxtil (62), cunha medra interanual do 10,3% (255,6 millóns de euros máis).

En relación ao destino das exportacións galegas, cómpre resaltar a súa elevada concentración xeográfica. Dunha banda, a Unión Europea concentra o 71,4% das exportacións galegas (22.138,5 millóns de euros), unha décima menos que no ano anterior. Xunto a este destino, o 7% das vendas a terceiros países diríxense ao continente americano (2.181,3 millóns), un 6,5% a África (2.021,4 millóns) ou un 3,5% a Asia (1.074,2 millóns de euros). Doutra banda, os cinco primeiros destinos concentran o 53% das exportacións galegas en 2024, case medio punto inferior ao rexistrado no ano precedente (53,4%), e os dez primeiros países o 75% das exportacións galegas (73,7% en 2023).

Francia segue sendo o principal destino das vendas de Galicia, con 5.140,9 millóns de

Exportacións 2023-24: distribución segundo principais capítulos TARIC e destino

Nº	Cap.	Denominación	2023		2024		24/23	2024		
								Unión Europea	Francia	Portugal
			(en millóns de euros)	*(% / total)*	*(en millóns de euros)*	*(% / total)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*		
1	87	Vehículos automóbiles, tractores	8.411,2	28,0	8.818,6	28,4	4,8	5.281,1	2.199,0	418,9
2	62	Prendas de vestir, non de punto	3.594,2	11,9	3.543,5	11,4	-1,4	3.396,7	512,0	376,2
3	61	Prendas de vestir, de punto	2.485,2	8,3	2.740,9	8,8	10,3	2.614,2	390,3	297,4
4	3	Peixes, crustáceos, moluscos	1.811,5	6,0	1.812,0	5,8	0,0	1.461,9	147,3	399,7
5	27	Combustibles, aceites minerais	1.633,5	5,4	1.435,1	4,6	-12,1	1.135,0	387,8	334,8
6	84	Máquinas e aparellos mecánicos	1.175,0	3,9	1.218,2	3,9	3,7	868,5	109,6	143,2
7	16	Conservas de carne ou peixe	994,4	3,3	1.006,8	3,2	1,2	888,4	222,4	143,6
8	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	698,7	2,3	910,9	2,9	30,4	781,3	145,5	298,5
9	99	Códigos especiais da nomenclatura combinada	433,1	1,4	733,7	2,4	69,4	557,1	90,9	11,7
10	44	Madeira e as súas manufacturas	682,9	2,3	633,7	2,0	-7,2	394,0	55,8	229,3
Total dos principais capítulos			21.919,8	72,8	22.853,3	73,7	4,3	17.378,2	4.260,7	2.653,3
Resto			8.169,9	27,2	8.166,6	26,3	0,0	4.760,3	880,2	1.655,7
Total			30.089,7	100	31.019,9	100	3,1	22.138,5	5.140,9	4.309,0

(consulta: 18-02-2025)
Fonte: Ministerio Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.6.


Exportacións galegas 2019 e 2023-24: ránkings segundo países de destino

		2019		2023		2024		24/23
		(en millóns de euros)	*(%)*	*(en millóns de euros)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*	*(%)*	*(%)*
1	Francia	4.257,8	19,1	5.298,0	17,6	5.140,9	16,6	-3,0
2	Portugal	3.261,0	14,7	4.233,1	14,1	4.309,0	13,9	1,8
3	Italia	1.969,7	8,8	3.021,1	10,0	3.331,0	10,7	10,3
4	Alemaña	1.218,4	5,5	1.840,4	6,1	1.897,6	6,1	3,1
5	Polonia	795,8	3,6	1.686,3	5,6	1.768,7	5,7	4,9
6	Reino Unido	1.509,5	6,8	1.443,4	4,8	1.572,9	5,1	9,0
7	Turquía	328,3	1,5	1.177,8	3,9	1.394,2	4,5	18,4
8	Marrocos	745,7	3,4	1.268,2	4,2	1.335,2	4,3	5,3
9	Paises Baixos	1.108,1	5,0	978,9	3,3	1.254,7	4,0	28,2
10	Bélxica	746,7	3,4	1.224,0	4,1	1.253,8	4,0	2,4
11	Estados Unidos	581,6	2,6	799,6	2,7	801,5	2,6	0,2
12	Grecia	372,5	1,7	602,3	2,0	682,0	2,2	13,2
13	Rumanía	284,9	1,3	337,4	1,1	375,7	1,2	11,4
14	Arxelia	106,5	0,5	181,4	0,6	361,3	1,2	99,2
15	México	235,9	1,1	437,6	1,5	350,0	1,1	-20,0
16	Irlanda	205,6	0,9	324,0	1,1	309,6	1,0	-4,4
17	Chile	168,1	0,8	230,3	0,8	221,7	0,7	-3,7
18	China	252,4	1,1	233,2	0,8	217,4	0,7	-6,8
19	Croacia	132,0	0,6	179,7	0,6	197,5	0,6	9,9
20	UE sen determinar	113,6	0,5	259,6	0,9	186,2	0,6	-28,3
5 primeiros países		11.502,7	51,7	16.078,9	53,4	16.447,3	53,0	2,3
10 primeiros países		15.940,9	71,6	22.171,3	73,7	23.258,0	75,0	4,9
20 primeiros países		18.393,9	82,6	25.756,2	85,6	26.961,0	86,9	4,7
Total		22.258,1	100,0	30.089,7	100,0	31.019,9	100,0	3,1

(consulta: 18-02-2025)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.7.

Número de empresas exportadoras e exportadoras regulares en Galicia 2008-2024



Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX, Perfil de los exportadores españoles*

3.3.8.

euros (16,6% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países, fronte ao 17,6% do ano anterior), seguido por Portugal, con 4.309 millóns, o 13,9% do total de exportacións de Galicia, dúas décimas menos que en 2023. Comparado co ano anterior cómpre destacar o dinamismo das vendas a Italia, que tras unha medra do 10,3% mantense como o terceiro destino dos produtos galegos (3.331 millóns de euros; o 10,7% do total galego), así como o caso de Países Baixos, ao aumentar o valor das exportacións nun 28,2%, e Turquía, cunha medra do 18,4%. Estes dous últimos países concentran o 4,8% e 4,5% das exportacións galegas, respectivamente) (**cadro 3.3.7.**).

O principal capítulo exportador a Francia segue a ser o 87, "Vehículos automóbiles, tractores", que concentra o 42,8% do total do valor das exportacións cara ese país e o 24,9% das exportacións galegas de vehículos. No ano anterior estas porcentaxes ascendían ata o 41,9% e 26,4%, respectivamente. Este mesmo capítulo arancelario sitúase como o principal capítulo exportador no caso de Portugal, co 9,7% do total de exportacións a ese país (9,6% en 2023), e o 4,8% das exportacións galegas deses produtos (4,9% no ano precedente). O devandito incremento das exportacións en Italia ven explicado pola evolución dos produtos pertencentes ao capítulo 87, ao aumentar un 67,3% o seu valor en 2023, acadando os

Concentración de importadores regulares (por volume de exportación). Número de empresas e valor das exportacións

	2020		2021		2022		2023		2024	
	Empresas	Importe	Empresas	Importe	Empresas	Importe	Empresas	Importe	Empresas	Importe
		(en miles de euros)		*(en miles de euros)*		*(en miles de euros)*		*(en miles de euros)*		*(en miles de euros)*
Menos de 5.000 €	300	0,5	298	0,6	295	0,5	288	0,5	332	0,6
% / total empresas regulares	11,9%	0,0%	11,6%	0,0%	11,2%	0,0%	10,8%	0,0%	11,8%	0,0%
Entre 5.000€ e 24.999€	370	4,6	349	4,5	340	4,4	339	4,6	364	4,8
% / total empresas regulares	14,7%	0,0%	13,6%	0,0%	12,9%	0,0%	12,7%	0,0%	13,0%	0,0%
Entre 25.000€ e 44.900€	185	6,7	190	6,8	192	7,0	182	6,4	175	6,2
% / total empresas regulares	7,3%	0,0%	7,4%	0,0%	7,3%	0,0%	6,8%	0,0%	6,2%	0,0%
Entre 50.000€ e 499.999€	658	131,7	636	123,2	644	131,5	656	132,6	686	140,5
% / total empresas regulares	26,1%	0,6%	24,8%	0,5%	24,4%	0,5%	24,5%	0,5%	24,5%	0,5%
Entre 500.000€ e menos de 5	694	1.230,4	736	1.303,5	789	1.493,2	823	1.486,3	841	1.496,5
% / total empresas regulares	27,5%	6,1%	28,7%	5,6%	29,9%	5,4%	30,7%	6,0%	30,0%	5,9%
Entre 5 e menos de 50 millóns	263	3.778,5	297	4.127,6	308	4.546,0	315	4.448,5	331	4.639,3
% / total empresas regulares	10,4%	18,6%	11,6%	17,8%	11,7%	16,6%	11,8%	17,9%	11,8%	18,2%
Entre 50 e menos de 250 millóns	43	4.445,4	50	4.993,5	56	6.270,5	61	6.198,2	59	6.151,2
% / total empresas regulares	1,7%	21,9%	1,9%	21,5%	2,1%	22,9%	2,3%	24,9%	2,1%	24,1%
250 millóns ou máis	7	10.667,0	12	12.612,9	14	14.982,1	14	12.591,0	14	13.112,0
% / total empresas regulares	0,3%	52,6%	0,5%	54,4%	0,5%	54,6%	0,5%	50,6%	0,5%	51,3%

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX, Perfil de los exportadores españoles*

3.3.9.

835,5 millóns de euros (499,4 millóns no ano precedente).


- **Base exportadora**

O número de empresas galegas que venderon parte dos seus produtos fóra de España redúcese novamente en 2024, acadando as 6.268 empresas, o valor máis reducido dende o 2014, o que significa un descenso de 449 empresas respecto ao ano anterior (6,7% menos). Fronte ao devandito descenso cómpre resaltar o incremento das denominadas empresas exportadoras regulares, aquelas que venden produtos fóra de España nos últimos catro anos de xeito consecutivo. O número de empresas exportadoras regulares no ano 2024 ascende a 2.802, un 4,6% máis que no ano anterior (124 empresas máis), o que supón o 44,7% do total de empresas exportadoras, a porcentaxe máis elevada dende o inicio da crise económica de 2008. Dado o incremento do 3,6% no conxunto de España, o peso relativo das empresas regulares galegas no total estatal mantense no 5,1%, catro décimas máis do que supón o peso do conxunto de empresas exportadoras.

Centrándonos na análise das empresas exportadoras regulares, o que permite coñecer con maior realismo a evolución do tecido empresarial internacionalizado, o **cadro 3.3.8.** amosa a tendencia positiva da evolución do número de empresas exportadoras. Dende o comezo da crise orixinada pola pandemia do coronavirus, o número de empresas medra un 9,8% (251 empresas máis), o que supón case sete puntos por riba do rexistrado no conxunto do Estado (2,9%; 1.553 empresas máis entre os dous anos considerados).

Con todo, a pesar deste dinamismo, o valor total das súas exportacións medra un 18,4% o que supón máis de vinte puntos menos que o valor total das exportacións galegas (39,4%), o que contrasta co maior dinamismo no conxunto de España, onde o valor das exportacións das empresas regulares medra un 33,5% (32,2% no conxunto das empresas exportadoras españolas).

Porcentaxe acumulado de exportación en Galicia segundo número de exportadores (ordenados por volume de exportación) 2008-24



Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX, Perfil de los exportadores españoles*

3.3.10.

A provincia de Pontevedra é a que conta cun maior número de empresas que exportan con regularidade, acollendo en 2024 o 59,1% das empresas exportadoras regulares en Galicia (1.656 compañías) fronte ao 30,7% da Coruña (860 empresas), situándose estas porcentaxes no 58,1% e 27,4% no ano 2019, respectivamente. Por contra, as empresas con sede na Coruña concentran o 53,7% do valor das exportacións galegas regulares fronte ao 39,6% en Pontevedra (49,7% e 43,5% en 2019). Ourense e Lugo concentrarían no último ano o 10,2% e 7,1% das empresas exportadoras regulares galegas e o 4,5% e 2,2% da contía das exportacións.

No concernente á análise segundo tramos de facturación, no ano 2024 a maior proporción de sociedades que venden os seus produtos en terceiros países corresponde a aquelas que facturan entre medio millón e menos de cinco millóns, cun 30%; seguido das que facturan entre 50.000 euros e menos de 500.000 euros, que concentran o 24,5%. En conxunto, estas empresas representan o 54,5% das empresas exportadoras regulares e concentran tan só o 6,4% do importe das vendas ao exterior. En contraposición, as 14 empresas que en 2024 facturan máis de 250 millóns de euros representan tan só o 0,5% das empresas exportadoras regulares e concentran o 51,3% do valor total das exportacións deste tipo de compañías. Asemade, o 11,8% das empresas galegas exportadoras regulares fíxoo por un importe inferior a 5.000 euros.

A devandita concentración apréciase máis claramente no **cadro 3.3.10.** En 2024, as cinco primeiras empresas exportadoras concentran o 30,4% da exportación galega, ascendendo esta porcentaxe ata o 38,2% se se consideran as dez primeiras empresas, valores que se si-

Empresas galegas exportadoras regulares a terceiros países 2019-24: distribución segundo grandes sectores

	2019		2023		2024 (1)		24/23		G/E
		(%)		(%)		(%)		(%)	(%)
Sectores económicos (2)	2.551	100	2.678	100	2.802	100	124	4,6	5,1
Agroalimentarios	510	20,0	541	20,2	561	20,0	20	3,7	6,1
Bebidas	216	8,5	248	9,3	253	9,0	5	2,0	8,5
Bens de consumo	465	18,2	496	18,5	550	19,6	54	10,9	3,0
Produtos industriais e tecnoloxía	1.793	70,3	1.981	74,0	2.063	73,6	82	4,1	5,3

(1) datos 2024 son provisionais

(2) O número total de empresas é inferior á suma de empresas desagregadas porque unha mesma empresa pode exportar en varios sectores

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX, Perfil de los exportadores españoles*

3.3.11.

túan tan só no 9,8% e 14,5% no conxunto do Estado. A pesar desta elevada concentración, a súa importancia relativa descende de xeito significativo ao longo dos últimos catro anos, presentando en 2024 os segundos valores máis reducidos de toda a serie considerada tan só por diante dos rexistrado no ano anterior, de xeito que en 2008 as cinco primeiras empresas exportadoras concentraban o 47,9% das exportacións fronte ao 43,5% en 2019, e no caso das dez primeiras empresas, o 53,9% e 52,2%, respectivamente.

Atendendo á distribución segundo grandes sectores, os datos do ICEX sobre empresas regulares sinalan que o 73,6% das empresas que venden os seus produtos fóra de España de xeito regular pertencen ao sector de produtos industriais e tecnoloxía (2.063 empresas) fronte ao 20% do sector agroalimentario (561 empresas) e o 19,6% dos bens de consumo (550 empresas). En relación ao ano anterior cómpre salientar o incremento do 10,9% das empresas de bebidas (54 empresas máis), así como o de produtos industriais, con 82 empresas máis (4,1%), e o sector agroalimentario, con 20 empresas máis (3,7%). Comparado coa situación no ano 2019, os catro grandes sectores recollidos no **cadro 3.3.11.** presentan unha medra do número de empresas, destacando o sector de produtos industriais e tecnoloxías, con 270 empresas máis (15,1%) e o de bens de consumo, con 85 empresas máis (18,3%).

No que respecta ás medidas públicas de fomento da internacionalización das empresas galegas, o Plan Foexga ten entre os seus obxectivos acadar a internacionalización real das empresas galegas, propiciar a comercialización dos seus produtos no exterior así como difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade (**cadro 3.3.12.**).

No marco deste Plan, os datos correspondentes a 31 de decembro de 2024 reflicten que as distintas Cámaras de comercio de Galicia levaron a cabo ao longo do ano un total de 80 accións (69 misións comerciais e 11 participacións en feiras) desenvolvidas en 43 países e que se corresponden a máis de 274 empresas. A contribución da Xunta de Galicia ascende a un máximo de 1.550.486,71€ (liña subvencionada ao 71,96%). Segundo os datos facilitados polo IGAPE, o principal destino das accións desenvolvidas segue a ser Europa, seguida de Asia, América Central e América do Sur.

Atendendo á distribución das accións segundo Cámaras de comercio, a actividade no 2024 foi a seguinte:

Actuacións do Plan FOEXGA 2023-24 (1)

Área xeográfica

	2024		2023	
		(% /total)		*(% /total)*
Europa	29	45,3	29	40,3
Asia	14	21,9	16	22,2
África	2	3,1	9	12,5
América do Sur	7	10,9	5	6,9
América do Norte	3	4,7	3	4,2
Centroamérica	6	9,4	6	8,3
Illas do Caribe	3	4,7	2	2,8
Oceanía (Pacífico)	-	-	2	2,8
Total países	**64**	**100**	**72**	**100**

Actividades por cámara de comercio

	2024		2023	
	Accións	**Participantes**	**Accións**	**Participantes**
A Coruña	27	93	27	147
Pontevedra,Vigo e Vilagarcía	42	146	36	169
Santiago de Compostela	11	30	8	28
Tui	2	5	2	17
Total	**82**	**274**	**73**	**361**

Accións por tipo

	2024		2023	
	Misións comerciais	**Particip. en feiras**	**Misións comerciais**	**Particip. en feiras**
A Coruña	23	3	22	5
Pontevedra,Vigo e Vilagarcía	39	4	32	4
Santiago de Compostela	8	3	7	1
Tui	1	1	1	1
Total	**71**	**11**	**62**	**11**

(1) A liña está en proceso de liquidación. Os nomes, número de empresas participantes finais así como distribucion sectorial e contribución Xunta exacta non se coñece ata finalizar este proceso.
Fonte: IGAPE

3.3.12.

• A Coruña: 24 accións organizadas, das que 21 corresponden a misións comerciais e as 3 restantes a participacións en feiras vinculadas ao sector do téxtil e a moda, ao sector agroalimentario e ao sector da construción.
• Pontevedra, Vigo e Vilagarcía: organizáronse un total de 43 accións das que 39 corresponden a misións comerciais e 4 a participacións en feiras internacionais nos ámbitos químico/plástico; pesca; defensa e seguridade; e emprendemento tecnolóxico.
• Santiago de Compostela: 11 accións organizadas (8 misións comerciais e 3 participacións en feiras internacionais, dúas pertencentes ao ámbito biotecnolóxico e unha á construción.
• Tui: dúas accións organizadas, unha misión comercial, e unha participación nunha exposición ou feira internacional correspondente ao sector da pedra natural.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

A información que proporciona o Rexistro de Investimentos Exteriores permite analizar o investimento galego no exterior e estranxeiro

Investimento estranxeiro bruto (1) en Galicia e España 2024: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
Total subsectores	**546.907,6**	**100**	**41.530.680,0**	**100**	**1,3**
24 Metalurxia, fabricación de produtos de ferro e aceiro	434.204,9	79,4	775.252,4	1,9	56,0
71 Servizos técnicos arquitectura e enxeñaría	39.353,0	7,2	1.933.623,1	4,7	2,0
62 Programación, consultoría, outras actividades relacionadas	22.293,7	4,1	1.187.541,7	2,9	1,9
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipos	14.893,8	2,7	119.967,9	0,3	12,4
64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensión	12.000,0	2,2	2.235.278,6	5,4	0,5
65 Seguros, reaseguros, fondos pensión agás Seg. Social	11.000,0	2,0	464.112,8	1,1	2,4
35 Subministros de enerxía eléctricas, gas vapor e aire	3.300,0	0,6	6.196.005,3	14,9	0,1
32 Outras industrias manufactureiras	2.000,0	0,4	135.768,1	0,3	1,5
03 Pesca e acuicultura	1.850,1	0,3	33.812,0	0,1	5,5
68 Actividades inmobiliarias	1.475,5	0,3	2.230.518,4	5,4	0,1
77 Actividades de aluguer	1.009,1	0,2	235.009,2	0,6	0,4
46 Comercio maiorista e interm. Comercio, agás vehículos motor	909,4	0,2	1.760.641,4	4,2	0,1
58 Edición	547,8	0,1	49.094,5	0,1	1,1
10 Industria da alimentación	500,3	0,1	1.739.927,4	4,2	0,0
11 Fabricación de bebidas	458,4	0,1	229.111,8	0,6	0,2
47 Comercio polo miudo, agás vehículos motor	412,7	0,1	223.822,0	0,5	0,2
41 Construcción de edificios	327,1	0,1	1.296.777,2	3,1	0,0
43 Actividades de construcción especializadas	156,0	0,0	201.634,9	0,5	0,1
55 Servizos de aloxamento	128,5	0,0	1.273.531,9	3,1	0,0
Outros	87,3	0,0	19.209.249,4	46,3	0,0

(consulta: 7-7-2025)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *Datainvex*

3.3.13.

en Galicia. Fan referencia exclusivamente ao investimento bruto estranxeiro en Galicia que recolle as operacións de non residentes que supoñan:

– Participación en sociedades galegas non cotizadas.
– Participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas.
– Constitución ou ampliación de dotación de sucursais de empresas estranxeiras.
– Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,25 €.

O investimento bruto estranxeiro en Galicia aumentou en 2024 ata os 546,9 millóns de euros, o que supón un 29,º% máis que o investido no ano anterior (423,6 millóns). Esta medra interanual contrasta co incremento de tan só un 0,9% rexistrada no conxunto de España, de xeito que aumenta o seu peso relativo no total estatal ata o 1,4%, tres décimas superior ao do ano precedente. A Comunidade de Madrid concentra o 62,2% do investimento fronte ao 12,6% de Cataluña.

O principal país investidor en Galicia no último ano foi Países Baixos, cun total investido de 436,4 millóns de euros –case na súa totalidade no sector de metalurxia, fabricación produtos de ferro e aceiro (CNAE 24)–, o que supón o 79,8% do total investido na Comunidade Autónoma, seguido por Estados Unidos, con 46,9 millóns de euros (8,6%), e Suíza, con 13 millóns de euros (2,4%).

Investimento bruto (1) de Galicia e España no exterior 2024: distribución segundo actividade económica

		Galicia		España		Galicia / España
		(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
Total		**3.234.156,7**	**100**	**38.405.521,9**	**100**	**8,4**
68	**Actividades inmobiliarias**	2.767.014,0	85,6	3.027.326,7	7,9	91,4
64	**Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensión**	327.235,6	10,1	3.734.397,3	9,7	8,8
46	**Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor**	42.540,0	1,3	3.129.859,5	8,1	1,4
03	**Pesca e acuicultura**	34.732,3	1,1	46.429,9	0,1	74,8
35	**Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire**	29.976,5	0,9	9.011.024,9	23,5	0,3
41	**Construcción edificios**	19.319,6	0,6	369.689,4	1,0	5,2
10	**Industria da alimentación**	6.200,0	0,2	561.931,4	1,5	1,1
29	**Fabricación de vehículos a motor, remolques**	3.000,0	0,1	1.862.836,0	4,9	0,2
43	**Actiidades de construcción especializada**	1.552,9	0,0	266.781,3	0,7	0,6
70	**Act. Sedes centrais; Activ. Consultoría e xestión**	1.000,6	0,0	65.676,1	0,2	1,5
55	**Servizos de aloxamento**	396,0	0,0	372.291,9	1,0	0,1
52	**Almacenamento e actividades anexas ao transporte**	374,0	0,0	1.746.649,3	4,5	0,0
42	**Enxeñería civil**	338,9	0,0	296.618,8	0,8	0,1
72	**Investigación e desenvolvemento**	287,4	0,0	5.374,5	0,0	5,3
56	**Servizos de comidas e bebidas**	175,8	0,0	23.079,2	0,1	0,8
	Outros	13,0	0,0	13.885.555,8	36,2	0,0

(consulta: 7-7-2025)
(1) Operacións ETVE e non ETVE
Fonte:Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *Datainvex*

3.3.14.

Tal como se observa no **cadro 3.3.13.**, dende un punto de vista sectorial destaca o devandito subsector de metalurxia, fabricación de produtos de ferro e aceiro (CNAE 24), que concentra o 79,4% do total de investimento en Galicia, por diante das actividades englobadas en servizos técnicos, arquitectura e enxeñaría (CNAE 71), co 7,2%. Atendendo ao seu peso relativo no total estatal destacan as devanditas actividades metalúrxicas, que acolle o 56% do total estatal; e a reparación e instalación de maquinaria e equipos (CNAE 33), que concentra o 12,4% do total.

No que respecta ao investimento bruto de Galicia no estranxeiro, **cadro 3.3.14.**, no último ano ascende a 3.234,2 millóns de euros (1.556,6 millóns no ano precedente), o que sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid, Cataluña e País Vasco. Tras este acusado incremento, o seu peso relativo no total estatal situouse no 8,9%, case tres puntos máis que no ano precedente (6,1%).

O 77,7% do investimento galego no estranxeiro diríxese no último ano cara Luxemburgo, cun total de 2.512,7,2 millóns de euros; seguido por Portugal, que concentra o 10,2% (330 millóns); e Estados Unidos, que supón o 4,2% (136,4 millóns de euros).

O sector máis importante en termos da contía do investimento no exterior é o subsector de actividades inmobiliarias (CNAE 68), con 2.767 millóns de euros, o 85,6% do investimento total galego (o 91,4% do investido por España neste sector). A continuación situaríase a os servizos financeiros agás seguros e fondos de pensión (CNAE 64), con 327,2 millóns de euros, que representa o 10,1% do investimento no estranxeiro de Galicia, así como

case o 9% do total investido por esta actividade no estranxeiro no conxunto do Estado (8,8%). A pesca, con 34,7 millóns, o que supón o 1,6% do investido por Galicia e case as tres cuartas partes da totalidade do investido no estranxeiro polo sector no conxunto de España (74,8%).. ❑